

# As bonificacións e reducións nas cotizacións á Seguridade Social como mecanismos de creación de emprego

Las bonificaciones y reducciones en las cotizaciones a la Seguridad Social como mecanismos de creación de empleo

Bonus and reductions in Social Security quotas as mechanisms for job creation



EVA LÓPEZ TERRADA

Profesora titular de Dereito do Traballo e da Seguridade Social  
Universitat de València (Comunidad Valenciana, España)  
eva.lopez-terrada@uv.es

Recibido: 19/01/2015 | Aceptado: 21/01/2016

Regap



ESTUDIOS

**Resumo:** *Malia a súa demostrada ineficacia e ineficiencia como mecanismos de creación de emprego cando se formulan de xeito xeral ou a grande escala, segue recorrendose ás bonificacións e reducións nas cotas á Seguridade Social como sistema de choque para loitar contra o desemprego. Fronte a esta situación, que analiza este estudo, parece sensato propor unha reasignación dos recursos empregados nelas noutras iniciativas no ámbito das políticas activas de emprego. Esta solución presenta, non obstante, dificultades de execución e non debe ocultar que a virtualidade dos incentivos económicos á contratación como mecanismos de creación de emprego existe, pero reside na súa capacidade para canalizar o emprego cara a colectivos moi determinados.*

**Palabras clave:** *bonificacións e reducións nas cotas á Seguridade Social, política de fomento do emprego, contratos de traballo, desemprego, incentivos económicos.*

**Resumen:** *Pese a su demostrada ineficacia e ineficiencia como mecanismos de creación de empleo cuando se plantean de manera general o a gran escala, sigue recurriéndose a las bonificaciones y reducciones en las cuotas a la Seguridad Social como sistema de choque para luchar contra el desempleo. Frente a esta situación, que analiza el presente estudio, parece sensato proponer una reasignación de los recursos empleados en ellas en otras iniciativas en el ámbito de las políticas activas de empleo. Esta solución presenta, sin embargo, dificultades de ejecución y no debe ocultar que la virtualidad de los incentivos económicos a la contratación como mecanismos de creación de empleo existe, pero reside en su capacidad para canalizar el empleo hacia colectivos muy determinados.*

**Palabras clave:** *bonificaciones y reducciones en las cuotas a la Seguridad Social, política de fomento del empleo, contratos de trabajo, desempleo, incentivos económicos.*

**Abstract:** *Despite its demonstrated ineffectiveness and inefficiency as job creation mechanisms when they arise in a general way or large-scale, follows resorting to subsidies and reductions in contributions to Social Security as a system of shock to combat unemployment. Faced with this situation, which analyzes the present study, it seems sensible to propose a reallocation of the resources employed in them in other initiatives in the field of active employment poli-*

*cies. This solution, however, presents difficulties of execution and should not obscure that the virtuality of economic incentives to hiring and job creation mechanisms exists, but lies in its ability to focus or channel toward collective employment very certain.*

**Key words:** *increases and reductions in social contributions, employment promotion policy, employment contracts, unemployment, economic incentives.*

**Sumario:** *1 Introducción. 2 O panorama actual: mantemento e proliferación das bonificacións e reducións nas cotas á Seguridade Social. 3 A política de incentivos á contratación de traballadores en España. 3.1 A primeira etapa: o fomento do emprego temporal. 3.2 A segunda etapa: a xeneralización do fomento do emprego indefinido mediante bonificacións das cotizacións sociais. 3.2.1 A multiplicación dos colectivos bonificados. 3.2.2 A avaliación dos programas de incentivos á contratación. 3.2.3 O frustrado intento racionalizador da reforma de 2006. 3.3 A terceira etapa: as bonificacións e reducións de cotas durante a crise. 3.3.1 As repercusións da avaliación na reforma de 2010: a definición selectiva de colectivos. 3.3.2 O apoio ao emprendedor tras a reforma de 2012. 4 Os novos incentivos á contratación: a urxente necesidade de crear emprego. 4.1 Os estímulo á contratación de mozos: as leis 11/2013 e 18/2014. 4.1.1 Os incentivos á contratación a tempo parcial con vinculación formativa. 4.1.2 A redución da cotización á Seguridade Social pola contratación indefinida de mozos a través de microempresas e autónomos. 4.1.3 Os incentivos do contrato “xeracións”. 4.1.4 O contrato “primeiro emprego” xove e os incentivos á súa transformación en indefinido. 4.1.5 Incentivos ao contrato en prácticas para o primeiro emprego. 4.1.6 Incentivos á incorporación de mozos a entidades da economía social. 4.1.7 Bonificacións por contratacións indefinidas de persoas beneficiarias do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil: a Tarifa Xove. 4.2 Os novos estímulo á contratación indefinida. 4.2.1 A tarifa plana reducida para novas contratacións indefinidas. 4.2.2 O mínimo exento pola contratación indefinida de traballadores. 5 Conclusións: reflexións sobre o mantemento dos incentivos á contratación. 6 Bibliografía.*

## 1 Introducción

Coñecer a “foto fixa” dos incentivos á contratación vixentes nunha data determinada constitúe un labor que, ademais de resultar de escasa utilidade, dado o cambiante da materia, achega pouca información para argumentar arredor da súa supervivencia ou, se é o caso, arredor das liñas que debería seguir a súa posible reforma, racionalización ou simplificación.

Da necesidade desta tarefa están a deixar constancia, non obstante, diversas normas de recente aparición. Así, a disposición derradeira oitava do Real decreto lei 16/2013 e o artigo 121 da Lei 18/2014 entendían que debe levarse a cabo unha reordenación normativa dos incentivos a prol da seguridade xurídica; e, máis recentemente, na disposición adicional sétima da Lei 30/2015, do 9 de setembro, o Goberno comprometéase a desenvolver “unha análise do conxunto de bonificacións á contratación e reducións nas cotizacións á Seguridade Social en vigor en todos os ámbitos territoriais que deberá presentar antes do 31 de maio de 2016. A dita análise avaliará a eficacia das medidas de apoio á contratación en vigor para o cumprimento dos seus obxectivos e o seu impacto orzamentario, e valorará a conveniencia de manter os incentivos ou de destinar eses recursos a outras iniciativas no ámbito das políticas activas de emprego”.

Mentres esta nova avaliación se materializa, este traballo trata de botar algunha luz ao respecto. Para iso, efectúa un estudo dos motivos que conduciron ao actual cuestionamento xeneralizado dos incentivos á contratación, prestando especial atención aos resultados das avaliacións xa efectuadas e aos efectos que poden ter as últimas medidas adoptadas neste terreo.

## 2 O panorama actual: mantemento e proliferación das bonificacións e reducións nas cotas á Seguridade Social

Nos últimos anos asistíuse, como xa se tivo oportunidade de analizar, a unha verdadeira perpetuación dalgunhas das tendencias máis cuestionadas no noso país en materia de políticas activas de emprego: por un lado, polo que respecta ao fomento da contratación laboral a través de políticas de flexibilización do mercado de traballo, recorreuse de novo ao estímulo da flexibilidade de entrada; por outro lado, no ámbito da política de fomento do emprego, subliñouse o carácter prioritario das medidas consistentes no establecemento de incentivos económico-financeiros á creación de emprego e, dentro delas, das bonificacións ou reducións das cotas á Seguridade Social<sup>1</sup>.

É certo que a ineficacia e ineficiencia dos incentivos económicos á contratación como mecanismos de creación de emprego cando se formulan de xeito xeral ou a grande escala está, como se plasma ao longo deste estudo, sobradamente demostrada. No entanto, segue recorréndose ás bonificacións e reducións nas cotas á Seguridade Social como sistema de choque para loitar contra o desemprego.

En efecto, ás medidas aprobadas pola reforma de 2012, pola Lei 11/2013, do 16 de xullo, ou polo Real decreto lei 16/2013, do 20 de decembro, sumáronse outras que, aínda que parten da fin do ciclo de destrución de emprego iniciado en 2008, seguen tratando de impulsar de xeito urxente o crecemento do emprego previsto –e, en especial, do emprego indefinido e o xuvenil– a través do recoñecemento de incentivos á contratación. Así, como máis adiante se analiza, o Real decreto lei 3/2014, do 28 de febreiro, estableceu unha tarifa plana reducida das cotizacións sociais por contingencias comúns para todas as contratacións indefinidas se manteñen o emprego neto durante polo menos tres anos; a Lei 18/2014, do 15 de outubro, introduciu novos incentivos á contratación de persoas beneficiarias do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil; e a Lei 25/2015, do 18 de xullo, aprobou un mínimo exento de cotización á Seguridade Social para favorecer a creación de emprego indefinido.

Non son estas, porén, as únicas medidas aprobadas ao respecto. Tamén se prolongaron algúns incentivos anteriores e creáronse outros novos que non responden á comentada finalidade de incrementar o crecemento do emprego indefinido e/ou xuvenil. Entre os que continúan cabería mencionar dous: primeiro, a prórroga ata o 31 de decembro de 2016 da bonificación do 50 % das cotas empresariais á Seguridade Social por contingencias comúns, así como polos conceptos de recadación conxunta de Desemprego, FOGASA e Formación Profesional, para as empresas, excluídas as pertencentes ao sector público, dos sectores de turismo, comercio vinculado ao turismo e hostalaría que inicien e/ou manteñan en alta durante os meses de febreiro, marzo e novembro a ocupación dos traballadores con contratos de carácter fixo discontinuo (DA 89<sup>a</sup> da LOXE para 2016); e, segundo, a incorporación ao novo texto refundido do ET (DA 21<sup>a</sup>) da redución nas cotizacións empresariais á Seguridade Social por contingencias comúns por realizar contratos de interinidade con beneficiarios de prestacións por desemprego, de nivel contributivo ou asistencial, que leven máis dun ano

1 Este estudo constitúe unha continuación dos realizados nos anos 2013 e 2014 no marco do Proxecto de Investigación do Ministerio de Economía e Competitividade DER 2012-36783 “La protección por desempleo en los umbrales del siglo XXI: logros, insuficiencias y propuestas alternativas”: “Crisis económica y medidas de fomento a la contratación: los “estímulos” del RDL 4/2013”, *Revista Española de Derecho del Trabajo*, n.º 160, 2013, pp. 127-152; e “El reconocimiento de incentivos a la contratación como mecanismo de estímulo a la creación de empleo”, Roqueta Buj, R. (dir.), *Crisis económica y medidas ante el desempleo*, Valencia, 2015, pp. 171-211.

como perceptores, para substituír traballadores que estean na situación de excedencia por coidado de fillo ou familiar do artigo 46.3 do ET. Entre os novos podería facerse referencia tamén a dous supostos: as bonificacións por contratación temporal ou indefinida de vítimas de trata de seres humanos (novo apartado 4 ter do artigo 2 da Lei 43/2006, do 29 de decembro, introducido pola disposición derradeira 8ª da Lei 26/2015, do 28 de xullo); e a bonificación a traballadores autónomos por conciliación da vida profesional e familiar vinculada á contratación recoñecida no artigo 9 da Lei 25/2015.

Posto que todas estas medidas se engaden ao elevado número de incentivos xa existente, é doado imaxinar que o actual panorama de bonificacións e reducións segue caracterizándose por unha intensa complexidade e inseguridade xurídica derivadas tanto do elevado número de normas aplicables nesta materia como das súas constantes modificacións. De feito, a consulta das vixentes<sup>2</sup> permite comprobar que se incentiva a contratación indefinida inicial en múltiples supostos (contrato de emprendedores, tarifa plana, nova exención á cotización, beneficiarios do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, excluídos sociais, vítimas de violencia doméstica, de xénero, de terrorismo, de trata de seres humanos, persoas con discapacidade, etc.); a transformación en indefinidos de contratos temporais; os contratos temporais de certos colectivos (excluídos sociais, vítimas de violencia de xénero ou doméstica, do terrorismo, de trata de seres humanos); os contratos de interinidade para determinadas substitucións (por descanso por maternidade, embarazo, lactación, etc., excedencia por coidado de familiar, violencia de xénero, persoas con discapacidade que substitúan outras persoas con discapacidade en situación de IT, etc.); os contratos formativos; o mantemento da contratación (de traballadores de 65 anos, en situación de regulación temporal de emprego, dos substituídos en situación de descanso por maternidade, paternidade e riscos, de fixos discontinuos...); ou a contratación de traballadores en determinadas actividades ou ámbitos xeográficos.

Á vista de todo iso, non resulta estraño que as axudas que incentivan a contratación de determinados grupos sigan constituíndo en España a principal política activa do mercado de traballo en termos de gasto, ocupando en 2014 case un terzo dos recursos destinados a políticas activas, mentres que na media da Unión Europea non alcanzan o 20 %<sup>3</sup>. Xa se detectara a este respecto que, ben que son os países nórdicos como Dinamarca, Suecia ou Noruega os que presentan unha maior porcentaxe do PIB destinada ás políticas activas do mercado de traballo, así como un maior gasto por traballador, son os países do leste e sur de Europa os que maior porcentaxe de gasto en políticas activas do mercado de traballo dedican a subvencionar ou bonificar a contratación de traballadores e, paralelamente, os que menor gasto realizan en programas de formación para os traballadores<sup>4</sup>.

---

2 [https://www.sepe.es/contenidos/que\\_es\\_el\\_sepe/publicaciones/pdf/pdf\\_empleo/bonificaciones\\_reducciones.pdf](https://www.sepe.es/contenidos/que_es_el_sepe/publicaciones/pdf/pdf_empleo/bonificaciones_reducciones.pdf)

3 CES, *Economía, Trabajo y Sociedad. Memoria sobre la situación socioeconómica y laboral. España 2014*, Consello Económico e Social, Madrid, 2015, pp. 312 e ss. As cifras anteriores poden consultarse en CUETO IGLESIAS, B., "Las ayudas a la contratación indefinida en España", *Revista de Economía Laboral*, n.º 3, 2006, p. 88.

4 AEVAL, *La política de bonificación y reducción de cuotas de la Seguridad Social*, 1ª ed., Ministerio da Presidencia, Madrid, 2009, pp. 22-24.

## 3 A política de incentivos á contratación de traballadores en España

Como se adiantou, non é posible argumentar acerca da supervivencia do actual panorama de incentivos á contratación de determinados grupos de traballadores sen coñecer a evolución sufrida na materia ata a entrada en vigor das últimas reformas.

### 3.1 A primeira etapa: o fomento do emprego temporal

Nunha primeira etapa –que remata coa reforma laboral de 1997<sup>5</sup>– os instrumentos de fomento do emprego presentaban unha importancia menor, pois aparecían supeditados ás grandes reformas substantivas, e carecían dunha determinación clara á hora de apoiar o emprego indefinido. Iso resulta especialmente salientable nos momentos finais desta etapa, cando xa se percibía como un problema a excesiva taxa de temporalidade á que conducira o uso do contrato temporal non causal de fomento do emprego introducido pola reforma de 1984<sup>6</sup>. Efectivamente, a necesidade de loitar contra os altos índices de temporalidade reflectíase expresamente nas reformas de 1992<sup>7</sup>, que contiñan un programa de fomento do emprego indefinido dirixido a parados de longa duración (mozos, maiores de 45 anos, e mulleres en profesións e oficios en que se atopasen subrepresentadas) e que, por primeira vez, subvencionaban a transformación de contratos en prácticas ou para a formación en contratos indefinidos. Non obstante, a contratación temporal non causal permaneceu ata a súa derogación por parte da Lei 11/1994, do 19 de maio, e, aínda así, a Lei 10/1994, da mesma data, que inaugurou a elaboración de programas de fomento do emprego de carácter anual, permitiu a prórroga durante dezaoto meses dos contratos temporais de fomento do emprego cuxa duración máxima de tres anos expirase entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 1994.

### 3.2 A segunda etapa: a xeneralización do fomento do emprego indefinido mediante bonificacións das cotizacións sociais

#### 3.2.1 A multiplicación dos colectivos bonificados

Na segunda etapa, que abrangue do ano 1997 ao ano 2010, o apoio ao emprego indefinido resultou moito máis contundente.

Como é de sobra coñecido, coa sinatura o 28 de abril do Acordo Interprofesional sobre a Estabilidade no Emprego, cuxo contido foi asumido en boa medida polo Goberno, quedou constancia, por primeira vez, de que os axentes sociais máis representativos coincidían na denuncia dos excesos da contratación temporal e na procura dunha estratexia concertada para combatela. Parte desa estratexia foi a creación dun novo tipo de contrato indefinido dirixido a colectivos específicos singularmente afectados polo desemprego e a inestabilidade

5 CUETO IGLESIAS, B., “Las ayudas a la contratación indefinida en España”, *cit.*, pp. 89-90; PÉREZ DEL PRADO, D., *Los instrumentos económicos de fomento del empleo*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2011, pp. 47-51.

6 *Cfr.* Lei 32/1984, do 2 de agosto.

7 Real decreto lei 1/1992, do 3 de abril, logo Lei 22/1992, do 30 de xullo.

laboral, que se caracterizaba por estar dotado dun réxime indemnizatorio reducido –trinta e tres días de salario por ano de servizo, rateándose por meses os períodos de tempo inferiores a un ano e ata un máximo de vinte e catro mensualidades– nos casos de despedimento obxectivo declarado improcedente. Aínda que, en principio, o contrato se configurou como unha medida de carácter provisional, xa que se falaba dos catro anos seguintes á entrada en vigor do Real decreto lei 8/1997, do 16 de maio, as reformas de 2001, 2006, 2010 e 2011 fórono perpetuando mediante a apertura sucesiva de novos prazos de conversión de contratos temporais en contratos de fomento da contratación indefinida e mediante a práctica xeneralización dos colectivos de traballadores desempregados susceptibles de seren contratados baixo esta modalidade contractual.

A outra parte da estratexia concertada para combater a temporalidade consistiu en incentivar a contratación indefinida, tanto ordinaria ou tradicional como de fomento, dos colectivos cos que podía realizarse o novo contrato de fomento da contratación indefinida (desempregados mozos entre dezaioito e vinte e nove anos; os parados de longa duración, inscritos máis dun ano como demandantes de emprego; os maiores de corenta e cinco anos; e os discapacitados). Ademais, a estratexia utilizada implicaba a bonificación da transformación de calquera contrato de duración determinada ou temporal en contratos de duración indefinida.

Así pois, en materia de incentivos ao emprego iniciábase en 1997 unha nova etapa caracterizada pola maior importancia outorgada a estes instrumentos, que pasaron a regularse nunha norma diferenciada que abandonaba, desde o punto de vista da súa configuración técnica, o sistema xeneralizado de subvencións por un de bonificacións das cotizacións sociais. Iso supuxo unha indubidable flexibilización do procedemento de concesión que, ao consistir nunha autoliquidación, evitaba requirimentos burocráticos excesivos<sup>8</sup>.

Con posterioridade, a reforma de 2001<sup>9</sup> –aínda que afondaba nas liñas esenciais da de 1997 ao concederlle un papel protagonista ao contrato de fomento da contratación indefinida e aos estímulos de fomento do emprego– modificou os colectivos aos que se aplicaban as bonificacións, ao excluír os mozos de 30 anos e incorporar as mulleres desempregadas entre 16 e 45 anos e os desempregados perceptores da prestación contributiva de desemprego aos que lles faltase, polo menos, un ano de cobramento desa prestación. No entanto, incentivou de novo, superando a restrición do programa do ano 2000, a transformación en indefinidos de todos os contratos de duración determinada ou temporais. Este programa de fomento do emprego prorrogouse para o ano 2002 e mantívose no esencial, á marxe das lixeiras modificacións efectuadas nas porcentaxes de bonificación, en 2003, 2004 e 2005. Neste último ano os programas de fomento do emprego empezaron a incluírse, polo demais, na Lei de orzamentos xerais do Estado en lugar de na de acompañamento.

### 3.2.2 A avaliación dos programas de incentivos á contratación

Non foi esta, non obstante, a principal novidade acaecida durante estes anos en relación cos programas de incentivos á contratación. Sen dúbida ningunha, reviste maior interese a publicación en xaneiro de 2005 do informe «Máis e mellor emprego nun novo escenario socioeconómico: por unha flexibilidade e seguridade laborais efectivas», que se lle encomen-

---

8 PÉREZ DEL PRADO, D., *Los instrumentos económicos de fomento del empleo*, cit., p. 53.

9 Real decreto lei 5/2001, do 2 de marzo, logo Lei 12/2001, do 9 de xullo.

dou, no marco do diálogo social sobre o mercado de traballo<sup>10</sup>, a unha Comisión de Expertos co obxecto de avaliar o funcionamento das políticas de emprego, precisamente, desde as reformas laborais acometidas no período 1992-1994. Certamente, aínda que a avaliación das políticas de emprego xa se levara a cabo en case todos os países europeos, aínda non se materializara en España<sup>11</sup>. Cobra, por iso, especial relevancia a valoración efectuada neste informe, cuxas conclusións cómpre seguir tendo presentes na actualidade. En concreto, resultan dignos de mención, neste momento, tres aspectos fundamentais:

En primeiro lugar, no informe considérase que as subvencións que estaban vixentes no noso país desde 1997 podían entenderse como medidas de apoio á inserción laboral de determinados colectivos ou como medidas de fomento do emprego indefinido. Entendidas como medidas a favor da inserción laboral de determinados colectivos, as subvencións á contratación, tal como se estaban a aplicar, tiñan dúas deficiencias. Unha, a súa ampla cobertura impedía que fosen realmente eficaces sobre os colectivos especialmente desfavorecidos no mercado de traballo. E, dúas, resultaba discutible que para os ditos colectivos as subvencións se tivesen que limitar ás novas contratacións indefinidas e non a calquera tipo de contratación. Se, pola contra, se entendían como medidas de fomento do emprego indefinido, e mentres se mantivesen os elevados niveis de temporalidade, as subvencións á contratación indefinida podían desempeñar certo papel como mecanismo a favor da estabilidade. Agora ben, para xustificalas era necesario ofrecer unha avaliación rigorosa dos seus resultados e comparar a súa eficacia coa doutros usos alternativos aos que poden dedicarse os recursos que as financian.

En segundo lugar, o informe subliña que a avaliación dos efectos das subvencións á contratación indefinida se enfrontaba a unha dobre dificultade: por un lado, a dificultade de identificar os distintos efectos das políticas de emprego; e, por outro, a derivada da forma en que tales axudas se desenvolvían no noso país.

En efecto, como constataron as múltiples avaliacións e estudos existentes no contexto internacional<sup>12</sup> independentemente da forma en que se instrumenten as medidas a favor da contratación, calquera intervención deste tipo ten, xunto co efecto desexado que a xustifica, tres tipos de efectos máis:

Primeiro, o efecto “peso morto” ou ganga, que describe a posibilidade de que a contratación de traballador se producise de todos os xeitos, mesmo sen a existencia dos incentivos, de maneira que a bonificación ou incentivo é un “gasto inútil” que se traduce nunha ganancia neta para o empresario.

Segundo, o efecto “substitución”, que significa que o incentivo pode provocar que uns individuos consigan emprego a custa doutros, é dicir, pode orixinar que a empresa se decida por unha persoa do colectivo bonificado, cuxa contratación é máis barata, e deixe fóra outra persoa. Iso, aínda que non implica a diminución do paro, pode ser conveniente en ocasións.

10 A Declaración para o Diálogo Social asinou se entre o Goberno e os interlocutores sociais en xullo de 2004.

11 AEVAL, *La política de bonificación y reducción de cuotas de la Seguridad Social*, cit., pp. 44 e ss. Sobre a importancia da avaliación das políticas activas de emprego e a súa tardía materialización no noso país, pode verse, por todos, PÉREZ DEL PRADO, D., *Los instrumentos económicos de fomento del empleo*, cit., pp. 28 e ss.

12 Poden verse, por exemplo, os citados en MARX, I., “Subvenciones al empleo y reducción de las cotizaciones empresariales. Dictamen de los estudios empíricos”, *Revista Internacional del Trabajo*, n.º 1, vol. 120, 2001, pp. 75 e ss.; AEVAL, *La política de bonificación y reducción de cuotas de la Seguridad Social*, cit., pp. 44 e ss.; ou PÉREZ DEL PRADO, D., *Los instrumentos económicos de fomento del empleo*, cit., pp. 101 e ss.

Terceiro, o efecto “desprazamento”, consistente en que a redución de custos laborais causada polas bonificacións á contratación ou subvencións ao emprego pode permitirlle a unha empresa determinada reducir prezos e expulsar do mercado de traballo outras empresas que non poden acollerse a estes programas.

Por outra banda, o informe pon de manifesto que a estas dificultades se engadían as procedentes da forma en que as medidas a favor da contratación se viñan desenvolvendo no noso país. Como segue acontecendo na actualidade, a existencia dunha ampla gama de intervencións en favor da contratación –estatais e autonómicas– variables en función dos colectivos cubertos e os instrumentos utilizados daban lugar a unha complexidade e incerteza considerables.

Finalmente, en terceiro lugar, o informe afirma que, malia que os incentivos á contratación dos colectivos especialmente desfavorecidos no mercado de traballo podían estar xustificadas por razóns de equidade e deberían manterse, aínda que con certa reformulación para facelos máis selectivos, as restantes medidas de fomento da contratación indefinida non parecían ser a forma máis axeitada de favorecer a estabilidade no emprego. Á parte do considerable efecto de peso morto que podían levar consigo, apúntase que resultaba probable que estivesen a favorecer en maior medida as empresas con máis rotación laboral e que, polo tanto, estivesen a xerar máis inestabilidade.

### 3.2.3 O frustrado intento racionalizador da reforma 2006

Seguindo, en principio, as indicacións do mencionado informe, así como as contidas no Acordo para a mellora do crecemento e do emprego, asinado polo Goberno e os interlocutores sociais o 9 de maio de 2006, a Lei 43/2006, do 29 de decembro, propúxose abandonar os programas de fomento do emprego anuais contidos nas sucesivas leis de orzamentos para achegar un panorama de maior estabilidade e permanencia que ofrecese unha mellor selección dos colectivos incentivados fronte á excesiva ampliación de anos anteriores. A exposición de motivos da lei indicaba neste sentido que o novo Programa de Fomento do Emprego se dirixía, fundamentalmente, a impulsar a utilización da contratación indefinida inicial por parte das empresas. Por iso, concentraba os apoios públicos na contratación estable e favorecía a conversión de empregos temporais en fixos mediante un Plan extraordinario de carácter excepcional e vixencia limitada. Para alcanzar os obxectivos sinalados, ademais de mellorar a selección dos colectivos beneficiarios, a Lei 43/2006 ampliou, con carácter xeral, a duración dos incentivos a catro anos, co obxectivo de favorecer o mantemento do emprego, e substituíu as porcentaxes de bonificación –que supoñen que a contía da bonificación sexa menor para os grupos con menores salarios– por contías fixas de bonificación que garanten a súa independencia do salario da persoa contratada<sup>13</sup>.

O mencionado programa non logrou, porén, acadar os seus obxectivos. De feito, continuou a tendencia cara á xeneralización dos colectivos bonificados iniciada en 1997 ata o punto de que o único colectivo non subvencionado era o formado polos homes maiores de 30 anos e menores de 45, inscritos ininterrompidamente durante menos de 6 meses, e non perceptores de prestacións ou subsidios de desemprego (aínda que estaban incluídos aqueles aos que

13 Sobre estas modificacións, amplamente, CUETO IGLESIAS, B., “Las ayudas a la contratación indefinida en España”, *cit.*, pp. 95 e ss.; OCDE, *Empleo juvenil. España*, Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais, Madrid, 2007, pp. 15 y ss.; PÉREZ DEL PRADO, D., *Los instrumentos económicos de fomento del empleo*, *cit.*, pp. 66 e ss.



lles restaba máis dun ano de percepción) nin da renda activa de inserción<sup>14</sup>. A esta mesma conclusión chegou a Axencia Estatal de Avaliación das Políticas Públicas e a Calidade dos Servizos creada pola Lei 28/2006, do 18 de xullo, que na súa “Avaliación sobre a política de bonificación e redución de cotas da Seguridade Social”, publicada no ano 2009, recolle unha serie de recomendacións que resultan do máximo interese:

Por unha banda, lembra que todos os estudos nacionais e internacionais utilizados coinciden en cuestionar a eficacia das bonificacións cando a súa poboación obxectivo é excesivamente ampla. Por iso, aconsella restrinxir o uso das bonificacións para os grupos de traballadores e tamaños de empresas que realmente teñen máis dificultades para acceder ou manterse no emprego ou para xeralo e mantelo, respectivamente.

Por outra banda, reconece que a recesión iniciada no ano 2008 provocou un cambio radical no panorama do mercado de traballo en España, de xeito que o problema xa non é a temporalidade, senón a destrución de emprego. En consecuencia, debería abordarse un redeseño da política de bonificacións que tivese presente que os dous grandes retos a que deben dar resposta as políticas activas do mercado de traballo son a prevención da perda de máis postos de traballo e o impulso á xeración de emprego. Para frear a destrución de emprego, sublíñase a conveniencia de utilizar as bonificacións para manter postos de traballo na liña dalgunhas prácticas postas en marcha por outros países, como son as relativas ás reducións da xornada de traballo<sup>15</sup>. En relación coa creación de emprego, enténdese que deberían sentarse as bases para unha mellor xeración de emprego mediante a formación para a reorientación sectorial ou a mellora da cualificación no posto de traballo, o cal pode estar ligado a bonificacións selectivas e incluír outras medidas complementarias (por exemplo, a mellora da intermediación).

Paga a pena destacar, finalmente, que nun dos estudos económicos máis prestixiosos que neste momento se levan a cabo sobre os efectos das bonificacións á Seguridade Social –o dirixido polo profesor Toharia– se chega aínda máis lonxe, ao afirmar que nunha época como a iniciada no ano 2008 non pode obviarse a incapacidade das bonificacións para crear emprego, polo que, quizais, deberían deixar de subvencionarse as contratacións, dedicando os fondos liberados a outras medidas que poidan ter un maior impacto directo sobre o nivel de emprego ou na propia protección social dos traballadores que se atopen nunha situación de necesidade como consecuencia do desemprego<sup>16</sup>.

14 CUETO IGLESIAS, B., “Las ayudas a la contratación indefinida en España”, *cit.*, p. 93; PÉREZ DEL PRADO, D., *Los instrumentos económicos de fomento del empleo*, *cit.*, pp. 66-67.

15 Hai que ter presente, non obstante, que existen estudos –AEVAL, *La política de bonificación y reducción de cuotas de la Seguridad Social*, *cit.*, p. 135– que evidencian que estas medidas máis que evitar os despedimentos os pospoñen, polo que resulta preferible reorientar o emprego de sectores económicos necesitados de reconversión a sectores económicos de maior futuro.

16 TOHARIA CORTÉS, L., *et. al.*, *El efecto de las bonificaciones de las cotizaciones a la Seguridad Social para el empleo en la afiliación a la Seguridad Social: un intento de evaluación macroeconómica, microeconómica e institucional*, Ministerio de Trabajo e Inmigración, Madrid, 2008, p. 270.

### 3.3 A terceira etapa: as bonificacións e reducións de cotas durante a crise

As reformas en materia de bonificacións e reducións nas cotizacións sociais desde o inicio da crise económica que marca o comezo da terceira etapa a analizar foron incesantes<sup>17</sup>. Non obstante, presentan unha especial relevancia as modificacións introducidas polas reformas laborais de 2010<sup>18</sup> e de 2012<sup>19</sup>.

#### 3.3.1 As repercusións da avaliación na reforma de 2010: a definición selectiva de colectivos

Así, a reforma de 2010 abordou a mellora da política de bonificacións á contratación indefinida, partindo, segundo ela mesma indica, do consenso xeral de que a súa práctica xeneralización limitara gravemente a súa eficiencia. Sobre a base deste diagnóstico –reflectedo nas conclusións da Comisión de Traballo e Inmigración do Congreso dos Deputados sobre esta materia nas que, á súa vez, influíu decisivamente o informe do profesor Toharia<sup>20</sup>–, a reforma derogou as medidas xerais da Lei 43/2006, conservando unicamente as relativas a traballadores discapacitados, vítimas de violencia de xénero e doméstica e traballadores en situación de exclusión social, e definiu de xeito máis selectivo os colectivos de traballadores cuxa contratación indefinida bonificaba. Por un lado, incluíu os mozos de ata 30 anos, pero con especiais problemas de empregabilidade, é dicir, mozos desempregados que estivesen inscritos na oficina de emprego polo menos doce meses nos dezaioito meses anteriores á contratación e que non completasen a escolaridade obrigatoria ou carecesen de titulación profesional. Por outro lado, fusionando dous colectivos que ata entón aparecían por separado –traballadores maduros e parados de longa duración<sup>21</sup>–, referiuse aos maiores de 45 anos cunha permanencia prolongada no desemprego, que se concretou en polo menos doce meses nos dezaioito meses anteriores á contratación. Desta forma, a partir deste momento, o colectivo de mulleres deixou de ter un apartado específico como colectivo bonificado, e a súa contratación pasou a considerarse como unha das circunstancias que permite incrementar a contía das bonificacións.

Xunto a iso, polo que ás bonificacións de base contractual se refire, a reforma de 2010, entre outras cousas, recoñeceu unha bonificación total das cotizacións sociais do contrato para a formación nun intento de incentivar o seu uso e, conseguintemente, as oportunidades de emprego dos mozos, e mantivo, aínda que creando o seu propio plan, as bonificacións para a conversión de contratos formativos, de relevo e de substitución por anticipación da idade de xubilación en contratos indefinidos.

Ademais, a reforma de 2010 entendeu necesario exixir que as novas contratacións ou transformacións, salvo as referidas a contratos de relevo, supuxesen un incremento do nivel de

---

17 A súa descrición pormenorizada pódese atopar en BAJO GARCÍA, I. “Incentivos económicos y fiscales a la creación y mantenimiento del empleo”, *Actualidad Laboral*, n.º 19, 2012.

18 Real decreto lei 10/2010, do 16 de xuño, logo Lei 35/2010, do 17 de setembro.

19 Real decreto lei 3/2012, do 10 de febreiro, logo Lei 3/2012, do 6 de xullo.

20 PÉREZ DEL PRADO, D., “Modificaciones al régimen de incentivos a la contratación (Real decreto-ley 3/2012)”, García-Perrote, I. e Mercader, J. R. (dirs.), *Reforma Laboral 2012. Análisis práctico del RDL 3/2012, de medidas urgentes para la reforma del mercado laboral*, 1ª ed., Lex Nova, Valladolid, 2012, p. 137.

21 BAJO GARCÍA, I., “Incentivos económicos y fiscales a la creación y mantenimiento del empleo”, *cit.*, pp. 4 e ss. da versión electrónica (en diante, v.e.); PÉREZ DEL PRADO, D., “Modificaciones al régimen de incentivos a la contratación (Real decreto-ley 3/2012)”, *cit.*, p. 140.

emprego fixo na empresa<sup>22</sup>. Esta limitación, unida á restrición de colectivos descrita, explica que tras a reforma de 2010 se reducisen, respecto ao programa de 2006, nun 45 % o número de contratos bonificados<sup>23</sup>.

### 3.3.2 O apoio ao emprendedor tras a reforma de 2012

Malia que a disposición adicional novena da Lei 35/2010 previra a avaliación anual das bonificacións á contratación, a reforma de 2012 non parte da avaliación na dita materia, aínda que a preveña para o futuro nas súas disposicións adicionais décimo cuarta e décimo quinta. Iso si, a exposición de motivos da Lei 3/2012 indica que, de novo, se pretende racionalizar o sistema de bonificacións para a contratación indefinida, cuxa práctica xeneralizada limitou gravemente a súa eficiencia.

Vaia por diante que a reforma de 2012 se caracteriza, con carácter xeral, por significar certo desprazamento, malia os elementos de continuidade coas reformas de 2010 e 2011, da tutela do traballo propia do tradicional dereito do traballo á tutela da empresa e a produtividade<sup>24</sup>. Non é de estrañar, por iso, que, en relación cos incentivos á contratación, a reforma de 2012 inaugure unha nova tendencia consistente en encadrar os incentivos dentro das políticas de apoio á actividade empresarial ou, se se prefire, ao impulso dos emprendedores, que esvae a súa pertenza á política de emprego “ao servizo dos cidadáns-traballadores”<sup>25</sup>. Así o vén confirmar a nova modalidade contractual por tempo indefinido creada pola reforma: o contrato de apoio aos emprendedores.

Como é coñecido por todos, a extensión da indemnización de trinta e tres días na reforma laboral de 2012 fíxolle perder o seu atractivo ao contrato de fomento da contratación indefinida, que desapareceu para deixar paso a este novo contrato. Tamén nesta ocasión a nova figura contractual queda situada extramuros do Estatuto dos traballadores, pois preséntase con vocación de provisionalidade: concretamente, ex disposición transitoria 9ª.2 da Lei 3/2012, a posibilidade de realizar estes contratos queda condicionada a que a taxa de desemprego no noso país se sitúe por debaixo do 15 %. O contrato nace, en todo caso, coa intención declarada de fomentar a contratación indefinida e a creación de emprego, especialmente de mozos desempregados e pemes, por seren os que están a sufrir con maior intensidade as consecuencias negativas da crise económica. Así pois, a formulación do lexislador é clara: crear unha figura capaz de xuntar promoción do emprego estable e potenciación da iniciativa empresarial. Outra cousa é que tan ambicioso obxectivo se teña conseguido co perfil que, finalmente, se lle outorga ao contrato de apoio aos emprendedores, cuxos extremos máis destacables son os seguintes:

22 No artigo 10.5 detallábase a fórmula de cálculo: “Para calcular o dito incremento, tomarase como referencia a media diaria de traballadores con contratos indefinidos no período dos noventa días anteriores á nova contratación ou transformación, calculado como o cociente que resulte de dividir entre noventa o sumatorio dos contratos indefinidos que estivesen en alta na empresa en cada un dos noventa días inmediatamente anteriores á nova contratación ou transformación. Excluíranse do cómputo os contratos indefinidos que se extinguen no devandito período por despedimento disciplinario declarado como procedente, dimisión, morte, xubilación ou incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez do traballador, ou durante o período de proba”.

23 PÉREZ DEL PRADO, D., “Modificaciones al régimen de incentivos a la contratación (Real decreto-ley 3/2012)”, *cit.*, p. 166.

24 RODRÍGUEZ-PIÑERO Y BRAVO-FERRER, M., “Flexibilidad interna y externa en el Real decreto-ley 3/2012”, *diariolaley.es*, 2012, p. 1 da v.e.

25 PÉREZ DEL PRADO, D., “Modificaciones al régimen de incentivos a la contratación (Real decreto-ley 3/2012)”, *cit.*, p. 168.

En primeiro lugar, o contrato centra a súa atención nas empresas de menos de 50 traballadores, por seren as que representan a maior parte do tecido produtivo español (o 99,23 %, segundo o Instituto Nacional de Estadística). Estas son as únicas que poden concertar este contrato que, obrigatoriamente, debe formalizarse por escrito no modelo que se estableza. O Real decreto lei 16/2013, do 20 de decembro, suprimiu a exigencia inicial de que o contrato se realizase a xornada completa por considerar razoable a ampliación do uso dunha medida que “se revelou” como eficaz para fomentar a celebración de contratos de traballo indefinido.

En segundo lugar, cómpre destacar que a principal peculiaridade que presenta o réxime xurídico aplicable ao novo contrato de apoio aos emprendedores é a relativa á duración do seu período de proba. Efectivamente, segundo o artigo 4.3 da Lei 3/2012, nestes contratos a duración do período de proba a que se refire o artigo 14 do Estatuto dos traballadores “será dun ano en todo caso”. Asítese, con iso, a unha desnaturalización da figura do período de proba. É máis, posto que durante un ano existirá libre desistencia empresarial e esta se caracteriza por constituír unha excepción ao carácter causal que exige o ordenamento español nas extincións por iniciativa empresarial, cabe pensar que o contrato de emprendedores abre a porta a unha sorte de contratación temporal non causal que non xera dereito a indemnización ningunha. Aínda que non sexa este o momento de entrar na análise da cuestión<sup>26</sup>, o certo é que se dubidou da compatibilidade entre un período de proba tan dilatado e as exigencias derivadas do Convenio n.º 158 da OIT sobre a terminación da relación de traballo ou da Carta Social Europea de 1961. Do mesmo xeito, como consecuencia da falta de protección fronte ao despedimento destes traballadores, cabería cuestionar a avinza entre a figura estudada e o dereito ao traballo do artigo 35 da CE, e, entre outras cousas, poderíase pór en dúbida se, desde o punto de vista do principio de igualdade do artigo 14 da CE, está xustificada a desigualdade de trato en función do tamaño da empresa que o contrato trae consigo. En todo caso, malia as obxeccións formuladas, a STC 119/2014, do 16 de xullo, avalou finalmente a constitucionalidade da duración do período de proba do contrato de emprendedores, fundamentalmente por considerar que nun contexto de grave crise económica e alto desemprego a dita duración é unha medida conxuntural que atopa xustificación “sobre todo, na específica e lexítima finalidade de potenciar a iniciativa empresarial como instrumento para contribuír, xunto con outras medidas do seu réxime xurídico, a promover a creación de emprego estable, de conformidade co mandato que o artigo 40.1 CE lles dirixe aos poderes públicos para levar a cabo unha política orientada ao pleno emprego”.

En terceiro lugar, é necesario ter en conta que, como garantía fronte ao chamado “efecto substitución”, se lles prohibe asinar o contrato ás empresas que, nos seis meses anteriores, adoptasen “decisións extintivas improcedentes”. Non obstante, non se impide o uso desta modalidade contractual por recorrer o empresario nos seis meses anteriores á súa facultade de libre desistencia empresarial durante o período de proba. En consecuencia, tras extinguirse un contrato de apoio aos emprendedores por libre desistencia do empresario, será posible celebrar outro cun traballador diferente e así sucesivamente. Esta concatenación de contratos formalmente indefinidos pero temporais *de facto* levou a doutrina a preguntarse, non sen razón, por unha posible vulneración da Directiva 99/70/CE, que na cláusula 5.1 do

---

26 O tema trátase amplamente en LÓPEZ TERRADA, E., *Las modalidades de contratación en la reforma laboral de 2012*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2012, pp. 21-40.

seu anexo prevé medidas destinadas a previr os abusos “como consecuencia da utilización sucesiva de contratos ou relacións laborais de duración determinada”<sup>27</sup>.

Finalmente, debe indicarse que o establecemento dun período de proba dun ano de duración non foi a única medida ideada para incentivar o uso do contrato. Recoñécense, ademais, unha serie de incentivos fiscais e bonificacións na cota empresarial á Seguridade Social nos apartados cuarto e quinto do artigo 4 da Lei 3/2012. Aínda que a norma vincula a súa percepción ao mantemento no emprego do traballador durante tres anos (artigo 4.7), queda claro que o funcionamento do contrato resulta independente da percepción dos incentivos á contratación e que, por conseguinte, o contrato pode converterse nun período de proba dun ano, coas criticables consecuencias que diso derivan. Por outra banda, tras a tramitación parlamentaria, ampliáronse as obrigas de mantemento do emprego exixindo a conservación do nivel de emprego na empresa alcanzado co contrato por tempo indefinido de apoio aos emprendedores durante, polo menos, un ano desde a formalización do contrato.

Os incentivos fiscais son dous: unha dedución fiscal de 3.000 euros para as empresas que carecen de persoal contratado; e outro para as empresas de menos de cincuenta traballadores que contraten desempregados beneficiarios dunha prestación contributiva por desemprego que percibisen a prestación durante, polo menos, tres meses<sup>28</sup>. O Real decreto lei 3/2012 non desenvolveu, inicialmente, os detalles técnicos dos dous tipos de incentivos fiscais que anunciaba e, por este motivo, procedeu a efectuar este labor na súa tramitación parlamentaria, modificando, con efectos a partir da entrada en vigor do Real decreto lei, o artigo 43 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo. No suposto de que o contrato se realice a tempo parcial, tales incentivos fiscais gozarán de modo proporcional á xornada de traballo pactada no contrato.

Con independencia dos mencionados incentivos fiscais, as empresas poden obter as bonificacións na cota empresarial á Seguridade Social descritas no apartado cinco do artigo 4 da lei se contratan determinados desempregados inscritos na oficina de emprego: mozos de entre 16 e 30 anos, ambos os dous inclusive, ou maiores de 45 anos. Desaparece, pois, o requisito, exixido polo Real decreto lei 3/2012, de que os maiores de 45 anos estivesen inscritos como demandantes de emprego polo menos doce meses nos dezoito anteriores á contratación. Estas bonificacións incrementáronse de concertarse o contrato con mulleres, pero recuperando, acertadamente ao meu xuízo, a exixencia de que se trate de ocupacións en que este colectivo estea menos representado; e se o contrato se asina a tempo parcial, gozarán de modo proporcional á xornada de traballo pactada no contrato.

Con todo, a concesión de incentivos non parece estar a resultar decisiva no uso destes contratos. En efecto, no ano 2012 foron menos do 40 % dos contratos de apoio aos emprendedores celebrados –algo máis de 82.000– os que se acolleron a algún dos incentivos descritos<sup>29</sup>, e no ano 2014 –en que se formalizaron algo máis de 98.751– o impacto sobre

27 GÓMEZ ABELLEIRA, F. J., “Medidas para favorecer el empleo estable: el contrato de apoyo a los emprendedores y la recuperación de la conversión en indefinidos por reiteración de contratos temporales”, García-Perrote, I. e Mercader, J. R. (dirs.), *Reforma Laboral 2012. Análisis práctico del RDL 3/2012, de medidas urgentes para la reforma del mercado laboral*, 1.ª ed., Lex Nova, Valladolid, 2012, p. 58; MIRANDA BOTO, J. M., “El nuevo contrato de trabajo por tiempo indefinido de apoyo a los emprendedores”, *Actualidad Laboral*, n.º 8, 2012, p. 2 da v.e.

28 O importe desta dedución fiscal é equivalente ao 50 % da prestación por desemprego que o traballador tivese pendente de percibir no momento da contratación, co límite de doce mensualidades.

29 NAVARRO NIETO, F. e COSTA REYES, A. “Reformas laborales y políticas de empleo”, *Revista de Derecho Social*, n.º 60, 2013, p. 18, nota 19.

este tipo de contrato das deducións fiscais previstas alcanzou o 5,5 % do total de contratos acollidos a algunha dedución<sup>30</sup>.

Á marxe do novo contrato de apoio aos emprendedores, a Lei 3/2012, aínda que derogou algunha das bonificacións existentes—como a concedida na Lei 43/2006 por reincorporación tras a suspensión do contrato por maternidade ou excedencia por coidado de fillo—, recoñeceu outros incentivos á contratación. Así, por exemplo, fixou reducións nas cotas á Seguridade Social por realizar contratos para a formación e a aprendizaxe con traballadores desempregados inscritos na oficina de emprego ou transformalos en indefinidos (artigo 3); bonificou o tránsito a contratacións indefinidas nos contratos en prácticas, de relevo, e de substitución por anticipación da idade de xubilación<sup>31</sup> en empresas de menos de cincuenta traballadores (artigo 7); apoiou tamén con bonificacións a prolongación do período de actividade dos traballadores con contratos fixos discontinuos nos sectores de turismo, comercio vinculado a este e hostalaría (disposición adicional duodécima); incluíu as vítimas do terrorismo na Lei 43/2006 (disposición derradeira décimo cuarta); ou conservou as bonificacións vinculadas á suspensión de contratos e a redución de xornada (artigo 15).

Non parece, en consecuencia, que coa reforma de 2012 se racionalizase finalmente o panorama de incentivos á contratación. Boa proba diso é que o Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, se aprobase co obxecto de cumprir “*coas recomendacións da Axencia Estatal de Avaliación das Políticas Públicas e a Calidade dos Servizos de dirixir as bonificacións á contratación a colectivos con dificultades obxectivas e especiais para acceder ao mercado de traballo, facéndoa máis efectiva e ofrecendo maior seguridade xurídica*”. Para cumprir con este fin, o Real decreto lei 20/2012 decidiu suprimir o dereito das empresas á aplicación de bonificacións pola contratación de traballadores, mesmo tratándose de bonificacións xa recoñecidas e que se viñan aplicando, coa única excepción das declaradas expresamente vixentes na súa disposición transitoria sexta. Pero esta decisión, lonxe de aclarar o panorama de incentivos á contratación, incrementou a confusión en canto á súa vixencia e, tempo despois, a disposición derradeira quinta da Lei 13/2012, do 26 de decembro, redactou de novo a disposición transitoria sexta do Real decreto lei 20/2012, precisando as bonificacións que deben considerarse vixentes e “resucitando” algunhas das que previamente suprimira esta norma<sup>32</sup>.

## 4 Os novos incentivos á contratación: a urgente necesidade de crear emprego

### 4.1 Os estímulos á contratación de mozos: as leis 11/2013 e 18/2014

A Lei 11/2013 incorpórase ao “sobrecargado” panorama de incentivos afondando claramente na tendencia iniciada no ano 2012, pois non cabe pasar por alto que a norma, xunto aos estímulos á contratación que a continuación serán obxecto de análise, recolle un conxunto

---

30 CES, *Economía, Trabajo y Sociedad. Memoria sobre la situación socioeconómica y laboral. España 2014*, cit., pp. 313-314.

31 Derogado pola Lei 27/2011, do 1 de agosto, desde o 1 de xaneiro de 2013.

32 FERNÁNDEZ PRATS, C. e TATAY PUCHADES, C., “Financiación, cotización y recaudación”, Roqueta, R. e García, J. (dirs.), *Derecho de la Seguridad Social*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2013, pp. 187-188.

de medidas de fomento do emprendemento e o autoemprego como parte da Estratexia de Emprendemento e Emprego Xove 2013-2016.

A Estratexia de Emprendemento e Emprego Xove, en principio, presentouse como o resultado dun proceso de diálogo e participación cos interlocutores sociais e, ademais, enmárcase dentro do Plan Nacional de Reformas posto en marcha polo Goberno e responde ás recomendacións que, en materia de emprego novo, realizou a Comisión Europea, incluíndo a recente “Garantía Xuvenil”, en virtude da cal os Gobernos da Unión Europea se comprometeron a proporcionarlles aos menores de 25 anos que abandonan o sistema educativo ou están en paro, emprego, formación ou prácticas nun prazo máximo de catro meses. Cabe destacar a este respecto que o 8 de febreiro de 2013 o Consello Europeo decidiu crear unha “Iniciativa sobre Emprego Xuvenil” que está aberta a todas as rexións que teñan taxas de desemprego xuvenil por enriba do 25 % e que actuará en apoio de medidas establecidas no conxunto das que se dedican ao emprego xuvenil, propostas pola Comisión en decembro de 2012, e en particular en apoio da Garantía Xuvenil proposta polo Executivo comunitario o 5 de decembro de 2012.

En todo caso, a Estratexia de Emprendemento e Emprego Xove contén cen medidas para combater o desemprego entre os mozos, 15 das cales son actuacións “de choque” ou alto impacto cuxos resultados esperan a curto prazo. Pois ben, seis desas quince medidas recolléronse como estímulos á contratación no capítulo III do Real decreto lei 4/2013, agora capítulo III da Lei 11/2013. Non obstante, non hai que esquecer que, o mesmo día da súa aprobación, os sindicatos denunciaron que o Real decreto lei 4/2013 incluía medidas non consultadas nin discutidas cos interlocutores sociais –como a bonificación pola contratación de mozos a través de empresas de inserción ou a posibilidade de que as ETT poidan subscribir contratos de formación<sup>33</sup>– que implican unha precarización tanto na inserción laboral dos mozos como nas súas condicións de traballo.

Deste xeito, ata que a taxa de desemprego española se sitúe por debaixo do 15 % (disposición transitoria primeira da Lei 11/2013), pasan a formar parte das medidas de fomento da contratación os incentivos descritos nos artigos 9 a 14 da lei.

#### 4.1.1 Os incentivos á contratación a tempo parcial con vinculación formativa

Do primeiro dos incentivos poden beneficiarse as empresas, incluídos os traballadores autónomos, que asinen contratos a tempo parcial “con vinculación formativa” con mozos desempregados menores de trinta anos que cumpran algún dos requisitos seguintes (artigo 9.2):

- a) Non ter experiencia laboral ou que esta sexa inferior a tres meses.
- b) Proceder doutro sector de actividade. Tras o Real decreto lei 16/2013, do 20 de decembro, aclárase que, para estes efectos, se entenderá por sector de actividade o identificado como Clase mediante un código numérico de catro cifras no anexo do Real decreto 475/2007, do 13 de abril, polo que se aproba a Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE-2009), de acordo co seu artigo 3.d).

<sup>33</sup> O Real decreto lei 16/2013, do 20 de decembro, incorporou a posibilidade de que as empresas de traballo temporal subscriban, tamén, contratos en prácticas.

c) Ser desempleado e estar inscrito ininterrompidamente na oficina de emprego polo menos doce meses durante os dezaioito anteriores á contratación.

d) Carecer de título oficial de ensino obrigatorio, de título de formación profesional ou de certificado de profesionalidade.

e) Ser persoas beneficiarias do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil en España. Trátase dos mozos maiores de 16 anos e menores de 25, ou menores de 30 anos no caso de persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, que cumpran cos requisitos recollidos na Lei 18/2014, do 15 de outubro, para beneficiarse dunha acción derivada do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil. Así mesmo, trátase dos mozos maiores de 25 anos e menores de 30, ata que a súa taxa de desemprego se sitúe por debaixo do 20 %, segundo a Enquisa de Poboación Activa correspondente ao último trimestre do ano, que cumpran cos requisitos recollidos na Lei 18/2014 para beneficiarse dunha acción derivada do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil (artigo 88 d) da Lei 18/2014, modificado pola Lei 25/2015, do 28 de xullo). Iso supón, como regra xeral, non ter traballado nos 30 días naturais anteriores á data de presentación da solicitude; non recibir accións educativas que leven consigo máis de 40 horas mensuais nos 90 días naturais anteriores á data de presentación da solicitude; e non ter recibido accións formativas que leven consigo máis de 40 horas mensuais nos 30 días naturais anteriores á data de presentación da solicitude (cfr. artigos 88 d), 97 e disposición adicional vixésimo oitava da Lei 18/2014 tras as modificacións introducidas pola Lei 25/2015).

Como se dixo, a percepción do incentivo –consistente nunha redución durante doce meses como máximo da cota empresarial á Seguridade Social por contingencias comúns correspondente ao traballador contratado, do 100 % no caso de que o contrato o subscriban empresas cuxo cadro de persoal sexa inferior a 250 persoas, ou do 75 % no suposto de que a empresa contratante teña un cadro de persoal igual ou superior a esa cifra<sup>34</sup> queda vinculado a que se concerte un contrato a tempo parcial e a que exista vinculación formativa. Non obstante, non se admite calquera contratación a tempo parcial nin calquera vinculación formativa. Así, exíxese que a xornada pactada no contrato non sexa superior ao 50 % da correspondente a un traballador a tempo completo comparable, salvo no caso de persoas beneficiarias do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, que poderá alcanzar o 75 % da xornada, ben que pode tratarse tanto dun contrato por tempo indefinido como de duración determinada (artigo 9.4). O requisito de vinculación formativa concrétase, pola súa banda, requiríndolles aos traballadores compatibilizar o emprego coa formación ou xustificar cursala nos seis meses previos á formalización do contrato. A formación, non obstante, non ten que estar vinculada especificamente ao posto de traballo obxecto do contrato e pode ser, ben formación acreditable oficial ou promovida polos Servizos Públicos de Emprego, ben formación en idiomas ou tecnoloxías da información e a comunicación dunha duración mínima de 90 horas en cómputo anual (artigo 9.3).

Ante a xeneralidade destas exixencias, non cabe senón cuestionarse pola capacidade destes contratos para seren, ademais dunha vía de inserción barata e precaria, unha forma de asegurarlles aos mozos niveis axeitados de cualificación profesional que realmente melloren a súa empregabilidade. Quizais fose preferible definir máis especificamente os mozos implicados no incentivo e as características da súa formación, buscando coa axuda, por exemplo,

34 Ademais, segundo o artigo 9.1.2º, «o incentivo poderá ser prorrogado por outros doce meses, sempre que o traballador continúe compatibilizando o emprego coa formación, ou a cursase nos seis meses previos á finalización do período a que se refire o parágrafo anterior».



que os mozos adaptasen a súa formación cara a sectores innovadores, como no modelo sueco<sup>35</sup>, ou destinándoa, como se fixo en Irlanda recentemente, só a mozos procedentes do sector da construción para outorgarlles capacitación na instalación de tecnoloxías verdes en fogares e empresas ou para levar a cabo verificacións do cumprimento dos criterios de eficiencia enerxética<sup>36</sup>.

Polo demais, e co fin de evitar o “efecto substitución”, prohibese que as empresas –traballadores autónomos incluídos– adoptasen, nos seis meses anteriores á formalización do contrato, decisións extintivas improcedentes<sup>37</sup>. Xunto a iso, establécese unha obriga de manter o nivel de emprego alcanzado co contrato –durante, polo menos, un período equivalente á duración do dito contrato cun máximo de doce meses desde a súa celebración– cuxo incumprimento obriga ao reintegro dos incentivos<sup>38</sup>, así como unha obriga de formalización escrita dos contratos no modelo que estableza o Servizo Público de Emprego Estatal.

#### 4.1.2 A redución da cotización á Seguridade Social pola contratación indefinida de mozos a través de microempresas e autónomos

O segundo dos incentivos consiste nunha redución do 100 % da cota empresarial á Seguridade Social por contingencias comúns correspondente ao traballador contratado durante o primeiro ano de contrato que se lles concede ás empresas, incluídos os traballadores autónomos, que contraten de xeito indefinido, a tempo completo ou parcial, un mozo desempregado menor de trinta anos.

Neste caso, son as empresas, ou os traballadores autónomos, os que deben reunir, acumulativamente, os requisitos enumerados no artigo 10.1 da Lei 11/2013, do 26 de xullo:

- a) Ter, no momento de realizar o contrato, un cadro de persoal igual ou inferior a nove traballadores.
- b) Non ter tido ningún vínculo laboral anterior co traballador.
- c) Non ter adoptado, nos seis meses anteriores á formalización do contrato, decisións extintivas improcedentes<sup>39</sup>.
- d) Non ter asinado con anterioridade outro contrato conforme o artigo 10.1, salvo que o contrato se extingue por causa non imputable ao empresario ou por resolución durante o período de proba, aínda que neste caso o período total de bonificación non poderá exceder, en conxunto, os doce meses.

35 AEVAL, *La política de bonificación y reducción de cuotas de la Seguridad Social*, cit., p. 23.

36 AEVAL, *La política de bonificación y reducción de cuotas de la Seguridad Social*, cit., p. 138.

37 Agora ben, a limitación afectará unicamente ás extincións producidas a partir do 24 de febreiro de 2013 e refrese á cobertura daqueles postos de traballo do mesmo grupo profesional que os afectados pola extinción e para o mesmo centro ou centros de traballo.

38 Non obstante, non se considerará incumplida a obriga de mantemento do emprego cando o contrato de traballo se extinga por causas obxectivas ou por despedimento disciplinario cando un ou outro sexa declarado ou recoñecido como procedente, nin as extincións causadas por dimisión, morte, xubilación ou incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez dos traballadores ou pola expiración do tempo convindo ou realización da obra ou servizo obxecto do contrato, ou por resolución durante o período de proba.

39 Tamén aquí, ex artigo 10.1 c), a limitación afecta unicamente ás extincións producidas a partir do 24 de febreiro de 2013, e para a cobertura daqueles postos de traballo do mesmo grupo profesional que os afectados pola extinción e para o mesmo centro ou centros de traballo.

Hai que ter en conta, non obstante, que da concesión destes incentivos quedan expresamente excluídos os contratos de traballo por tempo indefinido de apoio aos emprendedores; os contratos para traballos fixos descontínuos; e os contratos indefinidos de traballadores discapacitados bonificados da Lei 43/2006 (artigo 10.2).

Polo demais, xunto a exixencias de carácter formal idénticas ás dos contratos a tempo parcial con vinculación formativa, a lei impón obrigas de mantemento no emprego do traballador contratado<sup>40</sup> e obrigas de mantemento do nivel de emprego na empresa<sup>41</sup>.

#### 4.1.3 Os incentivos do contrato “xeracións”

O terceiro incentivo combina o apoio ao emprendedor –neste caso mozo– co fomento do emprego dos desempregados de 45 ou máis anos aos que, neste caso, a diferenza do contrato de apoio aos emprendedores, si se lles exige o cumprimento de certos requisitos. Efectivamente, segundo o artigo 11 da lei, terán dereito a unha redución do 100 % de todas as cotas empresariais da Seguridade Social, incluídas as de accidentes de traballo e enfermidades profesionais e as cotas de recadación conxunta, durante os doce meses seguintes á contratación os traballadores por conta propia menores de trinta anos, e sen traballadores asalariados, que a partir de o 24 de febreiro de 2013 contraten por primeira vez, de forma indefinida, a tempo completo ou parcial, persoas desempregadas de idade igual ou superior a 45 anos, inscritas ininterrompidamente como desempregadas na oficina de emprego polo menos durante doce meses nos dezaioito meses anteriores á contratación ou que resulten beneficiarios do programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego.

Unha vez máis, condiciónase a concesión do incentivo ao mantemento do emprego do traballador contratado –dezaioito meses desde o inicio da relación laboral– agás se o contrato se extingue por causa non imputable ao empresario ou por resolución durante o período de proba. Nestes casos permítese, por certo, realizar un novo contrato “xeracións”, pero tendo en conta que o período total de aplicación da redución non poderá exceder, en conxunto, os doce meses (artigo 11.2 e 11.3).

#### 4.1.4 O contrato “primeiro emprego” xove e os incentivos á súa transformación en indefinido

A diferenza dos casos anteriores, o cuarto dos incentivos previstos pola lei supón unha bonificación nas cotas empresariais á Seguridade Social durante tres anos que pode obterse se, unha vez transcorrido un prazo mínimo de tres meses desde a súa celebración, se transforman en indefinidos os novos contratos temporais “de primeiro emprego” sempre que a xornada pactada sexa polo menos do 50 % da correspondente a un traballador a tempo completo comparable<sup>42</sup>.

---

40 Polo menos dezaioito meses desde a data de inicio da relación laboral, salvo que o contrato se extinga por causa non imputable ao empresario ou por resolución durante o período de proba, segundo o artigo 10.4 da lei.

41 Trátase, *ex* artigo 10.4, de manter o nivel de emprego na empresa alcanzado co contrato durante, polo menos, un ano desde a formalización do contrato. O incumprimento de ambos os dous tipos de obrigas de mantemento do emprego implicará o reintegro dos incentivos, ben que tales obrigas non se considerarán incumpridas nos mesmos supostos descritos no contrato a tempo parcial con vinculación formativa.

42 Segundo o artigo 12.4, a bonificación nas cotas empresariais á Seguridade Social será de 41,67 euros/mes (500 euros/ano), durante tres anos. Se o contrato se asinase cunha muller, a bonificación por transformación será de 58,33 euros/mes (700 euros/ano). Os apartados 5

A novidade neste caso non é, evidentemente, a bonificación da transformación de contratos temporais en indefinidos –que xa é un clásico na materia–, senón a creación dun novo contrato temporal “de primeiro emprego” encamiñado a incentivar a adquisición dunha primeira experiencia profesional a mozos desempregados menores de trinta anos que non teñan experiencia laboral ou cuxa experiencia laboral sexa inferior a tres meses. Estes contratos rexeranse polo establecido para os contratos eventuais no artigo 15.1.b) do ET e as súas normas de desenvolvemento, pero cunha serie de excepcións. Así, considerarase causa do contrato a adquisición dunha primeira experiencia profesional; a duración mínima do contrato será de tres meses e a duración máxima de seis meses, salvo que se estableza unha duración superior por convenio colectivo sectorial estatal ou, no seu defecto, por convenio colectivo sectorial de ámbito inferior, sen que en ningún caso a dita duración poida exceder os 12 meses; e o contrato deberá realizarse a xornada completa ou a tempo parcial sempre que, neste último caso, a xornada sexa superior ao 75 % da correspondente a un traballador a tempo completo comparable. Ademais, como nas restantes medidas, o artigo 12.3 da Lei 11/2013 exige que empresas e traballadores autónomos non adoptasen, nos seis meses anteriores á realización do contrato, decisións extintivas improcedentes.

Sen prexuízo do que despois se dirá sobre o seu valor como medida de “choque”, é evidente que a regulación descrita introduce practicamente unha “descausalización” do contrato eventual contraria á case xeneralizada reivindicación doutrinal en materia de contratación temporal, que, como é sabido, se refire á necesidade de delimitar con maior rigor as causas dos contratos temporais, sen deixar esta tarefa en mans da negociación colectiva<sup>43</sup>. As consecuencias que esta medida pode ter sobre a taxa de temporalidade española non requiren excesivo comentario se se ten en conta que desde 1997 todas e cada unha das reformas laborais que modificaron a regulación das modalidades de contratación se propuxeron rebaixar as excesivas taxas de temporalidade e erradicar a dualidade laboral, e, aínda así, España, cunha taxa do 25,3 %, é o segundo país da Unión Europea coa taxa de temporalidade máis elevada, só superado por Polonia<sup>44</sup>.

#### 4.1.5 Incentivos ao contrato en prácticas para o primeiro emprego

En quinto lugar, o artigo 13 da Lei 11/2013 recoñece que as empresas, incluídos os traballadores autónomos, que concerten un contrato en prácticas cun menor de trinta anos, terán dereito a unha redución do 50 % da cota empresarial á Seguridade Social por contingencias comúns correspondente ao traballador contratado durante toda a vixencia do contrato. Se o traballador estivese a realizar as prácticas non laborais que regula o RD 1543/2011, do 31 de outubro, no momento da concertación do contrato de traballo en prácticas, a redución de cotas será do 75 %. Tratándose de persoas beneficiarias do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, o incentivo será do 100 %, pois tras a reforma operada polo Real decreto lei 8/2014, logo Lei 18/2014, do 15 de outubro, aplicárase de forma adicional unha bonificación do 50 % no suposto previsto no primeiro parágrafo do artigo 13.2, e do 25 % no suposto previsto no segundo parágrafo do dito precepto da cota empresarial á Seguridade Social por

e 6 detallan as obrigas de mantemento do nivel de emprego alcanzado –neste caso, durante doce meses– e de formalización escrita no modelo establecido polo Servizo Público de Emprego Estatal.

43 Por todos, SALA FRANCO, T.; PÉREZ INFANTE, J. I. e LÓPEZ TERRADA, E., *Las modalidades de la contratación laboral*, Valencia, Tirant lo Blanch, 2009, p. 220.

44 Segundo datos publicados por Eurostat o 5 de outubro de 2012.

continxencias comúns correspondente ao traballador contratado durante toda a vixencia do contrato. A bonificación aplicaráselles a todas aquelas contratacións que se efectúen ata o 30 de xuño de 2016. O mencionado artigo 13 dispón ademais, no seu apartado primeiro, que, sen prexuízo do establecido no artigo 11.1 do ET, poderán realizarse contratos en prácticas con mozos menores de trinta anos, aínda que transcorresen cinco ou máis anos desde o remate dos correspondentes estudos<sup>45</sup>.

Con independencia diso, a reforma de 2013 considerou necesario modificar, unha vez máis, o marco normativo dos contratos formativos do xeito seguinte:

Por un lado, refórmase o réxime xurídico dos contratos de traballo en prácticas, permitindo contratar en prácticas baseándose nun certificado de profesionalidade obtido como consecuencia dun contrato para a formación e a aprendizaxe, cousa que antes estaba expresamente prohibida<sup>46</sup>.

Por outro lado, queda alterado o réxime xurídico dos contratos para a formación e a aprendizaxe, ao permitirse, como xa se mencionou, que as empresas de traballo temporal asinen contratos para a formación e a aprendizaxe cos traballadores contratados para seren postos á disposición das empresas usuarias de acordo coa normativa reguladora deste tipo de contratos<sup>47</sup>. Con posterioridade, o Real decreto lei 16/2013 recoñeceu idéntica posibilidade de uso por parte das empresas de traballo temporal para os contratos en prácticas<sup>48</sup>. Ademais, o artigo 109 da Lei 18/2014 previu, mediante a modificación da Orde ESS/2518/2013, do 26 de decembro, que para as persoas beneficiarias do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil a contía máxima das bonificacións pola actividade formativa se poida elevar. Así mesmo, planificou a introdución, tamén por medio da citada orde, dunha bonificación adicional para financiar os custos derivados da obrigada titorización de cada traballador a través do contrato para a formación e a aprendizaxe. Estas modificacións leváronse a cabo, finalmente, a través da Orde ESS/41/2015, do 12 de xaneiro.

A realización destas reformas como medidas para potenciar o emprego xuvenil lembra a capacidade dos contratos formativos para xuntar dous planos: por un lado, a formación dos traballadores, que pode ser insuficiente, ben por tratarse de traballadores faltos de titulación, ben por seren traballadores que, malia obterer unha titulación, carecen por completo de experiencia profesional; e, por outro lado, a inserción profesional, o acceso ao mercado de traballo. Pero, ao mesmo tempo, calquera proposta encamiñada a facer promoción deste tipo de contratos recorda tamén que as dificultades para integrar ambas as dúas vertentes xa son tradicionais no noso país. En todo caso, desde o inicio da crise, todas as modificacións efectuadas son claros expoñentes do “triumfo” da concepción destes contratos como medidas de fomento do emprego<sup>49</sup>. Aínda que, certamente, as alarmantes cifras de desemprego xuvenil

---

45 Para aplicar ambas as dúas medidas, é necesaria a formalización escrita dos contratos no modelo que estableza o Servizo Público de Emprego Estatal (artigo 13.3).

46 A disposición derradeira segunda da Lei 11/2013, do 26 de xullo, suprime con esta finalidade o parágrafo cuarto do artigo 11 c) do ET.

47 Para cumprir este obxectivo, as disposicións derradeiras terceira e cuarta modifican os artigos 6.2, 7.1, 10.2 e 12.3 bis da Lei 14/1994, do 1 de xuño, pola que se regulan as empresas de traballo temporal e os artigos 6 bis e 201 do RD 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual.

48 Para iso, o artigo 3 do Real decreto lei 16/2013 modifica os artigos 6.2, 7.1 e 10.2 da Lei 14/1994, do 1 de xuño. En materia de bonificacións, dáse nova redacción para incluír o suposto ao artigo 7.2 da Lei 3/2012.

49 LÓPEZ TERRADA, E., *Las modalidades de contratación en la reforma laboral de 2012*, cit., pp. 60 e ss.

autorizan en parte o reforzo desta concepción, córrese o risco, especialmente no contrato para a formación e a aprendizaxe, de que a finalidade de inserción laboral “esvaeza” por completo a vertente formativa ata o punto de “desnaturalizar” estes contratos. Ademais, dada a dubidosa eficacia e eficiencia deste tipo de medidas, e dado o seu carácter contradictorio co obxectivo da estabilidade no emprego, cabería preguntarse pola necesidade de engadir aos incentivos a contratacións iniciais para a formación e a aprendizaxe introducidos pola reforma 2012 as novas reducións para contratacións iniciais en prácticas.

#### 4.1.6 Incentivos á incorporación de mozos a entidades da economía social

Finalmente, en sexto lugar, o artigo 14 da Lei 11/2013 prevé incentivos destinados ás entidades da economía social. Trátase, concretamente, de bonificacións que se recoñecen ás cooperativas ou sociedades laborais que incorporen traballadores desempregados menores de 30 anos como socios traballadores ou de traballo; e de bonificacións aplicables ás empresas de inserción nos supostos de contratos de traballo subscritos con persoas menores de 30 anos en situación de exclusión social incluídas no artigo 2 da Lei 44/2007, do 13 de decembro<sup>50</sup>. Cabería pensar que estas últimas, aínda que certamente non foron negociadas nin discutidas cos interlocutores sociais, atopan a súa xustificación en razóns de xustiza social. Non obstante, xa existen bonificacións aplicables ás empresas de inserción e, de feito, o propio artigo 14 da Lei 11/2013 declara a incompatibilidade das novas medidas coas previstas no artigo 16.3 a) da Lei 44/2007.

#### 4.1.7 Bonificacións por contratacións indefinidas de persoas beneficiarias do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil: a Tarifa Xove

A Lei 18/2014 concreta a regulación dunha serie de medidas de apoio á contratación que describen os seus artigos 107 a 109. A súa avaliación augúrase –como non– no seu artigo 110. A maioría destas medidas analizáronse xa, pois consisten en modificacións da Lei 11/2013 ou en previsións de modificacións relacionadas coa bonificación dos contratos para a formación e a aprendizaxe. Existe outra medida, non obstante, que se refire á contratación indefinida de persoas beneficiarias do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.

En efecto, o artigo 107 da Lei 18/2014 dispón que, desde a entrada en vigor do Real decreto lei 8/2014 ata o 30 de xuño de 2016, as empresas, incluídos os traballadores autónomos e as entidades da economía social, que contraten de forma indefinida, incluída a modalidade fixa discontinua, unha persoa beneficiaria do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, gozarán dunha bonificación mensual na achega empresarial á cotización á Seguridade Social por un importe de 300 euros. A duración da bonificación será de 6 meses, estando obrigada a empresa –ou o traballador autónomo– a manter o traballador polo menos seis meses desde o inicio da relación laboral. En caso de incumprimento desta obriga, deberase proceder ao reintegro da bonificación. Esta limitada obriga de mantemento do emprego levou a doutri-

50 No primeiro caso, trátase de bonificacións nas cotas empresariais da Seguridade Social durante tres anos, cuxa contía será de 66,67 euros/mes (800 euros/ano). Tratándose de cooperativas, as bonificacións aplicaranse cando estas opten por un réxime de Seguridade Social propio de traballadores por conta allea, nos termos da disposición adicional cuarta da LXSS. No segundo caso, trátase de bonificacións de 137,50 euros/mes (1.650 euros/ano) durante toda a vixencia do contrato ou durante tres anos, en caso de contratación indefinida, que non serán compatibles coas previstas no artigo 16.3.a) da Lei 44/2007, do 13 de decembro.

na que comentou o real decreto lei en que a norma ten a súa orixe a cualificar o carácter indefinido da contratación que se bonifica como “máis formal que material”<sup>51</sup>.

Ademais, as empresas ou traballadores autónomos estarán obrigados a incrementar coa nova contratación tanto o nivel de emprego indefinido como o nivel de emprego total, e manter o novo nivel alcanzado coa contratación durante todo o período de desfrute da bonificación. Para calcular o dito incremento, tomarase como referencia a media diaria de traballadores que prestasen servizos nos trinta días naturais anteriores á formalización do contrato. Non obstante, para os efectos de examinar o cumprimento destes requisitos, non se terán en conta as extincións de contratos por causas obxectivas ou por despedimentos disciplinarios que non fosen declarados improcedentes nin as debidas a extincións causadas por dimisión, morte, ou incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez dos traballadores. Cando a contratación é a tempo parcial, a xornada será como mínimo do 50 % da correspondente á dun traballador a tempo completo comparable, aplicándose unha bonificación de entre 150 e 225 euros para este suposto en función da xornada de traballo. Agora ben, a bonificación será inexistente nos supostos xerais da Lei 43/2006 e nos supostos de contratacións de traballadores cuxa actividade determine a inclusión en calquera dos sistemas especiais establecidos no réxime xeral da Seguridade Social.

Polo demais, o artigo 107 declara compatible esta medida con todo tipo de incentivos sempre que o importe mensual a cotizar pola empresa ou o traballador autónomo non sexa negativo. Se a achega empresarial á cotización á Seguridade Social do traballador que dá dereito á bonificación fose inferior ao importe desta, o exceso poderá descontarse da achega empresarial final que resulte na liquidación mensual na que figure incluído o citado traballador, sempre que esta non resulte negativa.

## 4.2 Os novos estímulo á contratación indefinida

### 4.2.1 A tarifa plana reducida para novas contratacións indefinidas

Partindo de idéntico diagnóstico acerca da situación da economía española –que se entende que mostra unha recuperación gradual– e con idéntica finalidade que o Real decreto lei 16/2013 –potenciar de xeito urxente a contratación estable–, o Real decreto lei 3/2014, do 28 de febreiro, estableceu, con efectos do 25 de febreiro de 2014, que a achega empresarial á cotización á Seguridade Social por contingencias comúns en supostos de contratación indefinida se reducirá ás seguintes contías: a) Se a contratación é a tempo completo, 100 euros mensuais; b) Se a contratación é a tempo parcial, cando a xornada de traballo sexa, polo menos, equivalente a un 75 % da xornada dun traballador a tempo completo comparable, 75 euros mensuais; c) Se a contratación é a tempo parcial, cando a xornada de traballo sexa, polo menos, equivalente a un 50 % da xornada dun traballador a tempo completo comparable, 50 euros mensuais. Agora ben, exclúese da redución a cotización por horas complementarias que realicen os traballadores a tempo parcial (disposición adicional única).

Estas reducións resultan aplicables durante un período de 24 meses, computados a partir da data de efectos do contrato, que deberá formalizarse por escrito, e respecto dos realizados

---

51 CASAS BAAMONDE, M. E.; RODRÍGUEZ-PIÑERO e BRAVO-FERRER, M.; e VALDÉS DAL-RÉ, F., “El Real decreto-ley 8/2014: Garantía Juvenil y nuevo marco territorial de las políticas de empleo”, *Relaciones Laborales*, n.º 9, 2014.

entre o 25 de febreiro de 2014 e o 31 de marzo de 2015 (disposición adicional décimo sétima do Real decreto lei 17/2014, do 26 de decembro). Non obstante, finalizado o período de 24 meses, e durante os 12 meses seguintes, as empresas que no momento de asinaren o contrato ao que se lle aplique a redución contén con menos de dez traballadores terán dereito a unha redución equivalente ao 50 % da achega empresarial á cotización por contingencias comúns correspondente ao traballador contratado de xeito indefinido<sup>52</sup>.

Á marxe das consideracións críticas que pode suscitar o réxime xurídico da medida, e con independencia da desfavorable valoración que merece o recurso constante ao decreto lei, a aprobación dunha medida de tal xeneralidade, estando tan próximo no tempo o incremento ás cotizacións introducido ex disposición derradeira terceira do Real decreto lei 16/2013, non deixa de causar estupor. Primeiro, polas súas posibles repercusións negativas na situación financeira da Seguridade Social; pero tamén por ignorar abertamente as advertencias e recomendacións que, de xeito unánime, veñen realizando as sucesivas avaliacións efectuadas en materia de incentivos á contratación: os seus efectos “peso morto”, “substitución” e “desprazamento”, ou a súa demostrada ineficacia se non se busca unha mellor selección dos colectivos bonificados.

En todo caso, o acceso ás reducións previstas condiciónase á observancia dunha serie de requisitos que detalla o artigo único.2 do Real decreto lei. Entre eles, atópase a necesidade de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e de Seguridade Social (artigo único.2 a); a condición de non ser excluído do acceso aos beneficios derivados dos programas de emprego pola comisión das infraccións dos artigos 22.2, 16 e 23 da LISOS (artigo único.2 e); a imposibilidade de ter levado a cabo, nos seis meses anteriores á formalización dos contratos, despedimentos declarados xudicialmente improcedentes ou despedimentos colectivos (artigo único.2 b); ou a obriga de que coa contratación se incremente e manteña o nivel de emprego indefinido e o nivel de emprego total na empresa [artigo único.2 d) e e)].

Trátase, non obstante, de deberes que, na súa maior parte, quedan bastante atenuados e que, en consecuencia, dificilmente evitarán o efecto “substitución” de traballadores. Así, por exemplo:

- Para os efectos da prohibición de ter efectuado despedimentos nos termos expostos no artigo único 2. a), non se teñen en conta as extincións que se producisen antes do 25 de febreiro de 2014.
- Á hora de calcular o incremento do nivel de emprego, tómase como referencia a media diaria de traballadores que prestasen servizos na empresa nun período certamente breve: os trinta días anteriores á formalización do contrato (artigo único 2.c)<sup>53</sup>. Do

52 Quedan excluídos das reducións descritas os supostos descritos no artigo único.3, aínda que cómpre ter en conta que, co fin de incentivar a contratación dos traballadores máis novos, si procederá a redución cando a persoa contratada sexa un fillo dun traballador autónomo, menor de 30 anos, ou maior desa idade cando teñan especiais dificultades para a súa inserción laboral, de acordo co establecido na disposición adicional décima da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo. Por outra banda, a Lei 18/2014 engadiu un novo apartado 5 bis no artigo único, en virtude do cal: «O disposto nos apartados anteriores será tamén de aplicación ás persoas que se incorporen como socios traballadores ou de traballo das cooperativas, así como aos que se incorporen como socios traballadores das sociedades laborais».

53 RODRÍGUEZ-PIÑERO, M. e CASAS BAAMONDE, M. E., “El uso del decreto ley como instrumento de las reformas laborales. La garantía juvenil y la tarifa plana para el fomento del empleo y la contratación indefinida”, *Relaciones Laborales*, n.º 4, 2014, p. 14 da v.e., advirten que, ao ser o período de tempo tan escaso, se o novo contrato se realizase trinta días despois do remate dun contrato temporal, por esta vía sería posible converter emprego temporal en indefinido.

mesmo xeito, para controlar o mantemento do nivel de emprego indefinido e do nivel de emprego total durante os 36 meses exixidos –o que se fará cada doce meses–, a norma refírese á media de traballadores indefinidos e á media de traballadores totais “do mes en que proceda examinar o cumprimento deste requisito” (artigo único.2 d).

- Para examinar o nivel de emprego e o seu mantemento na empresa, subliñase que “non se teñen en conta” as extincións de contratos de traballo por causas obxectivas ou por despedimentos disciplinarios “que non fosen declarados improcedentes” (artigo único.2 d), o que implica non tomar en consideración, por exemplo, extincións de mutuo acordo, non impugnadas, pactadas en conciliación, etc.
- En xeral, nos supostos de aplicación indebida da respectiva redución, por incumprir as condicións establecidas, procederá o reintegro das cantidades deixadas de ingresar coa recarga e o xuro de mora correspondentes, conforme o establecido na normativa recadatoria da Seguridade Social. Non obstante, en caso de incumprimento do requisito de mantemento do emprego do apartado 2.d), non sempre se reintegra o 100 % da diferenza entre os importes correspondentes ás achegas empresariais á cotización por contingencias comúns que procedesen en caso de non se aplicar a redución e as achegas xa realizadas desde a data de inicio da aplicación da redución. A norma “suaviza” a obriga de reintegro, que se realizará nos seguintes termos: 1º) Se o incumprimento da exixencia do mantemento do nivel de emprego se produce aos doce meses desde a contratación, corresponderá reintegrar o 100 % da citada diferenza; 2º) Se tal incumprimento se produce aos vinte e catro meses desde a contratación, corresponderá reintegrar o 50 % da citada diferenza; 3º) En caso de que o incumprimento se producise aos trinta e seis meses desde a contratación, corresponderá reintegrar o 33 % da citada diferenza. Ademais, nestes casos, non procederá exixir recarga e xuro de mora (artigo único.7).

#### 4.2.2 O mínimo exento pola contratación indefinida de traballadores

A Lei 25/2015, do 28 de xullo, creou, pola súa parte, un novo incentivo para a creación de emprego estable, que consiste na fixación dun mínimo exento na cotización empresarial por contingencias comúns á Seguridade Social pola contratación indefinida de traballadores.

A introdución desta medida xustifícase nos bos resultados obtidos co establecemento da tarifa plana de cotización, que segundo apunta a exposición de motivos “constituíu unha medida eficaz para contribuír á creación de emprego estable”. Menciónase a este respecto que, segundo os datos da Enquisa de Poboación Activa do cuarto trimestre de 2014, o emprego creceu en 433.900 persoas nos 12 últimos meses, cunha variación anual do 2,5 %, e o emprego asalariado indefinido incrementouse en 212.800 persoas, un 2,0 %. Nada se di acerca do incremento dos contratos temporais, o número dos cales, como sucedía antes da crise, tamén está aumentando e, ademais, de forma máis rápida que o de indefinidos<sup>54</sup>.

Continuando coa xustificación da medida, a exposición de motivos da Lei 15/2015 indica, ademais, que o establecemento dun mínimo exento supón a creación dun incentivo de carácter progresivo que reduce en maior medida as cotizacións sociais pola contratación

---

54 CES, *Economía, Trabajo y Sociedad. Memoria sobre la situación socioeconómica y laboral. España 2014*, cit., pp. 253 e 255.



estable de traballadores con menores retribucións. De feito, é unha medida que pretende favorecer aqueles colectivos con máis dificultades de inserción estable no mercado laboral, tales como desempregados de longa duración, traballadoras con escasa formación e mozos sen experiencia laboral.

Segundo a nova regulación, da que se poderán beneficiar todas as empresas que contraten de forma indefinida e creen emprego neto, nos supostos de contratación indefinida, en calquera das súas modalidades, a achega empresarial á cotización á Seguridade Social por continxencias comúns determinarase conforme as seguintes regras (artigo 8.1):

a) Se a contratación é a tempo completo, os primeiros 500 euros da base de cotización por continxencias comúns correspondente a cada mes quedarán exentos da aplicación do tipo de cotización na parte correspondente á empresa. Ao resto do importe da dita base resultarlle aplicable o tipo de cotización vixente en cada momento.

b) Se a contratación é a tempo parcial, cando a xornada de traballo sexa, polo menos, equivalente a un 50 % da xornada dun traballador a tempo completo comparable, a contía sinalada na letra a) reducirase de forma proporcional á porcentaxe de redución de xornada de cada contrato.

En caso de que o contrato indefinido se formalice con mozos inscritos no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil que reúnan os requisitos do artigo 105 da Lei 18/2014, este beneficio na cotización consistirá nunha bonificación, que se financiará con cargo á correspondente partida orzamentaria do Servizo Público de Emprego Estatal, e será obxecto de cofinanciamento con cargo ao Fondo Social Europeo cando cumpra cos requisitos establecidos. Nos demais supostos consistirá nunha redución que se financiará polo orzamento de ingresos da Seguridade Social (artigos 8.2 e 8.11).

O beneficio na cotización aplicarase –como a tarifa plana– durante un período de 24 meses, computados a partir da data de efectos do contrato, que deberá formalizarse por escrito, e respecto dos realizados entre o 1 de marzo de 2015 e o 31 de agosto de 2016. Finalizado o período de 24 meses, e durante os 12 meses seguintes, as empresas que no momento de asinaren o contrato ao que se lle aplique este beneficio na cotización contasen con menos de dez traballadores terán dereito a manter a bonificación ou redución, ben que durante este novo período estarán exentos da aplicación do tipo de cotización os primeiros 250 euros da base de cotización ou a contía proporcionalmente reducida que corresponda nos supostos de contratación a tempo parcial (artigo 8.3).

Os requisitos para gozar do novo beneficio na cotización (artigo 8.4), os supostos en que non procede a súa aplicación (artigo 8.5), as incompatibilidades (artigo 8.7) e o reintegro de cantidades por aplicación indebida deste (artigo 8.10) son tamén moi similares aos establecidos para a tarifa plana de cotización no Real decreto lei 3/2014, do 28 de febreiro. Iso faise, segundo reconece expresamente a exposición de motivos da Lei 15/2015, “a prol da continuidade e simplicidade do sistema”.

A aplicación da bonificación ou redución non afectará, polo demais, á determinación da contía das prestacións económicas a que poidan causar dereito os traballadores afectados, que se calculará aplicando o importe íntegro da base de cotización que lles corresponda (artigo 8.6).

## 5 Conclusións: reflexións sobre o mantemento dos incentivos á contratación

As dúbidas existentes acerca da eficacia das bonificacións e reducións nas cotizacións á Seguridade Social permiten cualificar de excesivo o número de incentivos aprobados nos últimos anos, mesmo entendéndoos como mecanismos destinados unicamente a focalizar o emprego nos mozos e a contratación indefinida. Os novos incentivos, ademais de suporen unha criticable volta á flexibilidade de entrada en materia de emprego xuvenil, desatenderon os problemas que veñen formulando as axudas á contratación indefinida no noso país. O estudo da contratación temporal e indefinida a longo prazo demostrou que, aínda que os incentivos á contratación indefinida en España teñen un efecto inicial positivo e rápido, este pulo inicial non se mantén con posterioridade. Ao estar o incremento asociado ás condicións económicas, crecen os contratos indefinidos, pero tamén os temporais. Así está a suceder na actualidade: o número de contratos indefinidos incrementouse, pero aumentaron máis rapidamente os contratos temporais. Ademais, detectouse a existencia dun elevado e sistemático peso morto nos incentivos á contratación indefinida motivado polas conversións a contratos indefinidos que se asinarían igual sen incentivos<sup>55</sup>. Por se iso fose pouco, as novas medidas trouxeron consigo un preocupante ascenso das reducións nas cotizacións á Seguridade Social e, a pesar da mingua nos recursos da Seguridade Social que a aprobación deste tipo de incentivos significa, o importe das reducións incrementouse ata superar o das bonificacións<sup>56</sup>.

Agora ben, con independencia da valoración que merecen os estímulo á contratación máis recentes, o problema de fondo a resolver de cara ao futuro é se, con carácter xeral, os incentivos á contratación deben subsistir ou se, pola contra, como se vén formulando nos últimos anos e se insinúa na disposición adicional sétima da Lei 30/2015, é preferible destinar os recursos empregados neles a outras iniciativas no ámbito das políticas activas de emprego. A resposta fronte a esta interrogante parece evidente: posto que os incentivos á contratación non crean emprego, deben desaparecer por completo. Non son novas as advertencias acerca da oportunidade de levar a cabo unha reasignación de recursos que permita, ao xeito de países nórdicos como Dinamarca, centralalos alí onde resultan máis eficaces, é dicir, na formación e no mellor funcionamento dos servizos de emprego<sup>57</sup>.

Aínda que, desde logo, este razoamento pode compartirse, entendo que existen varios factores de importancia que deben terse en conta antes de propor sen matices a necesidade de eliminar os incentivos á contratación.

1.º- O primeiro factor a considerar é que quizais a aprobación de incentivos se perpetúa no noso país porque presentan unha vantaxe fundamental para a Administración que os concede, e é que a súa xestión é máis sinxela que a formación para o emprego ou a colocación<sup>58</sup>.

---

55 CES, *Economía, Trabajo y Sociedad. Memoria sobre la situación socioeconómica y laboral. España 2014*, cit., pp. 255 a 257.

56 OJEDA AVILÉS, A. "Las políticas activas de empleo en España", *La protección por desempleo en España*, Laborum, Murcia, 2015, pp. 38 e 63-63.

57 AEVAL, *La política de bonificación y reducción de cuotas de la Seguridad Social*, cit., pp. 22-23; BENTOLILA, S. e JANSEN, M., "Un primer análisis económico de la reforma laboral de 2012", *Actualidad Laboral*, n.º 15, 2012, pp. 6-7 da v.e.; PÉREZ DEL PRADO, D., "Modificaciones al régimen de incentivos a la contratación (Real decreto-ley 3/2012)", cit., pp. 145 e ss.

58 OJEDA AVILÉS, A. "Las políticas activas de empleo en España" cit., p. 66.

Ademais, a transición a un modelo como o danés baseado nun eficaz funcionamento dos servizos de emprego exixiría un forte investimento de recursos públicos<sup>59</sup> que non tería que caracterizarse nin pola improvisación nin pola precipitación que si se detectou, por exemplo, no desenvolvemento das actuacións para a implantación do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil<sup>60</sup>. Así pois, a desaparición dos incentivos, unha vez determinado o seu impacto orzamentario, debería acompañarse de propostas concretas e realistas que plasmen o modo en que se van reasignar os recursos liberados noutras políticas activas de emprego.

2.º- O segundo factor a considerar garda relación co alcance da proposta que se efectúa. Como é sabido, non todos os incentivos actualmente en vigor teñen por obxecto a creación urxente de emprego xuvenil ou indefinido. De feito, no ano 2014 o 80 % dos contratos bonificados foron de carácter temporal, case a metade estiveron relacionados con substitucións por maternidade ou outras interinidades, e algo máis dun terzo referíronse a persoas con discapacidade<sup>61</sup>. As cifras demostran, pois, que os incentivos máis utilizados a día de hoxe se aprobaron coa finalidade de apoiar a conciliación da vida familiar e laboral ou coa idea de favorecer o emprego de persoas con discapacidade. En consecuencia, se se opta pola desaparición dos incentivos, haberá que decidir se, atendendo á súa finalidade, e malia a súa escasa repercusión na creación de emprego, debe manterse algún deles ou se, pola contra, a desaparición debe ser xeral. Neste segundo caso, ademais de concretar a reasignación de recursos en materia de políticas activas de emprego, parece que deberían arbitrarse outro tipo de medidas alternativas aos incentivos que garantisen a protección dos obxectivos por eles tutelados, como a igualdade entre homes e mulleres ou a inserción de colectivos especialmente desfavorecidos.

3.º- O terceiro factor pode extraerse dos estudos e avaliacións nacionais e internacionais xa realizados en materia de incentivos á contratación, e refírese á incidencia que poden ter os incentivos na creación de emprego. Non hai que esquecer que a virtualidade dos incentivos como mecanismos de creación de emprego existe, e reside na súa capacidade para focalizar ou canalizar o emprego cara a determinados colectivos. Para que isto sexa posible, non é preciso bonificar o emprego indefinido en exclusiva, pero si é absolutamente necesario que se delimiten moi precisamente os colectivos destinatarios. No informe da OCDE “Perspectivas do emprego 2011” advertíase a este respecto que estas medidas deben ter necesariamente un carácter selectivo, pois, pola contra, o efecto de peso morto é moi intenso. Por iso, aconsellaba manter no noso país, xunto ás que se poden xustificar por razóns de xustiza, unicamente, por exemplo, as relativas aos contratos de formación ou ás pemes.

Cabería pensar, en consecuencia, sen prexuízo da desaparición do actual panorama de bonificacións e reducións nas cotas á Seguridade Social, na subsistencia dun número moi reducido de incentivos á contratación. A súa elección nunca debería perder de vista, ao meu xuízo, dúas constatacións esenciais: a ineficacia dos incentivos como medidas xerais ou a grande escala, e a necesidade de focalizar o emprego en colectivos moi concretos. Ademais, debería ter en conta que serán medidas dirixidas a un país cunha taxa de temporalidade excesiva, e xa endémica, e con cifras de desemprego xuvenil intolerables. A partir de aí, se realmente houbera que manter algún incentivo de forma illada, seguramente habería que

59 NAVARRO NIETO, F. e COSTA REYES, A., “Reformas laborales y políticas de empleo”, *cit.*, p. 17.

60 CES, *Economía, Trabajo y Sociedad. Memoria sobre la situación socioeconómica y laboral. España 2014*, *cit.*, pp. 296-297.

61 CES, *Economía, Trabajo y Sociedad. Memoria sobre la situación socioeconómica y laboral. España 2014*, *cit.*, p. 313.

centrar a atención, seguindo indicacións como as mencionadas e como as efectuadas pola Comisión Europea<sup>62</sup>, nos relativos aos contratos formativos, ou nos que favorecen a contratación indefinida de mozos por microempresas, ou ben habería que pensar en bonificacións a contratacións indefinidas dirixidas unicamente aos colectivos especialmente desfavorecidos que por razóns de equidade se decidise.

## 6 Bibliografía

- AEVAL, *La política de bonificación y reducción de cuotas de la Seguridad Social*, 1.ª ed., Ministerio da Presidencia, Madrid, 2009.
- BAJO GARCÍA, I., "Incentivos económicos y fiscales a la creación y mantenimiento del empleo", *Actualidad Laboral*, n.º 19, 2012.
- BENTOLILA, S. e JANSEN, M., "Un primer análisis económico de la reforma laboral de 2012", *Actualidad Laboral*, n.º 15, 2012.
- CASAS BAAMONDE, M. E.; RODRÍGUEZ-PIÑERO e BRAVO-FERRER, M.; e VALDÉS DAL-RÉ, F., "El Real decreto-ley 8/2014: Garantía Juvenil y nuevo marco territorial de las políticas de empleo", *Relaciones Laborales*, n.º 9, 2014.
- CES, *Economía, Trabajo y Sociedad. Memoria sobre la situación socioeconómica y laboral. España 2014*, Consello Económico e Social, Madrid, 2015.
- Comisión Europea, *Informe conxunto de emprego, que acompaña a Estudo Prospectivo Anual sobre Crecemento para 2015*, COM (2014), 906 final.
- CUETO IGLESIAS, B., "Las ayudas a la contratación indefinida en España", *Revista de Economía Laboral*, n.º 3, 2006.
- FERNÁNDEZ PRATS, C. e TATAY PUCHADES, C., "Financiación, cotización y recaudación", Roqueta, R. e García, J. (dirs.), *Derecho de la Seguridad Social*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2013.
- GÓMEZ ABELLEIRA, F. J., "Medidas para favorecer el empleo estable: el contrato de apoyo a los emprendedores y la recuperación de la conversión en indefinidos por reiteración de contratos temporales", García-Perrote, I. e Mercader, J. R. (dirs.), *Reforma laboral 2012. Análisis práctico del RDL 3/2012, de medidas urgentes para la reforma del mercado laboral*, 1.ª ed., Lex Nova, Valladolid, 2012.
- LÓPEZ TERRADA, E., *Las modalidades de contratación en la reforma laboral de 2012*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2012.
- MARX, I., "Subvenciones al empleo y reducción de las cotizaciones empresariales. Dictamen de los estudios empíricos", *Revista Internacional del Trabajo*, n.º 1, vol. 120, 2001.

---

62 Comisión Europea, *Informe conxunto de emprego, que acompaña o Estudo Prospectivo Anual sobre Crecemento para 2015*, COM (2014), 906 final.

- MIRANDA BOTO, J. M., "El nuevo contrato de trabajo por tiempo indefinido de apoyo a los emprendedores", *Actualidad Laboral*, n.º 8, 2012.
- NAVARRO NIETO, F. e COSTA REYES, A., "Reformas laborales y políticas de empleo", *Revista de Derecho Social*, n.º 60, 2013.
- OJEDA AVILÉS, A., "Las políticas activa de empleo en España", *La protección por desempleo en España*, Laborum, Murcia, 2015.
- OCDE, *Empleo juvenil. España*, Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais, Madrid, 2007.
- PÉREZ DEL PRADO, D., *Los instrumentos económicos de fomento del empleo*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2011.
- PÉREZ DEL PRADO, D., "Modificaciones al régimen de incentivos a la contratación (Real decreto-ley 3/2012)", García-Perrote, I. y Mercader, J. R. (dirs.), *Reforma laboral 2012. Análisis práctico del RDL 3/2012, de medidas urgentes para la reforma del mercado laboral*, 1.ª ed., Lex Nova, Valladolid, 2012.
- RODRÍGUEZ-PIÑERO e BRAVO-FERRER, M., "Flexibilidad interna y externa en el Real decreto-ley 3/2012", *diariolaley.es*, 2012.
- RODRÍGUEZ-PIÑERO, M. e CASAS BAAMONDE, M. E., "El uso del Decreto Ley como instrumento de las reformas laborales. La garantía juvenil y la tarifa plana para el fomento del empleo y la contratación indefinida", *Relaciones Laborales*, n.º 4, 2014.
- SALA FRANCO, T., PÉREZ INFANTE, J. I. e LÓPEZ TERRADA, E., *Las modalidades de la contratación laboral*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2009.
- TOHARIA CORTÉS, L., et. al., *El efecto de las bonificaciones de las cotizaciones a la Seguridad Social para el empleo en la afiliación a la Seguridad Social: un intento de evaluación macroeconómica, microeconómica e institucional*, Ministerio de Trabajo e Inmigración, Madrid, 2008.

Regap



ESTUDIOS



## A Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia. Aspectos urbanísticos e entidades de certificación de conformidade municipal (ECCOM)

La Ley 9/2013, de 19 de diciembre, del emprendimiento y de la competitividad económica de Galicia. Aspectos urbanísticos y entidades de certificación de conformidad municipal (ECCOM)

Law 9/2013, of December 19, Entrepreneurship and Economic Competitiveness of Galicia. Urban aspects and conformity certification municipal entities

51 Regap

Regap



ESTUDIOS

ALFONSO MARNOTES GONZÁLEZ

Técnico de Administración local

Funcionario do Corpo Superior da Xunta de Galicia (España)

jose.alfonso.marnotes.gonzalez@xunta.gal

Recibido: 14/01/2016 | Aceptado: 21/01/2016

**Resumo:** A Comunidade Autónoma de Galicia realizou unha profunda revisión do sistema de intervención administrativa na execución de obras e na apertura de establecementos, e, para iso, estableceu unha regulación integral do exercicio de todas as actividades tanto inocuas como clasificadas e dos espectáculos públicos e actividades recreativas mediante a Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia. Deste xeito elimínase unha regulación dispersa, confusa e en ocasións contraditoria, e sométese o exercicio de actividades e a realización de obras a un sistema de intervención único baseado na supresión da licenza e a xeneralización da comunicación previa para o seu exercicio. A reforma prevé a intervención de entidades de certificación de conformidade municipal (ECCOM) como entidades colaboradoras da Administración para a verificación e control de conformidade coa normativa sectorial e municipal.

**Palabras clave:** urbanismo, licenzas municipais, actividades económicas, apertura de establecementos, comunicación previa, entidades colaboradoras.

**Resumen:** La Comunidad Autónoma de Galicia ha realizado una profunda revisión del sistema de intervención administrativa en la ejecución de obras y en la apertura de establecimientos, y, para ello, ha establecido una regulación integral del ejercicio de todas las actividades tanto inocuas como clasificadas y de los espectáculos públicos y activi-

dades recreativas mediante la Ley 9/2013, de 19 de diciembre, del emprendimiento y la competitividad económica de Galicia. De esta manera se elimina una regulación dispersa, confusa y en ocasiones contradictoria, y se somete el ejercicio de actividades y la realización de obras a un sistema de intervención único basado en la supresión de la licencia y la generalización de la comunicación previa para su ejercicio. La reforma prevé la intervención de entidades de certificación de conformidad municipal (ECCOM) como entidades colaboradoras de la Administración para la verificación y control de conformidad con la normativa sectorial y municipal.

**Palabras clave:** urbanismo, licencias municipales, actividades económicas, apertura de establecimientos, comunicación previa, entidades colaboradoras.

**Abstract:** The Autonomous Community of Galicia has made a thorough review of the system of administrative intervention in the execution of works and opening of establishments and it has established a comprehensive regulation of the exercise of all activities both classified and harmless as public entertainment and recreation by Law 9/2013, of December 27, Entrepreneurship and Economic Competitiveness of Galicia. This a scattered, confused and sometimes contradictory regulation is removed and the exercise of activities and carrying out works to a single intervention system based on the suppression of the license and the generalization of advance notice for its exercise is subject. The reform provides for the intervention of Municipal Entities Compliance Certification (ECCOM) as associates of management for verification and control in accordance with the sectorial and municipal regulations.

**Key words:** urban planning, municipal licenses, economic activities, opening establishments, advance notice, collaborating entities.

**Sumario:** 1 Introducción. 2 A Directiva de servizos e o seu impacto no ámbito urbanístico. 2.1 As liberdades comunitarias: liberdade de establecemento e de prestación de servizos. 2.2 A autorización administrativa previa. 2.3 Razóns imperiosas de interese xeral. 2.4 Recoñecemento do silencio positivo. 2.5 A recepción no dereito interno da Directiva de servizos. 2.5.1 Normativa estatal de transposición. 2.5.2 Medidas alternativas á autorización: comunicación previa e declaración responsable. 2.5.3 A normativa de adaptación da Comunidade Autónoma de Galicia. 3 A intervención administrativa para o exercicio de actividades en Galicia. 3.1 Cuestións previas. 3.2 A comunicación previa de apertura na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia. 3.3 Efectos da comunicación previa. 4 A avaliación ambiental das actividades. 4.1 Procedemento. 4.2 Resolución. 4.3 Efectos. 5 Espectáculos públicos e actividades recreativas. 5.1 Supostos de espectáculos públicos e actividades recreativas con licenza previa. 5.1.1 Procedemento. 5.2 Vixencia e extinción das licenzas. 5.3 Revogación e caducidade. 6 Réxime sancionador. 6.1 Infraccións e sancións. 6.1.1 Moi graves. 6.1.2 Graves. 6.1.3 Infraccións leves. 6.1.4 Responsables. 7 As formas de intervención no ámbito urbanístico na normativa de Galicia. 7.1 A situación anterior á lei e a súa reforma. 7.2 A comunicación previa urbanística. 7.2.1 Prazo e procedemento. 7.2.2 Efectos. 7.3 Pluralidade de actuacións e responsabilidade. 7.4 Exención de licenza. 7.5 Control posterior. 8 As entidades colaboradoras da Administración. 9 Concepto e caracterización 9.1. Entidades privadas. 9.2 Colaboración coa Administración. 9.2.1 Contido da colaboración. 9.2.2 O problema do exercicio de funcións públicas. 9.2.3 A autonomía local e a atribución de funcións públicas polas entidades locais. 9.3 Principios da actuación das entidades colaboradoras. 9.4 Habilitación ou autorización de entidades. 10 Control e responsabilidade da súa actividade. 11 As entidades de control e conformidade municipal (ECCOM). 11.1 A regulación das entidades de certificación de conformidade municipal. 11.2 Infraccións e sancións. 11.2.1 Moi graves. 11.2.2 Graves. 11.2.3 Infraccións leves. 11.2.4 Responsables. 12 Conclusións. 13 Addenda. 14 Bibliografía.

## 1 Introducción

Foi tradicional no dereito español o sistema de autorización administrativa previa ao exercicio de actividades, á prestación de servizos ou á realización de instalacións. O control formal previo é o modelo sobre o que se constrúe o sistema de intervención administrativa, e así é aceptado comunmente e asumido polo cidadán e a Administración. Toda actividade económica está sometida ao control previo da Administración pública e na maior parte das actividades económicas o control previo é múltiple e a actividade precisa de diversas autorizacións sucesivas e concatenadas de maneira que unhas son requisito previo, a súa vez, doutras.

Fronte a ese modelo, a importancia das liberdades comunitarias na Unión Europea, presentes xa nos tratados constitutivos para a creación dun mercado interior, levou á necesidade de



editar normas de dereito derivado que eliminasen trabas e obstáculos que poidan existir nos Estados membros para facilitar o seu libre exercicio. Aseguradas xa durante a década dos anos noventa do século anterior a libre circulación de capitais, de persoas e de mercadorías, a plena aplicación da liberdade de circulación de servizos facía necesaria a eliminación de múltiples trabas e obstáculos mediante un proceso no que a xurisprudencia comunitaria foi clave e que culminou coa Directiva 2006/123/CE, do Parlamento e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior.

A adopción da directiva hai que enmarcala dentro dun proceso máis amplo de evolución dunha actividade de policía administrativa á regulación que implica unha modificación da cultura administrativa, un verdadeiro cambio de paradigma que non se basea na desregulación ou na eliminación da intervención administrativa –que produciría un desequilibrio inasumible entre a economía e a orde social– senón na utilización de distintas técnicas de control, resultado, por outra parte, da lóxica evolución do sistema nunha sociedade enormemente desenvolvida, profesionalizada e tecnificada. O que finalmente se produce é o traslado da responsabilidade sobre o inicio da actividade ao emprendedor e resérvase o control sobre o seu exercicio. Desta forma, o sistema de control previo transfórmase nun control posterior logo da comunicación do particular á Administración de todos os datos precisos para o inicio da actividade.

A substitución de sistemas de autorización previa por sistemas de control *ex post* introduce a inseguridade ao prestador do servizo sobre o cumprimento dos requisitos legais. Por outra banda, a Administración non ten máis datos que os que lle facilita o particular, datos que só poderá comprobar unha vez que se inicie a prestación. En sectores como o industrial, no que hai máis de 20 anos que se suprimiu a autorización previa, o labor de comprobación encoméndase a entidades privadas colaboradoras da Administración, que ven agora ampliado o seu campo de actuación á prestación de servizos e ao urbanismo, onde tamén se modificou o sistema de intervención administrativa. A Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, elimina o réxime de autorización previa ao exercicio de actividades, modifica os sistemas de intervención no ámbito urbanístico e introduce as entidades colaboradoras da Administración nun e noutro sector mediante as entidades de certificación de conformidade municipal (ECCOM).

Regap



ESTUDIOS

## 2 A Directiva de servizos e o seu impacto no ámbito urbanístico

### 2.1 As liberdades comunitarias: liberdade de establecemento e de prestación de servizos

O Tratado de Funcionamento da Unión Europea (TFUE, antigo Tratado Constitutivo das Comunidades Europeas) regula, nos seus artigos 26 (mercado interior), 49 a 55 (establecemento) e 56 a 62 (servizos), as liberdades de establecemento e de libre prestación de servizos que garanten a mobilidade de empresas e profesionais na UE. Os traballadores por conta propia e os profesionais ou persoas xurídicas para os efectos do artigo 54 do TFUE que operan nun Estado membro poderán: i) levar a cabo unha actividade económica de xeito estable e continuado noutro Estado membro (liberdade de establecemento: artigo 49 do TFUE); ou ii) ofrecer e prestar os seus servizos noutros Estados membros de xeito temporal sen abandonar o

seu país de orixe (liberdade de prestar servizos: artigo 56 do TFUE). Iso supón non só eliminar calquera discriminación por razón de nacionalidade, senón tamén, para que estas liberdades se exerzan efectivamente, adoptar medidas oportunas para facilitar o exercicio destas: ante todo, a harmonización das normativas nacionais de acceso ou o seu recoñecemento mutuo.

A Directiva 2006/123/CE, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, *Directiva de servizos*, é unha norma de dereito comunitario derivado que introduce unha serie de medidas dirixidas a eliminar obstáculos ao desenvolvemento de actividades de servizos nun mercado único co obxecto de garantir as liberdades previstas nos tratados, singularmente as de establecemento e de prestación de servizos. A directiva ten carácter transversal, é dicir, aplícase a toda actividade de servizos entendida como calquera actividade económica por conta propia prestada a cambio de remuneración, xa sexa industrial, mercantil, artesanal ou profesional, e as súas liñas xerais son as seguintes:

- O réxime de autorización previa para o exercicio de actividades ou servizos pasa a ser excepcional e baixo as seguintes condicións: que o réxime de autorización non sexa discriminatorio para o prestador de que se trata, que a necesidade dun réxime de autorización está xustificada por unha razón imperiosa de interese xeral e, por último, que o obxectivo perseguido non se poida conseguir mediante unha medida menos restritiva, en concreto porque un control *a posteriori* se produciría demasiado tarde para ser realmente eficaz.

- Establécense medidas para asegurar o dereito dos prestadores a prestar servizos nun Estado membro distinto daquel en que estean establecidos, e a correlativa obriga do Estado membro en que se preste o servizo asegurará a liberdade de acceso e o libre exercicio da actividade de servizos dentro do seu territorio.

- Determinínase a obriga dos Estados membros de pór en vigor as disposicións legais, regulamentarias e administrativas necesarias para dar cumprimento ao establecido nesta directiva como moito antes do 28 de decembro de 2009.

A doutrina<sup>1</sup> puxo de manifesto que implica un cambio de cultura administrativa que supón a liberalización de servizos no ámbito de aplicación da directiva, de forma que o réxime de autorización previa ao exercicio ou ao establecemento da actividade ou servizo se converte en excepcional, sometendo as medidas administrativas de control ou intervención das actividades a un réxime de proporcionalidade, necesidade e non discriminación. E, aínda que en rigor a directiva é en realidade unha codificación da xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea sobre as liberdades de acceso e a libre prestación de servizos, o certo é que constitúe un punto de inflexión no proceso de harmonización do dereito administrativo dos Estados membros da Unión Europea<sup>2</sup> que ata este momento se centrara en sectores como as axudas públicas, a contratación do sector público, os servizos de interese xeral ou o medio para facelo agora na prestación de servizos.

1 TORNOS MAS, J., "La licencia comercial específica y el régimen de autorizaciones en la directiva de servicios", Villarejo Galende, H. (coord.), *La directiva de servicios y su impacto sobre el comercio europeo*, Comares, Granada, 2009, pp. 25 e ss., sinala que a directiva impón un modelo xeral de intervención na economía baseado na desregulación e exixelles aos Estados membros que toda medida intervencionista se xustifique en función da súa adecuación ao principio de proporcionalidade.

2 AGUADO I CUDOLÁ, V. e NOGUERA DE LA MUELA, B., *El impacto de la Directiva de servicios en las administraciones públicas*, Atelier, Barcelona, 2012, pp. 99 e ss. citando varios autores refírense ao fenómeno da "europeización do dereito administrativo", expresión coa que fan referencia á transformación dos ordenamentos nacionais polo impacto e a influencia dos actos e accións comunitarias.

## 2.2 A autorización administrativa previa

A directiva supuxo un xiro significativo á existencia xeneralizada de autorización administrativa previa ao exercicio dunha actividade, que é a forma de intervención e control construída sobre a noción clásica de policía administrativa, de tal forma que os Estados membros só poderán impor un réxime autorizador se se dan tres condicións: a existencia dunha razón imperiosa de interese xeral, que sexa proporcional a súa existencia e que non teña carácter discriminatorio, tal e como xa viña exixindo a xurisprudencia do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas.

O réxime de licenza ou autorización administrativa está xeneralizado na normativa sectorial, pero certamente existen outros sistemas de control. GARCÍA DE ENTERRÍA<sup>3</sup> estuda as autorizacións como unha das limitacións administrativas de dereitos, que conceptúan como incidencias que non modifican o dereito subxectivo afectado, nin tampouco a capacidade xurídica ou de obrar do titular, senón que actúan, exclusivamente, sobre as condicións de exercicio do dito dereito, deixando inalterados todos os seus elementos (configuración, funcionalidade, límites, protección). Esa incidencia sobre as facultades de exercicio dos dereitos está determinada pola necesidade de coordinalos, ben cos dereitos ou intereses doutro suxeito, ben (o que é o suposto normal das limitacións administrativas) cos intereses ou dereitos da comunidade ou do aparato administrativo. Tales limitacións de dereito poden reducirse a tres tipos:

- Prohibición incondicionada e absoluta.
- Prohibición relativa ou con reserva de excepción a outorgar pola Administración (técnica da suspensión da facultade de exercicio, modelo entre todos, a autorización ou licenza administrativa).
- Libre exercicio con reserva de excepción prohibitiva imposta en casos concretos pola Administración (técnica da eficacia inmediata da facultade con pendencia dunha acción administrativa resolutoria desta).

A estes tres tipos de limitacións administrativas, estudados pola doutrina italiana<sup>4</sup>, GARCÍA DE ENTERRÍA engádelles un cuarto, consistente na obriga positiva de lle comunicar á Administración, para os efectos de control dos límites do seu exercicio lícito (ou de información estatística) determinados exercicios de dereitos. Sobre esta *taxonomía* das limitacións administrativas volveremos ao tratar as medidas alternativas á autorización previstas na Directiva de servizos. Baste sinalar agora que a Administración precisa dunha habilitación legal explícita para actuar impondo calquera das limitacións expostas, o que para GARCÍA DE ENTERRÍA supón “*negar a existencia dun suposto poder abstracto e xeral da Administración capaz de intercalarse ao seu arbitrio entre a titularidade dun dereito do cidadán e o seu exercicio*”<sup>5</sup>.

3 GARCÍA DE ENTERRÍA, E. e FERNÁNDEZ, T. R., *Curso de derecho administrativo, tomo II*, 7ª ed., Civitas, Madrid, 2010, pp. 106 e ss.

4 GARCÍA DE ENTERRÍA, E. e FERNÁNDEZ, T. R., *Curso de derecho administrativo, tomo II*, 7ª ed., cit., segue neste punto a VIGNOCHI, G.

5 GARCÍA DE ENTERRÍA, E. e FERNÁNDEZ, T. R., *Curso de derecho administrativo, tomo II*, 7ª ed., cit., p. 110.

## 2.3 Razóns imperiosas de interese xeral

Como sinalamos, o réxime de autorización está sometido a tres condicións: proporcionalidade, necesidade e non discriminación. Que a medida de intervención sexa proporcionada e non discriminatoria implican un xuízo caso por caso. En canto á necesidade da medida, equipárase á existencia de razóns imperiosas de interese xeral, concepto xurídico indeterminado que foi desenvolvido polo Tribunal de Xustiza na súa xurisprudencia relativa aos artigos 43 e 49 do tratado e pode seguir evolucionando. A noción recoñecida na xurisprudencia do Tribunal de Xustiza abrangue polo menos os ámbitos seguintes: orde pública, seguridade pública e saúde pública, mantemento da orde na sociedade, obxectivos de política social, protección dos destinatarios dos servizos, protección do consumidor, protección dos traballadores, incluída a súa protección social, benestar animal, preservación do equilibrio financeiro dos réximes de seguridade social, prevención de fraudes, prevención da competencia desleal, protección do medio ambiente e do contorno urbano, incluída a planificación urbana e rural, protección dos acredores, garantía dunha boa administración de xustiza, seguridade viaria, protección da propiedade intelectual e industrial, obxectivos de política cultural, incluída a salvagarda da liberdade de expresión, a necesidade de garantir un alto nivel de educación, mantemento da diversidade de prensa, fomento da lingua nacional, conservación do patrimonio nacional histórico e artístico, e política veterinaria.

A existencia da razón imperiosa de interese xeral que xustifica o mantemento dunha autorización previa debe ser xustificada polo Estado que a invoca.

## 2.4 Recoñecemento do silencio positivo

É antigo o debate na Unión Europea arredor da cuestión do silencio positivo para suplir a falta de resposta da Administración dos procedementos administrativos. AGUADO I CUDOLÁ<sup>6</sup> sinala que ata o momento se producira por meras recomendacións para a incorporación do silencio como medida de simplificación administrativa. Pero a Directiva de servizos xa se refire á falta de resposta nos procedementos de autorización no seu artigo 13 con esta rotundidade:

*Os procedementos e trámites de autorización deberán ser adecuados para lles garantir aos interesados que se lle dea curso á súa solicitude o antes posible e, en calquera caso, dentro dun prazo de resposta razoable, fixado e feito público con antelación. O prazo non comezará a correr ata o momento da presentación de toda a documentación. Cando a complexidade do asunto o xustifique, a autoridade competente poderá ampliar o período un soa vez e por un tempo limitado. A ampliación e a súa duración deberán motivarse debidamente e notificaránselle ao solicitante antes de que expirase o período orixinal.*

*A falta de resposta no prazo fixado ou ampliado conforme o apartado 3, considerarase que a autorización está concedida. Non obstante, poderase prever un réxime distinto cando o dito réxime estea xustificado por unha razón imperiosa de interese xeral, incluídos os lexítimos intereses de terceiros.*

Co cal o procedemento autorizador, xa de seu excepcional, ten como regra xeral o silencio positivo.<sup>7</sup>

6 AGUADO I CUDOLÁ, V. e NOGUERA DE LA MUELA, B., *El impacto de la Directiva de servicios en las administraciones públicas*, cit., p. 79.

7 SANTIAGO IGLESIAS, D., "La incidencia de la Directiva de servicios y de sus normas de transposición en el régimen jurídico del silencio administrativo", Almeida Cereida, M. (coord.), *La termita Bolkenstein. Mercado único vs. derechos ciudadanos*, Thomsom-Reuters, Madrid,

## 2.5 A recepción no dereito interno da Directiva de servizos

### 2.5.1 Normativa estatal de transposición

A Directiva entrou en vigor o 28 de decembro de 2006, ao día seguinte da súa publicación no DOUE, e establecía un prazo de tres anos para que se finalizase o proceso de transposición. Este proceso foi enormemente complexo; implicou a avaliación e a revisión de normativa estatal, autonómica e local, e, en boa medida, desbordou as limitacións da propia directiva, que establecía claramente que por razóns ambientais ou urbanísticas estaba xustificada un réxime autorizador, o que, como veremos, non foi respectado.<sup>8</sup>

A Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio (lei *paraugas*), estableceu unha regulación baseada nos seguintes principios:

- Liberdade de establecemento. Os prestadores poderán establecerse libremente en territorio español para exercer unha actividade de servizos.
- Prohibición do réxime de autorización previa para o exercicio dunha actividade de servizos agás salvo casos excepcionais.
- Con carácter xeral, a realización dunha comunicación ou unha declaración responsable ou o outorgamento dunha autorización permitirá acceder a unha actividade de servizos e exercela por tempo indefinido. No seguinte apartado referirémonos a unha e a outra.

A Lei 25/2009, do 22 de decembro (lei *ómnibus*<sup>9</sup>), de modificación de diversas leis para a súa adaptación á lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, introduciu na LXPAC a comunicación previa e a declaración responsable como medios de inicio do procedemento cun novo artigo 71 bis. Modificouse a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), para introducir medios de control posterior e suprimir a licenza como única forma de intervención administrativa e, ao tempo, reformouse tamén o venerable Regulamento de servizos das corporacións locais, aprobado por Decreto do 17 de xuño de 1955 (RSCL), que sometía a licenza previa a apertura de establecementos. Desta forma, a apertura de establecementos industriais e mercantís poderá suxeitarse aos medios de intervención municipal mediante comunicación previa ou declaración responsable e non só de licenza. Con iso logrouse unha adaptación formal da directiva, pero deixouse en mans dos concellos elixir un sistema ou outro sen criterio ningún.

2012, p. 140, sinala que unha das modificacións de maior transcendencia introducida por esta directiva nos procedementos autorizatorios é o establecemento do réxime do silencio administrativo positivo como regra xeral.

- 8 Para unha análise detida do proceso de transposición da directiva e a reforma da intervención administrativa no marco da liberalización económica, véxase SANTIAGO IGLESIAS, D., “La incidencia de la Directiva de servicios y de sus normas de transposición en el régimen jurídico del silencio administrativo”, *cit.* Tamén en AGUADO I CUDOLÁ, V. e NOGUERA DE LA MUELA, B., *El impacto de la Directiva de servicios en las administraciones públicas, cit.*
- 9 As denominacións de *lei paraugas* para a Lei 17/2009 e de *lei ómnibus* para a Lei 25/2009 fixeron fortuna e así lles chaman tanto na literatura científica como nas propias publicacións oficiais. En realidade, aínda que parecen sobrenomes enxeñosos de orixe autóctona, son un préstamo lingüístico do inglés e responden a unha mala tradución da denominación de senllas técnicas lexislativas anglosaxonas. *Umbrella bill/umbrella legislation* (mal traducida como lei paraugas, o substantivo *umbrella* é un hiperónimo, un termo xeral que significaría cuberta ou protección) significa en realidade marco lexislativo. Vén ao caso da Lei 17/2009 porque é a que establece a regulación ou marco xeral do exercicio de actividades e servizos. Coa denominación *omnibus bill/omnibus legislation* designase a lei que abrangue unha serie de temas diversos e non relacionados, utilizando a palabra latina *omnibus* no seu significado orixinal “para todo” e non no referido ao transporte colectivo, que só existe en castelán. O que en calquera caso resulta apropiado para unha lei que, como a 25/2009, é en realidade unha norma que modifica outras 48 de rango legal, desde as bases do réxime local ata a metroloxía.

A Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable significou outra volta de parafuso máis, de forma que os artigos 84, 84 bis e 84 ter da Lei 7/1985, do 2 de abril, (modificados novamente pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local) preceptúan xa claramente que o exercicio de actividades non se someterá á obtención de licenza ou outro medio de control preventivo coas seguintes excepcións:

a) Cando estea xustificado por razóns de orde pública, seguridade pública, saúde pública ou protección do medio ambiente no lugar concreto onde se realiza a actividade, e estas razóns non se poidan salvagardar mediante a presentación dunha declaración responsable ou dunha comunicación.

b) Cando, pola escaseza de recursos naturais, a utilización de dominio público, a existencia de inequívocos impedimentos técnicos ou en función da existencia de servizos públicos sometidos a tarifas reguladas, o número de operadores económicos do mercado sexa limitado.

As instalacións ou infraestruturas físicas para o exercicio de actividades económicas só se someterán a un réxime de autorización cando o estableza unha lei que defina os seus requisitos esenciais e estas sexan susceptibles de xerar danos sobre o medio ambiente e o contorno urbano, a seguridade ou a saúde públicas e o patrimonio histórico, e resulte proporcionado.

A avaliación deste risco determinarase en función das características das instalacións, entre as que estarán as seguintes:

a) A potencia eléctrica ou enerxética da instalación.

b) A capacidade da instalación.

c) A contaminación acústica.

d) A composición das augas residuais que emita a instalación e a súa capacidade de depuración.

e) A existencia de materiais inflamables ou contaminantes.

f) As instalacións que afecten a bens declarados do patrimonio histórico.

Introdúcese unha importante regra para evitar a concorrencia de diversas autorizacións co mesmo obxecto, e é que, segundo o novo e importante apartado 3 do artigo 84 bis da LRBRL, en caso de existencia de licenzas ou autorizacións concorrentes entre unha entidade local e outra Administración, a entidade local deberá motivar expresamente na xustificación da necesidade da autorización ou licenza o interese xeral concreto que se pretende protexer e que este non se encontra xa cuberto mediante outra autorización xa existente.

Así mesmo, o artigo 84 ter dispón taxativamente que, cando o exercicio de actividades non precise autorización habilitante e previa, as entidades locais deberán establecer e planificar os procedementos de comunicación necesarios, así como os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos precisos para o exercicio desta polos interesados previstos na lexislación sectorial.

Malia a rotundidade da regulación, a Lei de economía sustentable pasa por alto un aspecto fundamental: o exercicio dunha nova actividade precisa na maior parte das ocasións da realización dunha obra e, xunto coa autorización da apertura (que se elimina), simultaneamente

cómpre unha autorización urbanística (que non se modifica). Isto ten tamén unha importante derivada, a conexión entre a regulación da intervención municipal e as facendas locais, e iso porque o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, regulaba a taxa polo outorgamento de licenzas de apertura e obra, así como o imposto pola realización de obras e construcións suxeitas a licenza (imposto sobre instalacións, construcións e obras, ICIO). A Lei de economía sustentable modificou a regulación da taxa de forma que o feito imponible era tanto o outorgamento da licenza de apertura como a verificación posterior en caso de non ser necesaria tal licenza, pero non alterou o feito imponible do ICIO, que seguía sendo a realización de obra precisada de licenza. Tal feito, que implica unha mingua importante dos recursos locais, unido á difusa supresión de licenza urbanística para as obras que teñen por obxecto a implantación dunha actividade, levou a que fosen moi poucos os concellos que optasen nas súas ordenanzas municipais por suprimir a licenza de obra para a realización de actividades.

Finalmente, o RDL 19/2012, do 25 de maio, convertido en Lei 12/2012, do 26 de decembro, de medidas urxentes de liberación do comercio e de determinados servizos, e a Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado, establecen que determinados tipos de actividades comerciais e de servizos (82 da epígrafe do IAE), cun límite de 300 m<sup>2</sup> ampliado a 750 m<sup>2</sup>, quedan exentas de licenza previa de instalacións, de funcionamento ou de actividade, nin outras de clase similar que suxeiten a autorización previa o exercicio da actividade comercial que se vai desenvolver ou a posibilidade mesma da apertura do establecemento correspondente. Modifícase a Lei reguladora das facendas locais para posibilitar o cobramento da taxa por licenzas urbanísticas e do imposto de instalacións, construcións e obras non só cando sexa preceptiva licenza, senón tamén no caso de declaración responsable ou comunicación previa.

Regap



ESTUDIOS

## 2.5.2 Medidas alternativas á autorización: comunicación previa e declaración responsable

Como sinalamos, a Lei 17/2009 xa estableceu unha preferencia da comunicación previa e da declaración responsable respecto da autorización administrativa, quedando ambas as dúas reguladas no novo artigo 71 bis da LRPAC, introducido pola Lei 25/2009, do 22 de decembro.

O artigo 42 da LRPAC xa prevía ese réxime cando sinalaba que a Administración está obrigada a ditar resolución expresa agás *“nos procedementos en que se produza a prescrición, a caducidade, a renuncia ou a desistencia nos termos previstos nesta lei, así como os relativos ao exercicio de dereitos que só deba ser obxecto de comunicación e aqueles nos que se produciše a perda sobrevida de obxecto de procedemento”*. A comunicación previa xa existía na regulación sectorial, concretamente na de industria, que xa desde o RD 2135/1980, do 26 de setembro, indicaba que a posta en funcionamento das industrias non necesitase outro requisito que a *comunicación* á Administración da certificación expedida por técnico competente, na que se poña de manifesto a adaptación da obra ao proxecto e o cumprimento das condicións técnicas e prescricións regulamentarias que, se é o caso, correspondan.

PAREJO ALFONSO<sup>10</sup> sinala que as técnicas de comunicación previa e declaración responsable son coñecidas no noso ordenamento xurídico-administrativo desde hai tempo *“e o seu uso dista de ser marxinal, atopándose ademais en crecemento antes do ditado da Directiva*

10 PAREJO ALFONSO, L., *Autorizaciones y licencias, hoy. Un análisis sectorial tras la Directiva de servicios*, Tirant Lo Blanch, Valencia, 2013, pp. 23 e ss.

*de servizos, polo menos nalgúns sectores*”, e sinala, entre eles, a contratación pública, as subvencións e, sobre todo, a fiscal.

Sinala a LRXPAC que se entenderá por declaración responsable o documento subscrito por un interesado no que manifesta, baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para acceder ao recoñecemento dun dereito ou facultade ou para o seu exercicio, que dispón da documentación que así o acredita e que se compromete a manter o seu cumprimento durante o período de tempo inherente ao dito recoñecemento ou exercicio.

Entenderase por comunicación previa, continúa indicando a lei, aquel documento mediante o que os interesados poñen en coñecemento da Administración pública competente os seus datos identificativos e demais requisitos exixibles para o exercicio dun dereito ou o inicio dunha actividade.

As declaracións responsables e as comunicacións previas producirán os efectos que determine en cada caso a lexislación correspondente e permitirán, con carácter xeral, o recoñecemento ou exercicio dun dereito ou ben o inicio dunha actividade, desde o día da súa presentación, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección que teñan atribuídas as administracións públicas.

A xeneralidade da doutrina<sup>11</sup> considerou pouco afortunada a configuración legal da comunicación previa e a declaración responsable, na que non queda clara a distinción entre unha figura e outra: a declaración responsable parece liberar o administrado da presentación de documentos e faculta a Administración para a verificación, pero o certo é que a presentación dunha comunicación previa non impide un control *ex post*; por outra banda, a práctica ofrécenos multitude de exemplos de comunicacións previas nas que o particular, para a acreditación do cumprimento de determinados requisitos achega, xunto coa documentación acreditativa, unha ou varias declaracións responsables<sup>12</sup>. Tamén se discute a súa regulación no capítulo que a LRXPAC dedica á iniciación do procedemento, xunto coa solicitude de persoa interesada ou a iniciación de oficio cando, en puridade, non existe procedemento ningún”<sup>13</sup>.

En todo caso, atopariámonos en ambos os dous casos ante o que GARCÍA DE ENTERRÍA denominaba obriga positiva de lle comunicar á Administración, para os efectos de control dos límites do seu exercicio lícito (ou de información estatística), determinados exercicios de dereitos, e que viña constituír o cuarto suposto de limitacións de dereitos que o indicado

---

11 CUBERO MARCOS, J. I., *La Comunicación previa, la declaración responsable y el procedimiento administrativo: especial referencia al establecimiento de actividades y a la prestación de servicios*, Thomson Reuters Aranzadi, Pamplona, 2013, p. 34, indica que «a lei non aclara se ao facilitar o interesado os datos permite o inicio da actividade ou se é necesario que a Administración revise ou verifique o presentado antes de que se poña en marcha esta; non se concreta que datos ou informacións resultan exixibles e pode advertirse algunha carencia ao omitir a norma reguladora do procedemento que poida prever todos estes detalles; por último, emprega o adxectivo exixible para cualificar os requisitos para o inicio da actividade e non se precisa en ningún momento a existencia dun deber previo da persoa interesada se pretende exercerla».

12 A Lei 2/2012, do 12 de xuño, de dinamización da actividade comercial na Comunidade de Madrid, sinala que, para a execución de obras e o exercicio da actividade, se iniciarán coa simple presentación (comunicación) da liquidación tributaria, proxecto técnico e declaración responsable, na que o interesado manifieste que cumpre coa lexislación vixente. O Decreto 16/2014, do 11 de febreiro, da Generalitat de Cataluña, de aprobación do regulamento do rexistro de instalacións destinadas a actividades con nenos e mozos, e de modificación do regulamento de instalacións destinadas a actividades con nenos e mozos, establece que a persoa física ou xurídica titular dunha instalación xuvenil deberá presentar unha comunicación previa acompañada de declaración responsable.

13 REBOLLO PUIG, M., “La actividad de limitación”, Cano Campos, T. (coord.), *Lecciones y materiales para el estudio del derecho administrativo*, vol. 3, tomo II, (A actividade das administracións públicas: o contido), Iustel, Madrid, 2009, p. 41; sinala que “ao facer a comunicación, o particular non pide nada nin espera ningunha resolución da Administración que, en efecto, non ten que producirse”.



autor lles engadía aos tres clásicos que vimos ao examinar o réxime autorizatorio: prohibición absoluta, prohibición relativa e exercicio libre con reserva de prohibición.

### 2.5.3 A normativa de adaptación da Comunidade Autónoma de Galicia

A Comunidade Autónoma de Galicia efectuou un profundo proceso de adaptación da normativa legal e regulamentaria á Directiva 2006/123/CE. A Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á directiva, modificou 23 leis da Comunidade Autónoma e deu lugar á modificación en ferverza de máis de 40 normas de rango regulamentario. Ese proceso completouse coa simultánea tramitación telemática dos procedementos e a creación da sede electrónica.<sup>14</sup>

O resultado desa adaptación é a xeneralización da comunicación previa ou a declaración responsable como medio de control administrativo nos procedementos da Xunta de Galicia, de maneira que a autorización previa é excepcional e case residual.

A pesar diso, neste proceso non se modificara a normativa que a Comunidade Autónoma aproba para a súa aplicación polas entidades locais, singularmente a urbanística, a reguladora dos procedementos ambientais das actividades clasificadas e a relativa a policía de espectáculos, o que finalmente se aborda coa Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECEG).

Regap



ESTUDIOS

## 3 A intervención administrativa para o exercicio de actividades en Galicia

### 3.1 Cuestións previas

O proceso para a definitiva eliminación de trabas ao exercicio de actividades económicas non se pode levar a cabo sen o concurso das administracións locais. Como xa vimos, o proceso parte da Directiva de servizos e dun complicado proceso normativo que se iniciou en 2009 e que se intensifica a partir de 2012. Tamén hai que subliñar a actividade dos entes locais, polo menos nos municipios de maior poboación, establecendo ordenanzas que introducen a comunicación previa ou declaración responsable nas actividades e nas obras menores, labor que, para ser completo e harmónico en todo o territorio, exixía que a Comunidade Autónoma establecese un réxime xurídico único e estable nas actividades que regula, si, pero que non autoriza en última instancia ao ser competencia exclusivamente municipal e estar sometida a licenza de actividade. Son as denominadas actividades inocuas, as clasificadas e as actividades recreativas e os espectáculos públicos.

A diferenza doutras comunidades autónomas, Galicia carecía dunha regulación común do réxime de control administrativo das actividades. A normativa existente ou era estatal e aplicábase

<sup>14</sup> O Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da administración electrónica da Xunta de Galicia, regula o dereito dos cidadáns a relacionarse coas administracións públicas galegas por medios electrónicos, a tramitación dos procedementos administrativos incorporados á tramitación telemática, a creación e regulación da sede electrónica e do rexistro electrónico, o impulso e desenvolvemento dos servizos electrónicos e o establecemento de estruturas e servizos de interoperabilidade. Desde a súa entrada en vigor adaptáronse ás súas prescricións a grande parte dos procedementos administrativos de tal forma que na actualidade máis de 600 procedementos son de tramitación electrónica.

de forma supletoria –caso das actividades inocuas co Regulamento de servizos das corporacións locais de 1955–; ou estaba claramente superada –caso do Decreto 133/2008, mera copia do RAMINP de 1961<sup>15</sup>–; ou atopábase fragmentada, como nos espectáculos públicos, regulados por un Regulamento estatal de 1982 e por un catálogo aprobado por decreto da Xunta de Galicia. A ese réxime dispar engadiuse a irrupción mediante a normativa estatal arriba indicada do réxime de control *ex post* para determinadas –non todas– actividades inocuas.

Ante esa situación, formulábase a necesidade de establecer un réxime xurídico único do exercicio de actividades en Galicia, eliminando de xeito pleno e efectivo a licenza de apertura previa á instalación e ao inicio da actividade (licenzas de actividade ou instalación e de apertura ou funcionamento). Neste sentido, a lei deu cumprimento en Galicia ao disposto no artigo 41 da Lei de economía sustentable, que determina que, con carácter xeral, o exercicio de actividades non se someterá á obtención de licenza ou outro medio de control preventivo. Así, a lei proclama, no seu artigo 1.2, que ten por obxecto a regulación do réxime xurídico e dos instrumentos de intervención administrativa aplicables á instalación e apertura de establecementos e ao exercicio de actividades económicas e a regulación do réxime de comunicación previa administrativa para o exercicio de actividades e a realización de actos de uso do solo e do subsolo.

A reforma no réxime xurídico do exercicio de actividades económicas debía ir acompañada dunha modificación importante da normativa ambiental, de comercio interior, de seguridade industrial e singularmente da urbanística, que, ao exixir autorización previa para realizar calquera acto de uso de solo, impedía o pleno exercicio do dereito á libre prestación de servizos ao imporlles aos prestadores un réxime de autorización.

### 3.2 A comunicación previa de apertura na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia

A nova lei suprime a licenza de actividade tanto para a súa implantación (licenza de actividade ou instalación) como para a súa posta en marcha (licenza de apertura ou de funcionamento).<sup>16</sup> A diferenza da normativa estatal e da doutras comunidades autónomas, tal supresión:

- Aplícase a todo tipo de actividades, non só ás comerciais ou ás de servizos, tamén industriais, profesionais, turísticas, hostalaría, lecer, así como para os espectáculos públicos, actividades recreativas, etc.

- Non existe limitación de superficie á supresión de licenza, coa excepción das grandes superficies de comercio polo miúdo de máis de 2.500 m<sup>2</sup> de superficie de exposición e venda, que precisarán dunha autorización comercial autónoma por razón da súa incidencia supramunicipal.<sup>17</sup>

---

15 O Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, substituíu o Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas, aprobado polo Decreto 2414/1961, do 30 de novembro, que estivo vivente en Galicia case 50 anos. A nova regulación pouco achegou no procedemental á autorización de actividades, para as que era exixible unha información pública mediante anuncio no DOG, no BOP e notificación persoal aos veciños e titulares de dereitos inmediatos ao lugar da localización proposta.

Normalización, certificación e acreditación son as técnicas de protección da seguridade e da calidade industrial, e as persoas privadas que realizan tales tarefas son as denominadas, orixinalmente e dun xeito xenérico, entidades colaboradoras da Administración, nadas para operar en ámbitos nos que o desenvolvemento tecnolóxico é o imperante, carecendo a Administración de medios técnicos e humanos axeitados ou sobre os que a regulación técnica é de base privada e asumida polos operadores. A propia exposición de motivos da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, é clarificadora a este respecto: «*No campo da seguridade industrial teñen un relevo especial as disposicións referentes a normalización, homologación e certificación; o grande incremento e complexidade destas, en todos os países industrializados, supuxo que estas funcións pasasen en gran parte a seren desenvolvidas por entidades colaboradoras das administracións públicas e laboratorios privados*». Como puxo de manifesto a doutrina, a Administración pública recorre aos particulares porque mediante os seus propios medios materiais e persoais se ve incapaz de prestar, coa eficacia requirida, determinadas funcións.<sup>30</sup>

É precisamente o cambio de paradigma ao que fixemos referencia o que levou a estender o ámbito orixinal de actuación de tales entidades colaboradoras a outros sectores, en primeiro termo na auditoría e xestión ambiental, pero tamén na disciplina urbanística<sup>31</sup> como noutros ámbitos nos que a Administración pública pasou de realizar unha función xestora a unha función reguladora, correspondendo o control previo do cumprimento da normativa a entidades privadas colaboradoras da Administración.

Regap



ESTUDIOS

## 9 Concepto e caracterización

A colaboración de persoas físicas ou xurídicas no exercicio de funcións públicas é o concepto ou idea básica sobre a que nuclear o estudo das denominadas entidades colaboradoras da Administración. Malia a transcendencia das funcións que teñen encomendadas e da súa progresiva expansión en diferentes ámbitos, non existe unha regulación xeral en todo o Estado das entidades colaboradoras da Administración. Existen regulacións parciais nos sectores en que actúan (seguridade industrial, medio ambiente ou urbanismo) e tamén a Comunidade Autónoma de Cataluña legislou sobre as entidades colaboradoras da Administración regulando con carácter xeral o seu réxime xurídico<sup>32</sup>. Debemos deixar sentado que, coa mencionada excepción catalá, as entidades colaboradoras da Administración son previstas e reguladas pola normativa sectorial do ámbito en que actúan e que é enormemente diverso: industria, medio ambiente, sanidade, seguridade alimentaria, calidade, etc. E que en tales sectores, ben por posuíren unha competencia exclusiva, ben por teren competencias de desenvolvemento ou execución da normativa estatal, son as comunidades autónomas as que regularon a intervención das entidades colaboradoras nos respectivos ámbitos de actuación.

30 GALÁN GALÁN, A. e PRIETO ROMERO, C., *El ejercicio de funciones públicas por entidades privadas colaboradoras de la Administración*, Huygens, Madrid, 2010, pp. 25 e ss.

31 MUÑOZ MACHADO, S., *Tratado de derecho administrativo y derecho público general, tomo IV: La actividad administrativa, cit.*, p. 717: «*a utilización de entidades colaboradoras para o exercicio das competencias municipais en materia de outorgamento de licenzas é un exemplo excelente para explicar a progresión desta clase de técnicas e a súa importancia actual*».

32 A Lei 26/2010, do 3 de agosto, de réxime xurídico e de procedemento das administracións públicas de Cataluña dedica todo un capítulo (capítulo II, artigos 91 a 101) do seu título VII (Potestades de inspección e control) para regular o réxime xurídico das entidades colaboradoras, prevendo con carácter xeral que as administracións públicas de Cataluña poden encomendar o exercicio de funcións de inspección e control a entidades colaboradoras debidamente habilitadas nos termos establecidos pola lei e pola normativa sectorial.

Nunha primeira aproximación, no exercicio de funcións públicas colaboran multitude de entidades privadas en diversos campos de actuación: existen entidades colaboradoras da xestión urbanística (reguladas no Regulamento de xestión urbanística, RD 3288/1978, do 25 de agosto); entidades colaboradoras da Seguridade Social (mutuas de accidentes de traballo); e en materia de recadación e xestión tributaria (entidades financeiras, caixas de aforro e cooperativas de crédito). Pero ningunha delas realiza nin participa dunha *función pública soberana*<sup>33</sup> como é o control, a inspección ou a certificación do cumprimento da legalidade vixente. A inspección administrativa forma parte da tradicional función pública de policía e leva consigo o exercicio de autoridade, de potestade pública, que ten por obxecto a comprobación dunha determinada realidade fáctica que debe poñerse en relación, ser contrastada, coa normativa xurídica de aplicación. Son, en consecuencia, as entidades privadas que realizan tales tarefas as que a doutrina denomina entidades privadas colaboradoras da Administración.<sup>34</sup>

## 9.1. Entidades privadas

Trátase de entidades xurídico-privadas. A iso non obsta que existan administracións públicas que constituía empresas de capital exclusiva ou maioritariamente público para realizar funcións de control, inspección ou verificación escapando das rixideces do dereito administrativo.<sup>35</sup> Pero si quedarían excluídos todos os casos de colaboración interadministrativa en calquera das súas formas, inclusive cando se trate de entidades públicas ou corporacións de dereito público.

O que resulta relevante para estes efectos é constatar que non é a Administración pública a que a través dos seus órganos realiza a actividade, senón que opta por unha das múltiples modalidades de personificación xurídico-privada para realizala e que se trata de que a entidade teña personalidade xurídica propia. Iso ten como consecuencia tanto a existencia dun ánimo de lucro como que se trate dunha actividade permanente, non ocasional.

O Consello Consultivo de Galicia<sup>36</sup> no seu Ditame 20/2011 puxo de manifesto que para os efectos da regulación das entidades colaboradoras non é necesario distinguir entre públicas e privadas. Primeiro, porque se trata dunha distinción *perturbadora* e, en segundo termo, porque a norma legal que o decreto viña desenvolver eliminara xa esa distinción. Efectivamente, o artigo 15 da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, ao regular os organismos de control, defíneos como persoas naturais ou xurídicas con capacidade de obrar que dispoñan dos medios técnicos, materiais e humanos e imparcialidade necesarios para realizar o seu

33 O Tribunal Supremo, en Sentenza do 13 de outubro de 1997 (Sala do C.A. Sección 3ª, Recurso 5751/1993) con ocasión de examinar a concesión administrativa para a prestación da inspección técnica de vehículos indica: «A inspección técnica de vehículos, en canto que é un medio para lograr aquela finalidade, participa da natureza de función pública e corresponde exercela ao Estado –en sentido amplo– por razón da súa soberanía. Non se trata dunha actividade de servizo público dirixida a proporcionar prestacións aos cidadáns, xa sexan asistenciais ou económicas, senón dunha función pública soberana. Aínda que tradicionalmente estas funcións, a diferenza dos servizos públicos, eran exercidas pola Administración, o certo é, como se preocupou de pór de manifesto a doutrina, que a orde pública se encontra en proceso de privatización ante a impotencia daquela para unha xestión eficaz das funcións soberanas, acudindo con frecuencia á colaboración da empresa privada».

34 GALÁN GALÁN, A. e PRIETO ROMERO, C., *El ejercicio de funciones públicas por entidades privadas colaboradoras de la Administración*, cit., pp. 29 e ss., e PADRÓS REIG, C., *La administración invisible: panorama general y ejemplos prácticos de las entidades colaboradoras de la Administración pública*, Dykinson S. L., Madrid, 2010, pp. 38 e ss.

35 PADRÓS REIG, C., *Actividad administrativa y entidades colaboradoras*, Tecnos, Madrid, 2001, pp. 35 e ss.

36 Ditame do Consello Consultivo de Galicia 20/2011, do 10 de marzo de 2011, ao proxecto de decreto polo que se regula a actuación dos organismos de control en materia de seguridade industrial da Comunidade Autónoma de Galicia.

labor e que cumpran as disposicións técnicas que se diten con carácter estatal co fin do seu recoñecemento no ámbito da Unión Europea.

## 9.2 Colaboración coa Administración

### 9.2.1 Contido da colaboración

PADRÓS REIG<sup>37</sup> refírese á existencia dun novo modelo preventivo de Administración que identifica como *modelo alemán* fronte ao clásico modelo reactivo ou *modelo francés*, e supón unha ampliación de concepto tradicional de policía administrativa, que pasa de ser represiva a preventiva, moito máis flexible. É neste contexto onde se sitúa a actividade das entidades colaboradoras da Administración, que o citado autor cualifica como a *Administración invisible*, na que é efectuada por entidades privadas unha inspección regulamentaria obrigatoria puramente administrativa.

As actuacións consisten en comprobacións, verificacións, inspeccións e na constatación do resultado das actuacións mediante actas, informes ou certificacións emitidos polo persoal técnico; todas elas son reflexo dunha función pública e comportan exercicio de autoridade e así o considera unanimemente a doutrina, como sinala CANALS AMETLLER.<sup>38</sup>

A súa actividade é exclusivamente técnica, realízase baixo a súa responsabilidade, o que implica a obrigatoriedade de subscribir pólizas de seguro, e está sometida, á súa vez, ao control da Administración competente, que será a que a autorizou, regulou ou acreditou.

O Tribunal Supremo, en Sentenza do 17 de novembro de 2000 (Sala do Contencioso Administrativo, Sección 3ª, Recurso 6862/1993), con ocasión de analizar a inscrición dunha entidade de inspección e control regulamentario en materia de industria, sinalou:

«A resposta a este motivo exige determinar previamente a natureza da relación xurídica que se establecía entre a Administración e as entidades de inspección e control regulamentario reguladas polo Real decreto 1407/1987. A teor do seu artigo 1, as competencias administrativas en materia de vixilancia do cumprimento da lexislación sobre seguridade industrial (a excepción da seguridade mineira, a do medio ambiente industrial e das inspeccións técnicas de vehículos) podían ser exercidas ou ben directamente polos poderes públicos ou ben “exixíndolles aos interesados que presenten os documentos acreditativos do cumprimento regulamentario correspondente expedidos por unha entidade de inspección e control regulamentario”. A acreditación expedida, para estes efectos, por unha das ditas entidades non excluía, non obstante, a posible verificación pola Administración pública do cumprimento dos requisitos exigibles en materia de seguridade industrial (artigo 2.1). Esta modalidade de encomenda a entidades privadas dun papel relevante no exercicio de funcións xenuinamente público-administrativas, como son as relativas á inspección e control da seguridade industrial, se non chegaba a conferirlles a plenitude da potestade de certificar o efectivo cumprimento dos requisitos de seguridade industrial (pois, segundo vimos, a Administración reservaba

37 PADRÓS REIG, C., *La administración invisible: panorama general y ejemplos prácticos de las entidades colaboradoras de la Administración pública, cit.*, p. 21.

38 CANALS I AMETLLER, D., “El ejercicio de funciones públicas por entidades privadas colaboradoras de la Administración”, Galán Galán, A. e Prieto Romero, C. (coords.), *El ejercicio de funciones públicas por entidades privadas colaboradoras de la Administración*, Huygens, Madrid, 2010, p. 27.

*para si a última palabra mesmo nese terreo), si colocaba aquelas entidades nunha relación especial coa Administración presidida pola utilización da técnica autorizatoria. En efecto, á “autorización” refírense, entre outros, os artigos do Real decreto 1407/1987 números 4 (“as entidades que sexan autorizadas [...] esta autorización poderá quedar limitada a [...]”), 6 (“as entidades autorizadas para actuaren en máis dunha comunidade autónoma [...]”) e 17 (“o incumprimento das obrigas [...] dará lugar a que [...] se acorde a suspensión temporal da autorización outorgada”).*

*As entidades obtiñan, pois, unha autorización para colaborar coa Administración –nos termos xa expresados– tras o recoñecemento administrativo de que elas mesmas cumprían os requisitos obxectivos que a norma (artigo 8 do Real decreto 1407/1987) exixía en para a súa idoneidade; requisitos de competencia, imparcialidade, solvencia, medios humanos e técnicos que condicionaban a inscrición no rexistro correspondente como medio público mediante o que se expresaba a resposta administrativa á súa voluntaria solicitude. Requisitos que, á súa vez, veñen xustificados pola importancia da actividade certificante en relación coa magnitude dos riscos potenciais que para toda a colectividade supoñen as actividades industriais.*

*A utilización da técnica autorizatoria en relación coa encomenda a estas entidades privadas de determinadas funcións de carácter certificante cuxo exercicio podía ter, respecto dos terceiros inspeccionados ou controlados, unha inmediata eficacia xurídico-administrativa no ámbito da seguridade industrial (funcións que, polo demais, “compartían” coas directamente exercibles pola Administración controlante, desde o momento en que esta reservaba para si o dereito de non recoñecer aquela eficacia xurídica externa e impor as súas propias decisións en materia de verificación do cumprimento de requisitos de seguridade), non encaixa no ámbito das relacións contractuais para cuxa formalización as persoas xurídicas debían posuír a capacidade e non incorrer nas prohibicións e incompatibilidades previstas polo artigo 9 da Lei de contratos do Estado de 1965.*

*En efecto, non nos atopamos en presenza dun réxime concesional nin de calquera outro en que haxa unhas relacións bilaterais de natureza contractual, a diferenza do que acontecía respecto das estacións de inspección técnica de vehículos reguladas polo Real decreto 1987/1985, do 24 de setembro, cuxo artigo 2 adoptaba expresamente o mecanismo concesional».*

Encontrámonos, en consecuencia, con entidades autorizadas para realizar funcións de colaboración administrativa logo do recoñecemento da súa competencia, imparcialidade, solvencia e medios. A Administración, dependendo da previsión legal, poderá ou non conferirlles a plenitude da potestade de certificar o efectivo cumprimento dos requisitos de seguridade.

## 9.2.2 O problema do exercicio de funcións públicas

As normas sectoriais atribúen, no seu respectivo ámbito material, as funcións de inspección e control en principio reservados á Administración pública. Haberá que observar o disposto na normativa específica para delimitar o alcance de tales funcións de tal forma que, se así se prevé, poderán mesmo exercer funcións públicas de control e inspección orientadas a

velar pola legalidade vixente a través do control do cumprimento dos requisitos establecidos normativamente.<sup>39</sup>

As potestades de inspección son poderes propios das administracións públicas, tal como resulta do artigo 39 “Colaboración cidadá” da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), que obriga os cidadáns a someterse ás inspeccións e investigacións da Administración só nos casos previstos pola lei.

GONZÁLEZ NAVARRO<sup>40</sup>, nos seus comentarios ao artigo 39 LRXPAC, sinala que a expresión “colaboración cidadá” é dunha notable amplitude e excede a obriga de facilitar informes ou inspeccións, que é ao que se limita o artigo; polo demais, e ao seu entender, unha norma incompleta porque proclama un deber, pero nin determina as consecuencias do incumprimento, nin articula un procedemento para facelo efectivo. Para o citado autor, o precepto designa variadas formas de colaboración, non só formal senón tamén material e, desde logo, a colaboración permanente e retribuída que, como xa sabemos, é unha característica das entidades privadas de colaboración.

Incompleto ou non, o artigo 39 LXPAC contén unha clara reserva de lei para o outorgamento da potestade de inspección e control e así o puxo de manifesto a doutrina. CANALS I AMETLLER<sup>41</sup> entende que a Administración non pode acordar libremente a atribución de funcións públicas ás entidades colaboradoras, porque se trata de competencias propias atribuídas pola lei e conclúe que debe ser a lei a que atribúa o traslado de funcións públicas a organizacións privadas coa importante excepción das entidades locais que analizaremos no apartado seguinte.

Pola contra, PRIETO ROMERO<sup>42</sup> entende que a colaboración de entidades privadas no exercicio de funcións públicas non é materia reservada á lei. Invoca para iso que a xurisprudencia non exixiu esa habilitación legal e cita a Sentenza do Tribunal Constitucional (TC) número 243/1994, do 21 de xullo, sobre o real decreto que regulaba os organismos de control en materia de industria e que efectivamente conclúe que «*non cabe, polo tanto, negarlle ao Estado a posibilidade de que, en exercicio das súas funcións normativas na materia de seguridade industrial, regule as referidas características con relevo externo das entidades colaboradoras de inspección e control*». Sinala o indicado autor que o TC non só non invoca a necesidade de regular a materia con norma de rango de lei, senón que *obiter dita* apunta que a decisión pode adoptala cunha norma de carácter organizativo, polo que ao tribunal non lle supón problema ningún a regulación mediante norma regulamentaria. A iso debemos obxectar que o tribunal non fai pronunciamento ningún sobre a reserva de lei en materia de atribución de funcións da Administración ás entidades colaboradoras, extremo este que non foi obxecto

39 CANALS I AMETLLER, D., “Las entidades colaboradoras de las administraciones públicas catalanas: rasgos definitorios, actuación y régimen de la intervención administrativa”, Tornos Mas, J., (coord.), *Comentarios a la Ley 26/2010, de 3 de agosto, de régimen jurídico y de procedimiento de las administraciones públicas de Cataluña*, Iustel, Madrid, 2012, p. 607.

40 GÓNZÁLEZ PÉREZ, J. e GONZÁLEZ NAVARRO, J. J., *Comentarios a la Ley de régimen jurídico de las administraciones públicas y del procedimiento administrativo común, tomo I*, 4ª ed., Thomson Civitas, Madrid, 2013, p. 1.145.

41 CANALS I AMETLLER, D., “Las entidades colaboradoras de las administraciones públicas catalanas: rasgos definitorios, actuación y régimen de la intervención administrativa”, *cit.*, p. 47.

42 PRIETO ROMERO, C., “Comentarios a la ordenanza por la que se establece el régimen de gestión y control de las licencias urbanísticas de actividades”, Galán Galán, A. e Prieto Romero, C. (coords.), *El ejercicio de funciones públicas por entidades privadas colaboradoras de la Administración*, Huygens, Madrid, 2010, pp. 283 e ss.

de debate nin o podía ser, posto que se trataba non dun recurso de inconstitucionalidade<sup>43</sup>, senón dun conflito de competencias formulado pola Generalitat de Cataluña ao abeiro do artigo 63 da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, no que se discutía unicamente –por razón do proceso– a competencia do Estado para ditar a norma e a vulneración ou non de competencias autonómicas.

En canto á xurisprudencia do Tribunal Supremo, que PRIETO ROMERO invoca para soste a súa tese, efectivamente valida a competencia das entidades locais para, mediante ordenanza, regular as súas entidades colaboradoras, o que analizaremos seguidamente.

### 9.2.3 A autonomía local e a atribución de funcións públicas polas entidades locais

A autonomía local garantida polo artigo 137 da Constitución atribúelles ás entidades locais o exercicio de poderes, entre eles a potestade de ordenanza. MUÑOZ MACHADO<sup>44</sup>, ao que seguiremos neste apartado, refírese ao poder normativo local, indicando que a autonomía local non é só unha fórmula de organización para atender os propios intereses, tamén é unha forma de limitar o poder do Estado. Ninguén discute o poder normativo das comunidades autónomas, pero doutrina e xurisprudencia, segundo o indicado autor, fraquean á hora de decidir se a lei é a norma habilitante da ordenanza local ou a é directamente a Constitución; en que medida pode a lei constrinxir ou limitar o poder de ordenanza, etc. É indubidable a necesidade de recoñecer que as ordenanzas locais poden ser innovativas baseándonos na ampla potestade concedida aos municipios para a xestión dos seus respectivos intereses, que pouco se parece á potestade regulamentaria que necesita unha habilitación. E que os órganos –os plenos municipais– que aproban tales ordenanzas teñen carácter representativo e democrático, o que tamén os diferencia da Administración do Estado ou das comunidades autónomas. Non é posible equiparar a ordenanza coa lei, pero o poder normativo local non é equiparable exactamente á potestade regulamentaria estatal ou autonómica. As ordenanzas locais ocupan, ás veces, contidos propios das regulacións legais en canto poidan intervir en materias reservadas á lei. Continúa MUÑOZ MACHADO sinalando que a reserva de lei non pode entenderse de forma que a potestade normativa local quede privada de capacidade normativa ou creativa de normas. Trátase dun tema complexo, non pacífico na doutrina e que excede o contido deste traballo. Pero concluímos con MUÑOZ MACHADO que as entidades locais non precisan inexorablemente dunha habilitación legal específica para aprobar disposicións regulamentarias, nin a función destas queda constrinxida á mera complementación do disposto nas leis. Noutras palabras, como sinala CANALS I AMETLLER<sup>45</sup>, a autonomía política e xurídica dos entes locais explica que a súa vinculación á Constitución e á lei sexa negativa (facer todo o que non está prohibido) en vez de positiva (facer só aquilo ao que se está expresamente habilitado) polo que, para que poida dispor a ordenanza a atribución de funcións públicas ás entidades colaboradoras, non sería precisa a existencia dunha previa habilitación legal expresa, senón que resultaría suficiente a non prohibición legal, isto é, a contradición co dito pola lei.

43 De imposible formulación polo demais, posto que o que estaba en cuestión era un regulamento e non unha lei, disposicións normativas ou actos con forza de lei, que son o obxecto do recurso de inconstitucionalidade ex artigo 31 da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do TC.

44 MUÑOZ MACHADO, S., *Tratado de derecho administrativo y derecho público general, tomo II, El ordenamiento jurídico*, Iustel, Madrid, 2009, p. 1.045.

45 CANALS I AMETLLER, D., "El ejercicio de funciones públicas por entidades privadas colaboradoras de la Administración", *cit.*, p. 46.



Esa é, por outra parte, a tese da Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Contencioso Administrativo, Sección 5ª, núm. 4597/2007, do 26 de xuño de 2007) sobre a ordenanza que regulaba a inspección técnica de edificacións do Concello de Madrid, mediante a cal os propietarios do edificio que supere unha antigüidade determinada deberán contratar un técnico independente ou entidade de inspección técnica homologada, co fin de que emita un informe, no que estableza o seu estado de conservación, e se é preciso ou non realizar obras de conservación/rehabilitación, o que se porá en coñecemento do Concello respectivo.<sup>46</sup>

### 9.3 Principios da actuación das entidades colaboradoras

A normativa sectorial (industria, medio ambiente, urbanismo, etc.) establece unha serie de requisitos orientados a garantir a obxectividade da intervención das entidades colaboradoras, a seguridade xurídica dos interesados, así como a salvagarda do interese público. Trátase do cumprimento das condicións de autorización, confidencialidade, imparcialidade e independencia, incompatibilidade e solvencia técnica e financeira.

Deberán, en primeiro lugar, cumprir as condicións que serviron de base á súa acreditación e autorización, para cuxo efecto deberá obter con carácter anual un informe que confirme os ditos extremos, emitido pola entidade de acreditación que o acredítase.

Teñen obriga de gardar a confidencialidade da información obtida durante o desempeño das súas actividades para garantir o segredo comercial, os dereitos fundamentais á intimidade ou á propia imaxe ou os derivados da protección de datos de carácter persoal.

Respecto das súas actuacións fronte aos interesados e terceiros, deben actuar con imparcialidade e independencia para garantir deste xeito a obxectividade das súas actuacións e que non actúan respecto a intereses de grupo.

As actividades da entidade e do seu persoal deben respectar o principio de incompatibilidade con calquera vinculación técnica, comercial, financeira ou de calquera outro tipo que puidese afectar á súa independencia e influenciar o resultado das súas actividades de control regulamentario.

46 A sentenza sinala o seguinte: «No primeiro motivo alégase a infracción dos principios constitucionais de legalidade e xerarquía normativa considerados nos artigos 9.3, 14 e 25, en relación cos artigos 33, 53.1, 103 e 137 da CE. Aqueles principios e estes preceptos non son infrinxidos pola ordenanza impugnada (salvo no que despois se dirá), porque esta ten a súa cobertura nos artigos 181 do Texto refundido da Lei do solo, do 9 de abril de 1976, e 19.1 da Lei 6/98, do 13 de abril, do réxime do solo e valoracións, que impón aos propietarios o deber de conservar os edificios da súa propiedade nas debidas condicións de seguridade, salubridade e ornato públicos. A regulación legal do deber non considera a forma concreta da súa imposición (véxanse os artigos citados), pois o único precepto que a regula é de natureza regulamentaria (artigo 10.3 do Regulamento de disciplina urbanística, do 23 de xuño de 1978), e remite a un expediente sancionador, con imposición de multa e posible execución subsidiaria. Resulta claro que a ordenanza (en xeral, os regulamentos) non poderían agravar deber de conservación, porque iso afectaría ao contido esencial do dereito de propiedade. En consecuencia, este é o deber primario e substancial imposto pola lei, pero este deber inclúe tamén o deber accesorio de demostrar o seu cumprimento, pois, en efecto, cando se trata de deberes de resultado, o deber accesorio é inherente ao primeiro. E a forma e modo en que o propietario demostra que o cumpre non está regulado na lei, nin é necesario, porque constitúen, en todo caso, aspectos accesorios que non afectan ao contido esencial do dereito de propiedade, pois o dereito de propiedade sobre o edificio é o mesmo antes e despois da vixencia da ordenanza que aquí se discute, e que se limitou a impor o deber accesorio de demostración do cumprimento dun deber principal, o de conservación. Existindo este último na lei, o Concello está habilitado para regular mediante ordenanza ese outro deber instrumental ou formal, que pode incluír, como fai a ordenanza que se impugna, o de pasar unha inspección técnica (artigo 25) e o de acréditala ante o Concello mediante a presentación de copia do formulario de inspección (artigo 31)». (A cursiva é nosa).

Deberán dispor dos recursos económicos requiridos pola normativa de aplicación que permita asegurar a continuidade da súa actividade, así como dispor do persoal axeitado ao tipo, extensión e volume da actividade.

## 9.4 Habilitación ou autorización de entidades

As entidades colaboradoras realizan unha actividade económica, un servizo. E, como tal, sonlles de aplicación tanto a normativa europea en materia de libre prestación de servizos, singularmente a Directiva 2006/123/CE, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, como a estatal que se ditou na súa transposición, que veremos de forma detallada máis adiante. Convén anticipar agora que esa normativa establece como regra xeral que a prestación de servizos non se someterá a autorización previa salvo en determinadas excepcións suficientemente xustificadas.

E o certo é que, polo menos ata 2009, a maior parte, por non dicir a totalidade da normativa sectorial, sometía á autorización administrativa o exercicio da actividade da entidade colaboradora. O Tribunal Supremo (Sala do Contencioso Administrativo, Sección 3ª) na Sentenza 4941/2011, do 29 de xuño de 2011, ao axuizar a modificación do Regulamento da infraestrutura para a calidade e seguridade industrial, que regula as entidades colaboradoras en materia de industria, formula a cuestión nos seguintes termos:

*«5. Unicamente poderá requirirse autorización administrativa previa da Administración competente cando resulte obrigado para o cumprimento de obrigas do Estado derivadas da normativa comunitaria ou de tratados e convenios internacionais.*

*O carácter xeral deste precepto obriga, a partir da entrada en vigor desta reforma, a interpretar o resto da Lei de industria á luz deste. E isto quere dicir que, en virtude do disposto no seu apartado 5, a Administración só poderá exixir autorización nos supostos en que xustifique que tal exixencia resulta obrigada para “o cumprimento de obrigas do Estado derivadas da normativa comunitaria ou de tratados e convenios internacionais”.*

*Esta interpretación é, así mesmo, obrigada en virtude da Directiva de Servizos (Directiva 2006/123/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006 (LCEur 2006, 3520), a cal foi trasposta precisamente polas xa citadas leis 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, e 25/2009, do 22 de decembro, polas que se reforman diversas leis para a súa adaptación á anterior. Pois ben, a citada directiva condiciona en termos xerais a posible supeditación do acceso a unha actividade de servizos e o seu exercicio a un réxime de autorización a determinadas condicións, en concreto que o réxime non sexa discriminatorio para o prestador, que a necesidade da súa autorización estea xustificada por unha razón imperiosa de interese xeral e que o obxectivo perseguido non se poida conseguir mediante unha medida menos restritiva, como o sería un control a posteriori (artigo 9). Estas limitacións foron recollidas no artigo 5 da Lei 17/2009 e, no que respecta ao ámbito industrial, proxéctanse no apartado 5 do artigo 4 da Lei de industria, que establece que unicamente se pode requirir autorización administrativa previa para a prestación de servizos “cando resulte obrigado para o cumprimento de obrigas do Estado derivadas da normativa comunitaria ou de tratados e convenios internacionais”.*

*Todo o anterior leva á conclusión ineludible de que, se o Estado español quere establecer un réxime de autorización previa, deberá xustificar a concorrencia dunha razón imperiosa de interese xeral ou, en concreto, que resulte obrigado para o cumprimento das súas obrigas comunitarias ou internacionais. Xustificación que podería estar nunha lei ou, no seu defecto e sempre que a correspondente lei sectorial o admita, nun regulamento aprobado pola Administración.*

*Pois ben, no suposto que se discute, o artigo 15 da Lei de industria, tras a súa reforma pola referida Lei 25/2009, mantén en xeral a exigencia de autorización para os organismos de control. Pero en virtude do establecido no artigo 9 da Directiva de servizos e en consideración ao principio de primacía do dereito comunitario, así como en atención ao disposto no artigo 5 da Lei 17/2009 e no artigo 4 da Lei de industria, esa exigencia legal só se pode aplicar, tal como se indicou, cando o Estado xustifique mediante lei ou regulamento a concorrencia dunha razón imperiosa de interese xeral ou que resulte obrigado para o cumprimento das súas obrigas comunitarias ou internacionais.*

*Non obstante, nin a propia Lei de industria, cuxo artigo 15 se limita a prever a regra xeral de necesidade de autorización, nin o regulamento modificado polo real decreto que se impugna, fan referencia ningunha a esta xustificación, o que obriga a declarar a inaplicación da exigencia xeral de autorización para os organismos de control, salvo nos casos en que se acredítase tal necesidade de autorización segundo os criterios antes sinalados. Isto supón que, en defecto de autorización, e á marxe da obrigatoriedade de acreditación, os organismos de control quedarían en cambio obrigados a efectuar a comunicación ou declaración responsable prevista no artigo 4 da Lei de industria e nos termos previstos no dito precepto».*

Esta sentenza, sorprendente e arriscada, segundo a doutrina<sup>47</sup> vén declarar a inaplicación da exigencia xeral de autorización para as entidades privadas colaboradoras da Administración.

En consecuencia, abondaría con que a entidade lle comunique á Administración que cumpre cos requisitos que esta lle exige para o seu exercicio para que poida iniciar a súa actividade. O título habilitante sería a comunicación ou declaración presentada, normalmente asociada a un rexistro.<sup>48</sup>

## 10 Control e responsabilidade da súa actividade

A Administración que habilita a entidade conta coas potestades de supervisión e control sobre esta. En todos os supostos de colaboración de entidades privadas deben cumprirse os requisitos legalmente exixidos para obter a habilitación, o que trae como consecuencia que a Administración conserva as facultades de comprobación do cumprimento de tales requisitos. A Administración comprobará ademais a actividade desempeñada pola entidade e, se non actúa conforme a legalidade, poderá perder o seu título habilitante ou será sancionada; e, se causa un dano, deberá responder deste.

47 CANALS I AMETLLER, D., “El ejercicio de funciones públicas por entidades privadas colaboradoras de la Administración”, *cit.*, p. 618.

48 CARBONELL PORRAS, E., “El control sobre la actividad de las entidades colaboradoras de la Administración”, Galán Galán, A. e Prieto Romero, C. (coords.), *El ejercicio de funciones públicas por entidades privadas colaboradoras de la Administración*, Huygens, Madrid, 2010, pp. 58 e ss. A autora sinala que son varios os títulos xurídicos que habilitan a colaborar coa Administración. A encomenda de xestión, o convenio de colaboración, as fórmulas contractuais, a autorización administrativa e a acreditación.

Correspóndelle á normativa sectorial regular a responsabilidade en que poden incorrer as entidades colaboradoras como consecuencia da súa actuación. Como sinala GALÁN GALÁN<sup>49</sup>, as entidades privadas colaboradoras exercen as funcións públicas baixo a súa propia responsabilidade, polo que responden dos danos e perdas causados pola súa actuación. Trátase dun traslado da responsabilidade da Administración á entidade que constituiría a consecuencia de que esta poida colaborar con aquela con autonomía. A función leva aparellada a responsabilidade e por iso a normativa exige a constitución dunha garantía, xeralmente un seguro en contía suficiente para garantir as responsabilidades que puidesen derivar e constitúe un requisito para a obtención do título habilitante necesario para o exercicio da actividade.

Formúlase na doutrina que tipo de responsabilidade é a que asume a entidade, se o réxime de responsabilidade civil propio das persoas xurídico-privadas ou ben o réxime de responsabilidade administrativa, específico das administracións públicas. E a cuestión non é pacífica e dista moito de estar pechada.

Son argumentos a favor do réxime de responsabilidade civil, a natureza xurídico-privada da entidade, a obrigatoriedade de subscribir un seguro para cubrir as responsabilidades *cívís* e a regulación na LRPAC da responsabilidade patrimonial e o concepto restritivo de Administración pública, limitada ás administracións públicas territoriais e os organismos públicos delas dependentes. Por outra banda, está no propio fundamento do sistema de entidades colaboradoras o desprazamento de funcións e responsabilidades do ámbito público ao ámbito xurídico-privado que ten o seu propio réxime de responsabilidade civil por culpa, distinto da responsabilidade obxectiva patrimonial da Administración.

Pola contra, o carácter xurídico-público das súas funcións e a posibilidade de que esas mesmas funcións poidan ser exercidas directamente pola Administración serían argumentos que pesarían a favor de manter que nos achamos ante unha responsabilidade administrativa. De feito, entre as decisións tomadas pola entidade privada, algunhas ou son asumidas pola Administración ou se lle imputan a esta.

Sexa dunha ou outro xeito, como sinala PADRÓS REIG<sup>50</sup>, estamos ante un réxime xurídico a medio camiño entre o completamente público e o completamente privado, e o certo é que a Administración poderá responder conxuntamente coa entidade por non ter exercido correctamente as súas obrigas de control ou por non adoptar medidas para evitar o dano. Nestes casos poderá responder solidaria ou subsidiariamente e, en todo caso, tería unha acción de regreso contra a entidade privada colaboradora<sup>51</sup>.

---

49 GALÁN GALÁN, A., "La responsabilidad por los daños causados por la actuación de las entidades privadas colaboradoras de la Administración", Galán Galán, A. e Prieto Romero, C. (coords.), *El ejercicio de funciones públicas por entidades privadas colaboradoras de la Administración*, Huygens, Madrid, 2010, p. 88.

50 PADRÓS REIG, C., *La Administración invisible: panorama general y ejemplos prácticos de las entidades colaboradoras de la Administración pública*, cit., p. 62.

51 GALÁN GALÁN, A., "La responsabilidad por los daños causados por la actuación de las entidades privadas colaboradoras de la Administración", cit., p. 124, sinala as diversas formas de articulación das responsabilidades da Administración e da entidade privada colaboradora e a concorrencia de ambas as dúas. O autor entende que se trata de aplicar á relación entre Administración e entidade privada colaboradora un réxime de responsabilidade moi similar ao previsto legalmente para autoridades e funcionarios públicos.

## 11 As entidades de control e conformidade municipal (ECCOM)

### 11.1 A regulación das entidades de certificación de conformidade municipal

A xeneralización da comunicación previa como medio de intervención administrativa supón a eliminación da autorización previa á implantación e ao exercicio de actividades económicas e despraza da Administración ao particular a decisión sobre o inicio da actividade e con ela a responsabilidade en caso de incumprimento. A certeza que proporciona a autorización administrativa desaparece na procura da celeridade e a eliminación de trabas administrativas, e nesa dinámica as ECCOM representan o importante papel de lles proporcionar aos interesados unha verificación independente por un organismo regulado da conformidade coa normativa urbanística. Ademais, a intervención das ECCOM despraza, á súa vez, a responsabilidade dos interesados á propia entidade, xa que serán as únicas responsables fronte ás administracións públicas do contido das súas certificacións, verificacións, inspeccións e controis da conformidade, substituíndo a súa actuación a responsabilidade dos demais interesados.

A lei configura as ECCOM como entidades privadas colaboradoras da Administración pero non lles atribúe funcións públicas e tampouco substitúen a actividade da Administración, sendo a súa intervención voluntaria para o particular.

Teñen por obxecto realizar a avaliación de conformidade coa normativa de aplicación no ámbito municipal para que a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial se poida realizar no menor tempo posible axilizando os procedementos de control, tal como sinala a propia exposición de motivos da lei.

A intervención das entidades de certificación de conformidade municipal será facultativa e non substituirán en ningún caso as potestades de comprobación, inspección ou calquera outra da Administración, pero serán as responsables fronte a ela dos extremos obxecto de certificación.

Tendo en conta que o labor das entidades de certificación da conformidade debe levarse a cabo cun elevado nivel de calidade e de profesionalidade, que deben rexerse conforme os principios de imparcialidade, confidencialidade e independencia, que o seu labor terá efectos administrativos para os cidadáns e que o seu funcionamento e actos estarán baixo o control da Administración, está xustificada que por razóns de interese xeral a súa actividade estea sometida a autorización administrativa previa nas condicións consideradas no artigo 5 da Lei 17/2009, de 23 de novembro, establecéndose para iso requisitos obxectivos que garantan a non discriminación e a proporcionalidade.

As ECCOM rexeranse polos principios de imparcialidade, confidencialidade e independencia, e as súas funcións non substituirán as potestades de comprobación, inspección ou calquera outra da Administración. A súa autorización e rexistro corresponderanlle á consellaría competente en materia de seguridade industrial, remitíndose o seu posterior desenvolvemento regulamentario ás normas necesarias para iso, así como as súas obrigas e os requisitos exixibles para o desenvolvemento das súas actividades e a súa acreditación.

Regap



ESTUDOS

As entidades de certificación de conformidade municipal estarán obrigadas, como requisito previo á efectividade da autorización, a subscribir pólizas de seguro que cubran os riscos da súa responsabilidade na contía que se estableza, sen que esta limite a dita responsabilidade.

As ECCOM certificarán, verificarán, inspeccionarán ou controlarán se a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade, económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial, é conforme coa normativa sectorial e coa aplicable no municipio onde se realicen ou pretendan realizar, e cos campos e normas de actuación que se establezan regulamentariamente para este efecto.

Nas súas actuacións, as ECCOM poderán emitir certificados, actas, informes e ditames, que poderán ser asumidos pola Administración pública competente sen prexuízo das súas competencias.

No exercicio das súas funcións, as ECCOM e o persoal dependente delas desenvolverán as súas funcións con independencia, establecéndose regulamentariamente as disposicións en materia de incompatibilidades.

As entidades de certificación de conformidade municipal e os seus actos estarán sometidos ao control e inspección da Administración local e da consellaría competente en materia de seguridade industrial. A súa actividade non é obrigatoria para o particular. Os particulares interesados poderán contratar ou non os servizos das ECCOM, pero, se o fan, prodúcese a importante consecuencia do desprazamento da responsabilidade á entidade. Desa forma, equilibrase dalgún xeito a inicial perda de seguridade xurídica que, a prol da simplificación e a celeridade, se produce ao substituír a licenza coa comunicación previa.

## 11.2 Infraccións e sancións

A LECEG dedícalles un capítulo ao réxime sancionador, de forma que todas as infraccións en materia de espectáculos públicos, apertura de establecementos e as derivadas da actividade das ECCOM se regulan conxuntamente. Referirémonos agora ás infraccións específicas relativas a estas entidades, xa que tanto as sancións como o réxime de responsabilidade é o mesmo.

### 11.2.1 Moi graves

Son infraccións moi graves, a teor da lei:

A expedición de certificados, actas, informes ou ditames cuxo contido non se axuste á realidade dos feitos.

A realización de certificacións, verificacións, inspeccións e controis propios das entidades de certificación sen posuír a correspondente autorización en vigor para iso.

As infraccións moi graves poderán ser sancionadas alternativa ou acumulativamente nos termos previstos, salvo que resultasen incompatibles. Establécense as seguintes sancións:

a) Multa de 30.050,62 ata 601.012,1 euros.

- b) Clausura do local ou establecemento por un período máximo de tres anos.
- c) Suspensión ou prohibición da actividade ata tres anos.
- d) Retirada da autorización de entidade de certificación de conformidade municipal por un período máximo de tres anos.

### 11.2.2 Graves

Serán infraccións graves as seguintes:

- a) As certificacións, verificacións, inspeccións e controis efectuados polas entidades de certificación de conformidade municipal de forma incompleta ou con resultados inexactos por unha insuficiente constatación dos feitos ou a deficiente aplicación de normas técnicas ou regulamentarias.
- b) O incumprimento das obrigas establecidas regulamentariamente ás entidades de certificación de conformidade municipal.
- c) A acreditación de entidades de certificación de conformidade municipal por parte das entidades de acreditación cando se efectuase sen verificar totalmente as condicións e requisitos técnicos exixidos para o funcionamento daqueles ou mediante valoración tecnicamente inadecuada.
- d) Ocultar datos ou alterar os xa achegados á entidade de certificación de conformidade municipal.
- e) Incurrir as entidades de certificación de conformidade municipal en demora inustificada en remitirles ao órgano ou órganos da Administración, e no prazo establecido regulamentariamente, os certificados, actas, informes ou ditames que fosen resultado da súa actuación.

As infraccións graves poderán ser sancionadas alternativa ou acumulativamente nos termos previstos salvo que resultasen incompatibles con:

- a) Multa de 300,52 a 30.050,61 euros.
- b) Suspensión ou prohibición da actividade por un período máximo dun ano.
- c) Clausura do local ou establecemento por un período máximo dun ano.
- d) Retirada da autorización de entidade de certificación de conformidade municipal por un período máximo dun ano.

### 11.2.3 Infraccións leves

Considerarase infracción leve o incumprimento das prescricións ditadas pola autoridade competente ás entidades de certificación de conformidade municipal conforme o desenvolvemento das súas funcións.

As infraccións leves serán sancionadas con multa de ata 300,51 euros.

regap



ESTUDIOS

## 11.2.4 Responsables

Cando unha entidade de certificación de conformidade municipal participe na tramitación administrativa, será a responsable das infraccións reguladas nesta lei no que concirne ao obxecto da dita tramitación. Esta responsabilidade substituirá o resto de suxeitos intervinientes e que sinalamos no apartado 6.1.4.

## 12 Conclusións

A transposición da Directiva de servizos introduciu no noso dereito administrativo novas técnicas de control que relegaron a autorización administrativa previa á prestación de servizos e ao exercicio de actividades a un plano excepcional, obrigando os estados a xustificar a súa imposición, a motivar que o réxime de autorización non sexa discriminatorio para o prestador de que se trata, a invocar que a necesidade dun réxime de autorización está xustificada por unha razón imperiosa de interese xeral e a determinar que o obxectivo perseguido non se poida conseguir mediante unha medida menos restritiva.

A nova regulación, en realidade un cambio de paradigma, inicialmente circunscrito pola directiva á prestación de determinados servizos, xeneralizouse para o exercicio de todo tipo de actividades económicas e supuxo tamén unha modificación dos sistemas de intervención urbanística, posto que a implantación de calquera actividade implica necesariamente un acto de uso do solo. Nese sentido, ás leis xerais que se ditaron en aplicación da directiva uníronse as comunidades autónomas modificando os seus respectivos ordenamentos, entre elas Galicia, que a través da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECEG), levou a cabo unha regulación integral do exercicio de actividades que parte da comunicación previa como o réxime ordinario de intervención administrativa tamén no ámbito urbanístico.

Por outro lado, paralelamente á substitución de controis previos por controis *ex post*, as entidades colaboradoras da Administración configuráronse como persoas xurídico-privadas que realizan tarefas administrativas, chegando a exercer funcións públicas, actuacións que se expandiron ata alcanzar ámbitos tradicionalmente vedados aos particulares, como é a tramitación de licenzas urbanísticas. A progresiva eliminación de autorizacións e a súa substitución por comunicacións previas ou declaracións responsables están a converter tales entidades en instrumentos para descargar a Administración de tarefas técnicas e, á vez, darlles seguridade xurídica aos prestadores de servizos que comezan a súa actividade sen a certeza que lles proporcionaba unha autorización administrativa.

As entidades de certificación de conformidade municipal (ECCOM) que prevé a LECEG serán as entidades privadas colaboradoras da Administración que, de forma voluntaria para o prestador do servizo, dotarán de seguridade xurídica e certeza a comunicación previa mediante a realización de actuacións de certificación, verificación, inspección e control da conformidade de instalacións, establecementos e actividades coa normativa de aplicación no ámbito municipal.



## 13 Addenda

Notas sobre a incidencia da nova Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Entregado xa o artigo para a súa publicación, publícase no *Diario Oficial de Galicia* n.º 34, do 19 de febreiro de 2016, a nova Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), que derroga e substitúe integramente a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. A lei entrou en vigor o 19 de marzo de 2016, ao mes da súa publicación.

O réxime das licenzas municipais e comunicacións previas mantense igual que na norma derogada. A comunicación previa é o medio xeral de control administrativo dos actos de edificación e uso de solo e a licenza urbanística sería a excepción para determinados supostos taxados que non varían respecto á antiga lei. Mantense tamén o prazo de quince días hábiles entre a presentación da comunicación previa e o inicio da obra. Achegamos un cadro coa táboa de concordancias entre unha e outra norma.

Si introduce a lei unha importante reforma ao eliminar a distinción entre obras maiores e menores que, como vimos, supuñan unha distorsión para os efectos de delimitar a diferenza entre os actos de uso de solo que precisaban licenza e os que non, debido ás diferenzas entre a Lei de ordenación da edificación e a antiga LOUGA ao regular a necesidade de proxecto de edificación (máis restritiva a primeira).

Coa redacción actual da Lei do solo de Galicia, todas as obras que precisen proxecto de edificación conforme a LOE necesitarán licenza urbanística e as que non serán obxecto de comunicación previa. Certo é que o artigo 146.1.a) mantén entre a documentación que cómpre achegar coa comunicación previa a descrición técnica das características do acto de que se trate “ou, se é o caso, proxecto técnico legalmente exixible”, o que parece indicar que poderían existir comunicacións previas de obras necesitadas de proxecto técnico. Non obstante, ao eliminarse a definición que de obra menor nos indicaba a LOUGA, os únicos supostos de obras de edificación nos que se pode exixir proxecto son os previstos na LOE que, como indica o propio artigo 142.2 a) LSG, precisan de licenza municipal. En consecuencia, a expresión proxecto técnico legalmente exixible debe entenderse como unha transposición da antiga LOUGA que si prevía a comunicación previa de obras maiores, e tamén como unha cláusula residual ou de peche para os casos da normativas sectoriais ou específicas que manteña a necesidade dun proxecto de obras en supostos en que a LOE non o exixa.

TÁBOA DE CONCORDANCIAS	
LEI 9/2002, do 30 de decembro	LEI 2/2016, do 10 de febreiro
194.1	142.1
194.2	142.2
194.3	142.4
194.4	142.3
194.5	146.1
194.6	146.2
194.7	—

regap



ESTUDIOS

TÁBOA DE CONCORDANCIAS	
LEI 9/2002, do 30 de decembro	LEI 2/2016, do 10 de febreiro
194.8	142.3
195	143
196	144
197	145
198	147

## 14 Bibliografía

AGUADO I CUDOLÁ, V. e NOGUERA DE LA MUELA, B.; *El impacto de la Directiva de servicios en las administraciones públicas*, Atelier, Barcelona, 2012.

ÁLVAREZ GARCÍA, V.; "El control de la aplicación de la normativa técnica: acreditación, certificación y marcas de conformidad", Muñoz Machado, S. (coord.), *Derecho de la Regulación Económica, tomo VII, Industria*, Iustel, Madrid, 2010.

CANALS I AMETLLER, D.; "El ejercicio de funciones públicas por entidades privadas colaboradoras de la Administración", Galán Galán, A. e Prieto Romero, C. (coords.), *El ejercicio de funciones públicas por entidades privadas colaboradoras de la Administración*, Huygens, Madrid, 2010.

CANALS I AMETLLER, D.; "Las entidades colaboradoras de las administraciones públicas catalanas: rasgos definitorios, actuación y régimen de la intervención administrativa", Tornos Mas, J. (coord.), *Comentarios a la Ley 26/2010, de 3 de agosto, de régimen jurídico y de procedimiento de las administraciones públicas de Cataluña*, Iustel, Madrid, 2012.

CARBONELL PORRAS, E.; "El control sobre la actividad de las entidades colaboradoras de la administración", Galán Galán, A. e Prieto Romero, C. (coords.), *El ejercicio de funciones públicas por entidades privadas colaboradoras de la Administración*, Huygens, Madrid, 2010.

CUBERO MARCOS, J. I.; *La comunicación previa, la declaración responsable y el procedimiento administrativo: especial referencia al establecimiento de actividades y a la prestación de servicios*, Thomson Reuters Aranzadi, Pamplona, 2013.

DESCALZO GONZÁLEZ, A.; "Las licencias en los espectáculos públicos y las actividades recreativas", Parejo Alfonso, L. (dir.), *Autorizaciones y licencias, Hoy. Un análisis sectorial tras la Directiva de servicios*, Tirant Lo Blanch, Valencia, 2013.

GALÁN GALÁN, A.; "La responsabilidad por los daños causados por la actuación de las entidades privadas colaboradoras de la Administración", Galán Galán, A. e Prieto Romero, C. (coords.), *El ejercicio de funciones públicas por entidades privadas colaboradoras de la Administración*, Huygens, Madrid, 2010.

GALÁN GALÁN, A. e PRIETO ROMERO, C.; *El ejercicio de funciones públicas por entidades privadas colaboradoras de la Administración*, Huygens, Madrid, 2010.

- GARCÍA DE ENTERRÍA, E. e FERNÁNDEZ, T. R.; *Curso de derecho administrativo, tomo II*, 7ª ed.; Civitas, Madrid, 2010.
- GÓNZÁLEZ PÉREZ, J. y GONZÁLEZ NAVARRO, J. J.; *Comentarios a la Ley de régimen jurídico de las administraciones públicas y del procedimiento administrativo común, tomo I*, 4ª ed.; Thomson Civitas, Madrid, 2013.
- MUÑOZ MACHADO, S.; *Tratado de derecho administrativo y derecho público general, tomo II: El ordenamiento jurídico*, Iustel, Madrid, 2009.
- MUÑOZ MACHADO, S.; *Tratado de derecho administrativo y derecho público general, tomo IV: La actividad administrativa*, Iustel, Madrid, 2009.
- PADRÓS REIG, C.; *Actividad administrativa y entidades colaboradoras*, Tecnos, Madrid, 2001.
- PADRÓS REIG, C.; *La administración invisible: panorama general y ejemplos prácticos de las entidades colaboradoras de la Administración pública*, Dykinson S. L.; Madrid, 2010.
- PAREJO ALFONSO, L.; *Autorizaciones y licencias, hoy. Un análisis sectorial tras la Directiva de servicios*, Tirant Lo Blanch, Valencia, 2013.
- PRIETO ROMERO, C.; "Comentarios a la ordenanza por la que se establece el régimen de gestión y control de las licencias urbanísticas de actividades", Galán Galán, A. e Prieto Romero, C. (coords.), *El ejercicio de funciones públicas por entidades privadas colaboradoras de la Administración*, Huygens, Madrid, 2010.
- REBOLLO PUIG, M.; "La actividad de limitación", Cano Campos, T. (coord.), *Lecciones y materiales para el estudio del derecho administrativo*, vol. 3, tomo II, (La actividad de las administraciones públicas: el contenido), Iustel, Madrid, 2009.
- SANTIAGO IGLESIAS, D.; "La incidencia de la Directiva de servicios y de sus normas de transposición en el régimen jurídico del silencio administrativo", Almeida Cerredá, M. (coord.), *La termita Bolkenstein. Mercado único vs. Derechos ciudadanos*, Thomsom-Reuters, Madrid, 2012.
- TORNOS MAS, J.; "La licencia comercial específica y el régimen de autorizaciones en la Directiva de servicios", Villarejo Galende, H. (coord.), *La directiva de servicios y su impacto sobre el comercio europeo*, Comares, Granada, 2009.

Regap



ESTUDIOS



# A incidencia da Lei de garantía da unidade de mercado no modelo de urbanismo comercial sustentable

La incidencia de la Ley de garantía de la unidad de mercado en el modelo de urbanismo comercial sostenible

The impact of the national law of the single market in the model sustainable commercial urban planning

51 Regap

MARINA RODRÍGUEZ BEAS

Persoal investigador de acceso ao SECTI  
*Universidade Rovira i Virgili* (Cataluña, España)  
marina.rodriguez@urv.cat

Recibido: 28/12/2015 | Aceptado: 21/01/2016

Regap



ESTUDIOS

**Resumo:** Neste traballo analizamos en que medida a necesaria adaptación da lexislación en materia de ordenación dos equipamentos comerciais ás exigencias derivadas da Directiva de servizo foi aproveitada, nun primeiro momento, polo lexislador estatal e os autonómicos para facer da ordenación do territorio e a protección do medio ambiente as razóns imperiosas de interese xeral que amparaban e xustificaban a súa intervención. Pero cos últimos cambios lexislativos, esta intervención administrativa foi perdendo forza de acordo coas correntes neoliberais que inspiran as sucesivas modificacións da normativa estatal na materia, como a Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado. Isto marca unhas diferenzas importantes, afectando á posibilidade de recuperar un modelo de cidade comercial cun desenvolvemento urbano sustentable.

**Palabras clave:** urbanismo comercial, liberdade de establecemento, unidade de mercado, licenza, proporcionalidade, oportunidade, protección ambiental, competencias, sustentable.

**Resumen:** En este trabajo analizamos en qué medida, la necesaria adaptación de la legislación en materia de ordenación de los equipamientos comerciales a las exigencias derivadas de la Directiva de Servicio fue aprovechada, en un primer momento, por el legislador estatal y los autonómicos para hacer de la ordenación del territorio y la protección del medio ambiente las razones imperiosas de interés general que amparaban y justificaban su intervención. Pero con los últimos cambios legislativos, esta intervención administrativa ha ido perdiendo fuerza de acuerdo con las corrientes neoliberales que inspiran las sucesivas modificaciones de la normativa estatal en la materia, como la Ley 20/2013, de 9 de diciembre, de garantía de la unidad de mercado. Esto marca unas diferencias importantes, afectando a la posibilidad de recuperar un modelo de ciudad comercial con un desarrollo urbano sostenible.

**Palabras clave:** urbanismo comercial, libertad de establecimiento, unidad de mercado, licencia, proporcionalidad, oportunidad, protección medioambiental, competencias, sostenible.

**Abstract:** This paper analyses to what extent the necessary adaptation of the legislation on management of commercial facilities to the requirements under Directive Service was exploited, at first, by the state legislature and autonomous for ordination the territory and environmental protection of the overriding reasons of general interest that

were supported and justified their intervention. But with recent legislative changes this administrative intervention has been losing strength in accordance with neoliberal currents that inspire successive changes of state regulation in the field such as Law 20/2013, of December 9, guarantee market unity. This marks a significant difference, affecting the ability to recover a model of market town with sustainable urban development.

**Key words:** commercial development, freedom of establishment, market unit, license, proportionality, timeliness, environmental protection, competition, sustainable.

**Sumario:** 1 Introducción. 2 Principio de liberdade de establecemento: liberalización ou desregulación? 3 A incidencia da Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado sobre o urbanismo comercial. 3.1 O principio de eficacia das actuacións das autoridades competentes en todo o territorio nacional. 4 Razóns imperiosas de interese xeral: protección ambiental e de ordenación territorial e urbanística. 4.1 Criterio de oportunidade e de proporcionalidade: interpretación das razóns imperiosas de interese xeral. 5 Consideracións finais: o novo modelo de urbanismo comercial "sustentable". 6 Bibliografía.

## 1 Introducción

O comercio incidiu no nacemento e na evolución da cidade, xa que, como ben sabemos, desde unha perspectiva histórica, entre os termos cidade e comercio produciuse certa simbiose. Así, o desenvolvemento do comercio mantivo un vínculo constante coa transformación urbana, xerando estreitas e intrínsecas relacións de interdependencia, non sempre pacíficas.

O comercio é unha actividade económica con capacidade para influír nun determinado modelo de desenvolvemento territorial, é dicir, en configurar a cidade en difusa ou compacta. Pero, xunto a esta dimensión territorial e ambiental, o comercio suscita un intenso conflito social e económico co enfrontamento entre o comercio tradicional e as grandes superficies, con claras implicacións para os xestores públicos<sup>1</sup>.

A concorrencia destes problemas sociais, económicos, territoriais e ambientais altera as relacións entre cidade e comercio, dando lugar á aparición do problema da integración da ordenación espacial do comercio, o que constitúe o obxecto do que se vén denominado como urbanismo comercial<sup>2</sup>. Este fenómeno enténdese, en todo caso, como o conxunto de instrumentos e medidas encamiñadas a lograr unha evolución racional e sustentable do comercio, tendo en conta tanto a súa dimensión territorial como urbanística ou ambiental.

Ante estes conflitos, os poderes públicos interviñeron aprobando unha normativa reguladora da ordenación espacial dos equipamentos comerciais co fin de conseguir un equilibrio entre os intereses das grandes superficies comerciais e o comercio tradicional. O lexislador regulou a ordenación espacial do equipamento comercial mediante, principalmente, dous tipos de instrumentos: os plans de equipamentos comerciais e as licenzas ou autorizacións comerciais.

Non obstante, na actualidade continúan producíndose, feito que demostra a necesidade dunha nova forma de planificación que analice os impactos ambientais e territoriais asociados ao desenvolvemento de certos proxectos de equipamentos comerciais.

O comercio interior está baixo un proceso de transformación que, fundamentalmente, é consecuencia da Directiva 2006/123/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de

1 PÉREZ FERNÁNDEZ, J. M., "Urbanismo comercial y medio ambiente: el reto de un modelo urbano sostenible", Sanz Larruga, F. J., García Pérez, M. e Pernas García, J. J. (dirs.), *Libre mercado y protección ambiental. Intervención y orientación ambiental de las actividades económicas*, INAP, Madrid, 2013, p. 255.

2 RODRÍGUEZ BEAS, M., *El comercio en el ordenamiento jurídico español. El urbanismo comercial y la sostenibilidad urbana*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2015.

decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior (DS), a cal comportou unha profunda revisión do marco xurídico do sector servizos, e aínda permanece no centro da Estratexia Europa 2020 como marco de referencia para os programas nacionais de reformas estruturais de fomento da competitividade e o crecemento a longo prazo.

A citada directiva aposta pola liberalización da prestación dos servizos, aínda que, como afirma LÓPEZ PÉREZ, nos deixa a porta aberta para a imposición de restricións á liberdade de establecemento, baixo uns requisitos, coa finalidade de protexer o ámbito urbano como unha das razóns que ampararían a existencia dun réxime de intervención administrativa<sup>3</sup>. Polo tanto, estamos ante a posibilidade de recuperar un modelo de cidade comercial, ordenando a localización das grandes superficies e deseñando un modelo de cidade compacta cun desenvolvemento urbano sustentable.

Non obstante, a intervención administrativa vai perdendo forza na actualidade, de acordo coas correntes neoliberais que inspiran as sucesivas modificacións da normativa estatal na materia, como a Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado (LGUM)<sup>4</sup>.

## 2 Principio de liberdade de establecemento: liberalización ou desregulación?

O principio de liberdade de establecemento recóllese no artigo 6.1 da Lei 1/2010, do 1 de marzo, de reforma da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio polo miúdo (en diante, LOCM) cando expresa que, “con carácter xeral, a instalación de establecementos comerciais non estará suxeita a réxime de autorización comercial”. En consecuencia, o establecemento dun réxime de autorización comercial terá o carácter de excepcional e deberá axustarse ao principio de proporcionalidade, segundo o establecido no artigo 5.c) da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, ao principio de non discriminación e se concorren razóns imperiosas de interese xeral relacionadas coa distribución comercial, de acordo co que se establece no artigo 6.2 de LOCM e así se motive suficientemente na lei que estableza o dito réxime<sup>5</sup>.

Non obstante, o precepto citado anteriormente déixalles unha marxe de liberdade ás comunidades autónomas para que, no exercicio das competencias que teñan recoñecidas, impoñan ou non a existencia de autorización para a instalación de establecemento comercial, sempre que concorran de xeito claro e inequívoco razóns imperiosas de interese xeral relacionadas coa distribución comercial. Á súa vez, prohíbese que o outorgamento da autorización se supedite a criterios de natureza económica, e única e exclusivamente deben respectarse os criterios de proporcionalidade, non discriminación, claros e inequívocos, obxectivos, feitos públicos con antelación, predicibles, transparentes e accesibles (artigo 6.3 de LOCM).

Dado o contexto económico, o Estado considerou necesario reducir as cargas administrativas que dificultaban o comercio e así conseguir dinamizar o sector, malia as reformas anterio-

3 LÓPEZ PÉREZ F., *El impacto de la directiva de servicios sobre el urbanismo comercial*, Atelier, Barcelona, 2009, p. 22.

4 *Vid.* GIFREU I FONT, J., “La impronta de la Directiva de servicios y de la normativa de transposición interna estatal en las técnicas interventoras urbanísticas. Parada y fonda: la Ley de garantía de la unidad de mercado”, *Revista Vasca de Administración Pública*, n.º 98, xaneiro-abril 2014, p. 169-213.

5 Artigos 9 e 10 da Directiva de servizos.

res. Con este obxectivo, aprobouse o Real decreto lei 19/2012, do 25 de maio, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos.

Este instrumento xurídico cambia o panorama legislativo de carácter básico en materia de comercio interior, converténdose así na primeira pedra dunha nova tendencia liberalizadora ou desreguladora deste sector.

Este real decreto lei, como se afirma na súa exposición de motivos, dá un paso máis no reto de eliminar todos os supostos de autorización ou licenza municipal previa, motivados na protección do medio ambiente, a seguridade ou a saúde pública. Así, o seu obxectivo é o impulso e dinamización da actividade comercial polo miúdo mediante a eliminación de cargas e restricións administrativas que afecten ao inicio e exercicio da actividade comercial.

Nesta liña, o artigo 3 do real decreto lei citado determina a inexistencia da licenza para o inicio e o desenvolvemento das actividades comerciais, situadas en calquera parte do territorio nacional, cunha superficie de exposición e venda ao público inferior aos 300 m<sup>2</sup>. Deste xeito, permítese a execución de obras e instalacións e o exercicio da actividade comercial coa presentación dunha declaración responsable ou comunicación previa. O lexislador xustifica esta posición na exposición de motivos, manifestando que, despois de realizar o xuízo de necesidade e proporcionalidade, non son necesarios controis previos por tratarse de actividades que, pola súa natureza, as instalacións que requiren non teñen un impacto susceptible de control a través da técnica autorizatoria, a cal se substitúe por un réxime de control *ex post*.

Por conseguinte, as licenzas que citabamos substitúense por declaración responsable ou por comunicación previa, de conformidade co establecido no artigo 71 *bis* da Lei 30/1992. Ademais, o propio lexislador determina a aplicación do réxime sancionador en materia de comercio interior, ordenación do solo e urbanismo, protección da saúde, medio ambiente e do patrimonio histórico-artístico para que este mecanismo non supoña unha deterioración das garantías na prestación do servizo nin as obrigas de cumprimento da normativa sectorial autonómica ou municipal aplicable. A pesar disto, pomos en dúbida que non se produza un verdadeiro detrimento dos intereses xerais.

Aínda así, como especifica o artigo 5, a presentación da declaración de responsable ou da comunicación previa “non prexulgará en ningún modo a situación e efectivo acomodo das condicións do establecemento á normativa aplicable, nin limitará o exercicio das potestades administrativas, de comprobación, inspección, sanción e, en xeral, de control que á Administración en calquera orde –estatal, autonómica ou local– lle estean atribuídas polo ordenamento sectorial aplicable en cada caso”.

Polo tanto, con este real decreto lei fíxose un limiar para eximir de licenza ou autorización previa, e, por conseguinte, redúcese a marxe de actuación do lexislador autonómico nesta materia, ao contrario do que sucedía coa Lei 1/2010, como especificamos anteriormente. Deste xeito, pásase dun control *ex ante* a través da autorización a un réxime de control *ex post*, fundamentado nunha declaración responsable<sup>6</sup>.

Pero o real decreto lei contiña tamén dúas importantes previsións en relación co limiar de superficie por debaixo do cal as entidades locais poderían eximir licenzas comerciais. A pri-

---

6 Vid. VILLAREJO GALENDE, H., “Licencias comerciales: su persistencia tras la Directiva de servicios”, *Información Comercial Española, ICE: Revista de Economía*, n.º 868, 2012, p. 99.



meira era unha habilitación ao Goberno para modificar á alza o dito limiar, dependendo das “circunstancias do mercado e a conxuntura económica”<sup>7</sup>. E a segunda era o recoñecemento tamén ás comunidades autónomas da facultade de ampliar ese limiar se así o estimasen conveniente no ámbito das súas competencias<sup>8</sup>.

O citado real decreto lei, tras a súa validación polo Congreso, o 14 de xuño de 2012, foi substituído pola Lei 12/2012, do 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos. Na mesma liña, xustifícase na exposición de motivos a modificación pola necesidade de reactivar a economía, establecendo un mínimo común denominador para todo o Estado que lles garanta ás empresas un marco de seguridade xurídica e de unidade normativa en todo o territorio, pero sen prexuízo de que as comunidades autónomas, no ámbito das súas competencias, poidan regular un réxime de maior alcance na eliminación de calquera tipo de control previo.

Polo tanto, continuábase coa inexixencia de licenza ou autorización para o inicio e desenvolvemento de actividades comerciais, situadas en calquera parte do territorio nacional, cunha superficie de exposición e venda ao público inferior a 300 m<sup>2</sup>.

Non obstante, pouco tempo despois, o limiar de 300 m<sup>2</sup> ampliouse a 500 m<sup>2</sup> de superficie máxima dos establecementos que están exentos de licenza a través da Lei 14/2013, do 27 de setembro, de soporte aos emprendedores e a súa internacionalización. Ademais, esta lei tamén ampliou a 43 actividades adicionais o anexo da Lei 12/2012, o cal prevé unha lista de actividades exentas de solicitar licenza municipal.

Pero esta tendencia de ir aumentando progresivamente os metros cadrados que eximen de solicitar licenza para o inicio e desenvolvemento de actividades comerciais non quedou aquí, e deu un paso adiante coa Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado, ampliando o limiar de superficie útil de exposición e venda ao público a 750 metros cadrados<sup>9</sup>. A argumentación destas medidas xira arredor do impulso económico e da eliminación de barreiras no mercado, pero detrás disto apreciamos unha política desreguladora e unificadora dos réximes xurídicos de cada Comunidade Autónoma, o que presenta graves problemas xurídicos.

### 3 A incidencia da Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado sobre o urbanismo comercial

As últimas modificacións da Lei 1/2010, do 1 de marzo, de reforma da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio polo miúdo (LOCM), xa preconizaran<sup>10</sup>, en certo modo, o que agora a LGUM prevé con carácter xeral para todos os servizos.

7 Disposición derradeira sétima.

8 Disposición derradeira oitava.

9 Disposición derradeira terceira da Lei de garantía da unidade de mercado.

10 Dado o contexto económico, o Estado considerou necesario reducir as cargas administrativas que dificultaban o comercio e así conseguir dinamizar o sector mediante unha serie de reformas: Real decreto lei 19/2012, do 25 de maio, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos; Lei 12/2012, do 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados sectores; e a Lei 14/2013, do 27 de setembro, de soporte aos emprendedores e a súa internalización.

A LGUM ten por obxecto “facer efectivo o principio de unidade de mercado no territorio nacional (...) e garantir a integridade da orde económica”.

En canto ao réxime das licenzas municipais para a apertura de establecementos comerciais, a disposición derradeira 3.<sup>a</sup> da LGUM incrementa a superficie mínima para a prohibición de autorización respecto á Lei 12/2012, do 26 de decembro, situándoa en 750 m<sup>2</sup>.

O *Consell de Garanties Estatutàries* pronunciouse acerca da incidencia desta medida sobre as competencias da Generalitat de Catalunya, remitíndose ao Ditame 20/2013, do 19 de decembro, sobre a Proposición de lei do Parlamento de Catalunya de horarios comerciais e determinadas actividades de promoción. Nese ditame examinouse a ampliación da superficie útil de exposición e venda a 300 m<sup>2</sup>, establecida polo Real decreto lei 20/2012, do 22 de agosto, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade: “(...) A ampliación a 300 m<sup>2</sup> significa a afectación de case a totalidade do comercio, o que deixa unha marxe de actuación á Generalitat irrisoria neste aspecto, xa que disporían de liberdade horaria o 90% dos establecementos de comercio polo miúdo, polo que temos que concluír, como tamén o fixo o Consello Consultivo en dous supostos similares (DCC núm. 219, do 14 de xullo de 2000, F IV.4.E, e DCC núm. 267, do 7 de febreiro de 2005, F V.4), que a esta prescrición no se lle pode atribuír o carácter de base, non porque formal e aparentemente non lle dea marxe ao lexislador autonómico (marca un limiar máximo de superficie), senón porque materialmente non permite desenvolver unha política propia e singularizada en materia de horarios comerciais (artigo 121.1 c Estatuto de autonomía de Catalunya), xa que a pretendida base afecta a case todos os comercios polo miúdo. Agora ben, mentres o Tribunal Constitucional non se pronuncie expresamente, sería necesario que o lexislador catalán, no preámbulo da proposición, achegase as razóns que xustifican separarse dunha norma declarada básica”. En consecuencia, considera que esta regulación non ten amparo legal no artigo 149.1.3 CE e vulnera as competencias da Generalitat relativas ao comercio do artigo 121 EAC.

Sobre a base destas disposicións, as comunidades autónomas mantiveron adaptada a este novo marco a exigencia de autorización para a instalación de grandes establecementos comerciais. Non obstante, non é infrecuente que no réxime destas autorizacións o lexislador autonómico deixe caer algúns criterios que poden resultar contrarios, ademais de á Directiva de servizos e ás súas normas de transposición, ao que agora dispón o artigo 18.2 LGUM. Deste modo, cando o lexislador autonómico contempla criterios de política económica ou comercial coa finalidade de favorecer os pequenos comerciantes, está a incorrer agora na conduta prohibida no artigo 18.2 g) LGUM, consistente na adopción de “actos, disposicións e medios de intervención (...) que conteñan ou apliquen requisitos de natureza económica ou intervención directa ou indirecta de competidores na concesión de autorizacións, nos termos establecidos nas letras e) e f) do artigo 10 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio”.

### 3.1 O principio de eficacia das actuacións das autoridades competentes en todo o territorio nacional

O artigo 6 da LGUM incorpora o novo principio de eficacia das actuacións das autoridades competentes en todo o territorio nacional. Isto constitúe a principal novidade que a LGUM

achega ao ordenamento xurídico español<sup>11</sup>. A operatividade deste principio atópase no artigo 19, o cal, baixo o título “libre iniciativa económica en todo o territorio nacional”, dispón que: “desde o momento en que un operador económico estea legalmente establecido nun lugar do territorio español poderá exercer a súa actividade económica en todo o territorio, mediante establecemento físico ou sen el, sempre que cumpra os requisitos de acceso á actividade do lugar de orixe, mesmo cando a actividade económica non estea sometida a requisitos do dito lugar”.

Os efectos deste principio son verdadeiramente contundentes<sup>12</sup>, xa que, se o desenvolvemento dunha actividade económica nunha determinada Comunidade Autónoma queda suxeito a uns requisitos concretos que difiren dos exixidos para a mesma actividade noutra Comunidade Autónoma, bastará o cumprimento dos exixidos na Comunidade Autónoma en que se estea establecido para que se poida realizar a actividade en todo o territorio nacional, sen ter que cumprir os requisitos que outras comunidades autónomas puideran establecer para o desenvolvemento desa actividade realizada polos operadores establecidos nos seus respectivos ámbitos territoriais.

O artigo 20 LGUM, baixo o título “eficacia en todo o territorio nacional das actuacións administrativas”, volve repetir o mesmo principio de eficacia territorial, especificando algúns supostos. Así, con carácter xeral, establece que “terán plena eficacia en todo o territorio nacional, sen necesidade de que o operador económico realice ningún trámite adicional ou cumpran novos requisitos, todos os medios de intervención das autoridades competentes que permitan o acceso a unha actividade económica ou o seu exercicio, ou acrediten o cumprimento de certas calidades, cualificacións ou circunstancias”<sup>13</sup>.

Deste xeito, a LGUM non establece unhas normas comúns básicas para os operadores para exerceren as súas actividades económicas, senón que remite a súa concreción á regulación que se estableza desde o lugar de orixe do operador. Así, o que verdadeiramente se produce a través da LGUM é a implantación da chamada “licenza comercial única”<sup>14</sup>, porque, aínda que o lexislador non emprega esta expresión, no apartado 3 do artigo 19 establécese que, “cando conforme a normativa do lugar de destino se exixan requisitos, cualificacións, controis previos ou garantías aos operadores económicos ou aos bens, distintos dos exixidos ou obtidos ao abeiro da normativa do lugar de orixe, a autoridade de destino asumirá a plena validez destes últimos, aínda que difiran no seu alcance ou contía. Así mesmo, o libre exercicio operará mesmo cando na normativa do lugar de orixe non se exixa ningún requisito, control, cualificación ou garantía”.

11 Vid. RODRÍGUEZ BEAS, M., *El comercio en el ordenamiento jurídico español. El urbanismo comercial y la sostenibilidad urbana*, cit., pp. 131 e ss.

12 FERNÁNDEZ FARRERES, G., “Unidad de mercado y libertades de empresa y de circulación en la Ley 20/2013, de 9 de diciembre”, *Revista Española de Derecho Administrativo*, n.º 163, 2014, p. 124.

13 Como afirma FERNÁNDEZ FARRERES, a previsión non deixa de ser redundante: «baste ter en conta que, se a intervención da autoridade competente de orixe conforme a súa normativa propia habilita o operador económico para actuar en todo o territorio nacional e o correspondente produto para circular libremente e poder ofertarse e venderse en calquera punto dese territorio, a posibilidade de exixir novos requisitos ou acreditacións engadidos por outras autoridades –polas autoridades de destino– viría negar a referida habilitación xeral», vid. FERNÁNDEZ FARRERES, G., “Unidad de mercado y libertades de empresa y de circulación en la Ley 20/2013, de 9 de diciembre”, cit., p. 135.

14 Neste sentido pronúnciase o *Consell de Garanties Estatutàries* no Ditame 5/2014, do 14 de febreiro, sobre a Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado, p. 50.

Polo tanto, o lexislador, seguindo a súa liña desreguladora, establece un principio xeral de eficacia da regulación procedente da autoridade de orixe en todo o territorio do Estado. Así, favorécese a Comunidade Autónoma que fixe un réxime menos intervencionista ou máis flexible, posibilitándolle estender a súa eficacia en todo o territorio e, á súa vez, desprazar as regulacións das outras comunidades autónomas. Con este sistema, está claro que se tende á homoxeneización<sup>15</sup> e á competencia entre os lexisladores autonómicos, motivo polo cal se cualificou este principio como de *dumping* regulatorio<sup>16</sup>.

O Consello Económico e Social, no seu Ditame 5/2013, do 18 de abril de 2013, sobre o anteproxecto de LGUM, posicionouse contrario a esta regulación do principio de eficacia en todo o territorio estatal, advertindo que "(...) a posibilidade de ir cara a un proceso de homoxeneización normativa pode producir a converxencia cara a unha normativa de mínimos ou ausencia de norma e (...) que, ao establecer o principio de territorio de orixe, se pode introducir un incentivo á localización empresarial nos territorios con menor regulación ou con aquela máis favorable para a súa actividade"<sup>17</sup>.

Ademais, este novo principio provoca un efecto discriminatorio para as empresas radicadas no territorio da Comunidade Autónoma, xa que estas serán as únicas ás que se aplicará a normativa autonómica concreta de territorio<sup>18</sup>.

O contido e alcance deste principio de eficacia en todo o territorio nacional incide decisiivamente nas competencias das comunidades autónomas, xa que se produce un baleiro de contido das competencias autonómicas, porque, aínda que formalmente se respectan, materialmente quedan afectadas por razón do efecto extraterritorial que se lle recoñece ao exercicio de idéntica competencia por calquera doutras comunidades autónomas<sup>19</sup>.

Sobre esta cuestión, o *Consell de Garanties Estatutàries*, considerando a doutrina xurisprudencial do Tribunal Constitucional, determinou que resulta contrario que unha norma ordinaria, como é a LGUM, poida contradicir o artigo 115 EAC, fixando unha regra xeral que lles atribúa uns efectos extraterritoriais a todas as actuacións administrativas, que desprazan as previsións estatutarias. Entende, xa que logo, que o Estado non pode ampararse no título competencial do artigo 149.1.13 CE para regular a unidade de mercado nestes termos e cos efectos tan restritivos para as competencias da Generalitat. En consecuencia, conclúe que os artigos 19 e 20 da LGUM comportan un baleirado do contido das materias estatutarias

---

15 GÍFREU I FONT, J., "La impronta de la Directiva de servicios y de la normativa de transposición interna estatal en las técnicas interventoras urbanísticas. Parada y fonda: la Ley de garantía de la unidad de mercado", *cit.* pp. 203 e ss.

16 Neste sentido, TORNOS MAS afirma que «todos os lexisladores autonómicos poden competir en rebaixas intervencionistas para atraer a instalación dos operadores ao seu territorio, para que desde este poidan estender a súa actividade en todo o Estado xa libres de todo control ulterior». TORNOS MAS, J., "La Ley 20/2013, de garantía de la unidad de mercado: una reforma discutible", *Blog de l'Institut de Dret Públic*, 17 de decembro de 2013 [http://idpbarcelona.blogspot.com.es/2013\\_12\\_01\\_archive.html](http://idpbarcelona.blogspot.com.es/2013_12_01_archive.html) (Data última consulta: 23 novembro de 2015). Nun sentido similar pronúnciase o *Consell de Garanties Estatutàries* no Ditame 5/2014, do 14 de febreiro, sobre a Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado, p. 51.

17 Aínda que este ditame analiza o Anteproxecto da LGUM, as súas críticas poden verse no propio articulado da LGUM, porque o seu contido non variou no esencial.

18 O *Consell de Garanties Estatutàries* considera que a LGUM xera un "efecto negativo" para as empresas do territorio autonómico. *Vid.* Ditame 5/2014, do 14 de febreiro, sobre a Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado, p. 52.

19 Sobre o efecto extraterritorial, a xurisprudencia é clara ao respecto, sinalando de forma reiterada que as competencias autonómicas poden ter efectos supraterritoriais como consecuencia da "unidade política, xurídica, económica e social de España que impide a súa división en compartimentos estancos", motivo polo cal «(...) a privación ás comunidades autónomas da posibilidade de actuar cando os seus actos puidesen orixinar consecuencias máis alá dos seus límites territoriais equivalería necesariamente a privarlas, pura e simplemente, de toda capacidade de actuación». *Vid.* SSTC 37/1981, do 16 de novembro; 44/1984, do 27 de marzo; 291/2005, do 10 de novembro, entre outras

relacionadas con varios ámbitos económicos, como o comercio interior, e vulneran o artigo 115.1 EAC, relativo ao alcance territorial e os efectos destas competencias<sup>20</sup>.

Finalmente, non podemos esquecer que o principio de eficacia en todo o territorio estatal pode xerar unha indefinición na normativa aplicable, creando un escenario de inseguridade xurídica e vulnerando así os artigos 9.3 e 103 CE.

## 4 Razóns imperiosas de interese xeral: protección ambiental e de ordenación territorial e urbanística

A Directiva de servizos, no artigo 4.8, considera o concepto de razón imperiosa de interese xeral seguindo a xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea e establece unha longa lista *numerus apertus*, da que destacamos a protección do medio ambiente e do ámbito urbano, e, como manifesta o considerando 40, inclúese a planificación urbana e rural.

A normativa reguladora da ordenación do comercio trasponse no artigo 6.2 da LOCM, cando dispón que os requisitos que se establezan para a instalación de establecementos comerciais atenderán conxuntamente a criterios baseados en razóns imperiosas de interese xeral relacionadas coa distribución comercial, como a protección do medio ambiente e do contorno urbano, a ordenación do territorio e a conservación do patrimonio histórico e artístico<sup>21</sup>.

Polo tanto, só é posible establecer un réxime de autorización comercial cando este se fundamente nalgunha das citadas razóns imperiosas de interese xeral e que os requisitos que se establezan para obter a autorización ou emitir o informe estean igualmente amparados por estas razóns. Ademais, os instrumentos de ordenación do territorio e urbanísticos poden tratar a ordenación dos equipamentos comerciais se teñen por obxecto a efectiva protección do medio ambiente e do ámbito urbano ou mesmo para resolver os problemas territoriais e urbanísticos que orixinan un tipo de formato de distribución comercial<sup>22</sup>.

Non obstante, as razóns imperiosas de interese xeral, o medio ambiente e a ordenación do territorio, as que aquí nos interesan, deben interpretarse de forma restritiva<sup>23</sup>. Esta interpretación restritiva significa que a mera invocación da razón imperiosa non xustifica a imposición de calquera control ou restrición<sup>24</sup>, e deben responder a criterios de oportunidade e propor-

20 Ditame 5/2014, do 14 de febreiro, sobre a Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado, pp. 55-59.

21 A protección do medio ambiente e do ámbito urbano converteuse na clave de bóveda do novo réxime de autorización autonómica dos grandes equipamentos comerciais, xa que vinculan criterios de concesión da licenza ou informe comercial ás determinacións da ordenación territorial ou do planeamento urbanístico con outros criterios de tutela do medio ambiente como a mobilidade, o impacto paisaxístico, a incidencia ambiental e a eficiencia enerxética.

22 Neste sentido, LÓPEZ PÉREZ, F., *El impacto de la Directiva de servicios sobre el urbanismo comercial*, cit., p. 40.

23 Seguindo o criterio xurisprudencial do Tribunal de Xustiza, é de suma importancia realizar esta interpretación restritiva. Neste sentido, a Sentenza do 24 de marzo de 2011, as. C-400/08, "*Comisión Europea contra Reino de España*" (Rec. p. I-01915), na que o Tribunal analiza a Lei catalá 18/2005, do 27 de decembro, de equipamentos comerciais, e afirma que, aínda que as restricións relativas á localización e ao tamaño dos grandes establecementos comerciais son medios axeitados para alcanzar os obxectivos de ordenación do territorio e de protección do medio ambiente, para que poidan xustificar unha excepción ao principio da liberdade de establecemento, "deben ir acompañadas dunha análise da oportunidade e da proporcionalidade da medida restritiva adoptada polo dito Estado membro, así como dos datos precisos que permitan corroborar a súa argumentación". E, nese caso axuizado, o tribunal rexeita as medidas de intervención adoptadas polo lexislador catalán só pola súa falta de argumentación, non pola natureza das propias medidas.

24 *Vid.* LINDE PANIAGUA, E., "Libertad de establecimiento de los prestadores de servicios en la Directiva relativa a los servicios en el mercado interior", *Revista de Derecho de la Unión Europea: La Directiva relativa a los servicios en el mercado interior (Directiva Bolkestein)*, n.º 14, 2008, p. 91.

cionalidade, é dicir, xustificar que son as medidas máis axeitadas para alcanzar o obxectivo pretendido, como, por exemplo, a defensa dun modelo de cidade compacta.

#### 4.1 Criterio de oportunidade e de proporcionalidade: interpretación das razóns imperiosas de interese xeral

O artigo 5 LGUM obriga a que calquera normativa que estableza límites ao acceso ou exercicio dunha actividade económica motive a súa necesidade na “salvagarda dalgunha razón imperiosa de interese xeral de entre as comprendidas no artigo 3.11 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio. E, ademais, dispón que calquera requisito que impoña un límite a esa liberdade deberá ser proporcionado á correspondente razón imperiosa de interese xeral, de maneira que só procederá cando “non exista outro medio non menos restritivo ou distorsionador para a actividade económica”.

Este principio de necesidade e proporcionalidade recollido na LGUM marca unhas diferenzas importantes coa Directiva de servizos e a Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio<sup>25</sup>. En primeiro lugar, a nova regulación adopta un criterio distinto en canto ao seu ámbito de aplicación, xa que alcanza a calquera actividade económica e non só aos servizos.

En segundo lugar, a LGUM restrinxe moito máis o catálogo de razóns imperiosas de interese xeral. Así, a exigencia de autorización aos operadores económicos só poderá considerarse necesaria e proporcional cando estea xustificada “por razóns de orde pública, seguridade pública, saúde pública ou protección do medio ambiente no lugar concreto onde se realiza a actividade, e estas razóns non poden salvagardarse mediante a presentación dunha declaración responsable ou dunha comunicación”. E igualmente, en relación coa autorización no caso de “instalacións ou infraestruturas físicas necesarias para o exercicio de actividades económicas”, a súa exixibilidade unicamente se considerará necesaria e proporcional cando esas instalacións e infraestruturas físicas “sexan susceptibles de xerar danos sobre o medio ambiente e o contorno urbano, a seguridade ou a saúde pública e o patrimonio histórico-artístico, e estas razóns non se poidan salvagardar mediante a presentación dunha declaración responsable ou dunha comunicación”.

Obsévese, pois, que para suxeitar o acceso á actividade, así como a implantación das instalacións que a dita actividade requira, á obtención previa dunha autorización non basta con que concorran calquera das razóns imperiosas de interese xeral que enumera o artigo 3.11 da Lei 17/2009, senón que estas quedan circunscritas a razóns de orde pública, seguridade pública, saúde pública, protección do medio ambiente no lugar concreto onde se realiza a actividade e do contorno urbano ou protección do patrimonio histórico-artístico. Ningunha outra razón imperiosa de interese xeral, como a protección dos dereitos dos consumidores, pode aducirse como título habilitante para condicionar a liberdade de empresa á obtención dunha autorización administrativa previa.

Ademais, non abonda con que concorran algunha das referidas razóns, senón que a necesidade de exixir unha autorización deba fundarse nun estrito xuízo de proporcionalidade. Deste

---

25 *Vid.* PERNAS GARCÍA, J. J., “El principio de necesidad y de proporcionalidad en la Ley de garantía de la Unidad de mercado”, Alonso Mas, M. J. (dir.), *El nuevo marco jurídico de la unidad de mercado. Comentario a la Ley de garantía de la unidad de mercado*, La Ley, Madrid, 2014, pp. 417-468.

xeito, debe acreditarse que non é suficiente a presentación dunha declaración responsable ou unha comunicación para salvagardar a correspondente razón imperiosa de interese xeral.

Así, o cambio que introduciu a LGUM é verdadeiramente notable en relación co exixido pola normativa anterior<sup>26</sup>.

Este cambio potencia, sen lugar a dúbidas, a liberdade de empresa, pero suscita serias dúbidas de se se adecua á orde constitucional de distribución de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas. Sobre esta cuestión, o Consello de Estado, no seu Ditame 631/2013, do 26 de xuño de 2013, referido ao anteproxecto de lei, afirmou que «non pode reconstituír ou reorganizar todo o sistema autorizador das autoridades competentes en materia de actividades económicas: pode e debe exixir simplemente a estas que, como di o artigo 5.1 que diseña o principio que o artigo 17 desenvolve, cando “establezan límites ao acceso dunha actividade económica ou ao seu exercicio ou exixan o cumprimento de requisitos para unha actividade”, as autoridades competentes deban motivar a súa necesidade e a proporcionalidade do medio elixido, considerándose razóns para a existencia dunha autorización as que se enumeran no artigo 17». E ademais apostila que «as razóns que este último establece son insuficientes, debendo expresamente remitir ás máis amplas que sinala o artigo 5»<sup>27</sup>. Polo tanto, determina que vai máis alá do que impón o dereito da Unión Europea e remata por afectar ás competencias das comunidades autónomas<sup>28</sup>.

De forma similar, o *Consell de Garanties Estatutàries* de Cataluña, no seu informe 5/2014, mantén que os cambios que incorpora a LGUM “limitan de forma notoria a posibilidade das administracións autonómicas e locais para decidir se resulta proporcionado ou non prohibir ou someter a autorización as actividades que sexan contrarias aos bens xurídicos vinculados ás competencias das que son titulares”, o que supón un menoscabo das competencias

26 Así o apuntaron REBOLLO PUIG, M., “La unidad de mercado y su ordenación”, *Cuadernos de Derecho para Ingenieros. Las reformas generales*, La Ley, Madrid, 2013, pp. 24 e ss.; e FERNÁNDEZ FARRERES, G., “Unidad de mercado y libertades de empresa y de circulación en la Ley 20/2013, de 9 de diciembre”, *cit.*, p. 127.

27 O Consello de Estado analizou o anteproxecto de lei da LGUM, pero o contido dos artigos sinalados é en todo coincidente co articulado actual da LGUM.

Per questi motivi, riguardo al caso particolare in cui una società controllante detenga il 100% del capitale della propria controllata che abbia infranto le norme comunitarie in materia di concorrenza, «esiste una presunzione relativa secondo cui detta società controllante esercita effettivamente un'influenza determinante sul comportamento della propria controllata». Alla luce di queste considerazioni, il Tribunale ritiene sufficiente che la Commissione provi che l'intero capitale di una controllata sia detenuto dalla controllante per poter presumere che quest'ultima eserciti un'influenza determinante sulla politica commerciale della controllata. La Commissione potrà poi ritenere la società controllante solidalmente responsabile per il pagamento dell'ammenda inflitta alla propria controllata, a meno che tale società controllante, cui incombe l'onere di confutare tale presunzione, «non fornisca sufficienti elementi di prova idonei a dimostrare che la propria controllata si comporta in maniera autonoma sul mercato».

La conclusione del Tribunale di primo grado, dunque, è nel senso che esiste, contrariamente a quanto affermato dall'ENI, una presunzione relativa secondo cui una società controllante che detenga il 100% del capitale della propria controllata esercita un'influenza determinante sul suo comportamento.

## 8 Conclusioni

L'analisi sin qui svolta dimostra come l'elemento della colpevolezza possa svolgere un ruolo determinante nell'ambito del procedimento sanzionatorio delle autorità amministrative indipendenti. Anche se normalmente la realizzazione della fattispecie materiale di un illecito risulta sufficiente ad integrare i presupposti per l'applicazione della relativa sanzione, tuttavia l'operatore economico può dimostrare che la commissione di quella condotta non gli può essere rimproverata, ostandovi la sussistenza di elementi "scusanti". Tra questi, può esservi un quadro normativo particolarmente complesso o contraddittorio, ovvero l'affidamento riposto su indicazioni provenienti da altre amministrazioni, nonché, ancora, l'inesigibilità di

una condotta diversa, ricollegabile a situazioni di forza maggiore. La giurisprudenza nazionale italiana ha applicato con estrema parsimonia le cause di esclusione della colpevolezza, mentre la giurisprudenza europea ha chiarito che la sussistenza della colpa risiede nella mera consapevolezza della offensività della condotta, senza che sia necessaria anche la conoscenza della sua anti giuridicità. Fedele al suo approccio sostanzialistico, inoltre, la giurisprudenza della Corte di Giustizia ha anche chiarito che la condotta illecita di una società interamente controllata è, in linea di principio, imputabile anche alla sfera soggettiva della controllante, salva la prova contraria in ordine al reale grado di autonomia con la quale la prima opera sul mercato.

Ne emerge un quadro nel quale l'elemento della colpevolezza viene relegato a "valvola di sicurezza" del sistema, da impiegare in tutti quei casi in cui l'applicazione della sanzione risulterebbe caratterizzata da sostanziale ingiustizia. Non è quindi azzardato sostenere che il principio della non colpevolezza, tipico elemento di carattere soggettivo, finisca per tradursi in una sorta di clausola generale di equità, rilevante sul piano oggettivo del rapporto tra azione e sanzione.

## 9 Bibliografia

- ANTOLISEI, F., *Manuale di diritto penale. Parte generale*, Giuffrè, Milano, 2003.
- BANI, E., *Il potere sanzionatorio delle Autorità indipendenti*, Giappichelli, Torino, 2000.
- CASSETTA, E., "Illecito amministrativo", *Digesto delle Discipline Pubblicistiche*, Utet, Torino, 1993.
- CASSESE, S., "Il diritto comunitario della concorrenza prevale sul diritto amministrativo nazionale", *Giornale di Diritto Amministrativo*, n. 11, 2003.
- CERBO, P., *Le sanzioni amministrative*, Giuffrè, Milano, 1999.
- GIOVAGNOLI, R. e FRATINI, M., *Le sanzioni amministrative. Raccolta completa commentata con dottrina e giurisprudenza*, Giuffrè, Milano, 2009.
- LIBERTINI, M., "La disapplicazione delle norme contrastanti con il principio comunitario di tutela della concorrenza", *Giornale di Diritto Amministrativo*, n. 11, 2003.
- MANTOVANI, F., "Colpa", *Digesto delle discipline penalistiche*, vol. II, Utet, Torino, 1988.
- NAPOLITANO, G., "Il diritto della concorrenza svela le ambiguità della regolamentazione amministrativa", *Giornale di Diritto Amministrativo*, n. 11, 2003.
- PALIERO, C.E. e TRAVI, A., *La sanzione amministrativa: profili sistematici*, Giuffrè, Milano, 1988.
- POLICE, A., *Tutela della concorrenza e pubblici poteri*, Giappichelli, Torino, 2007.
- RIONDATO, S. e ZANCANI, S., "Le autorità amministrative indipendenti nelle reti penali e punitivo-amministrative", Cavaleri, P., Dalle, Vedove G. e Duret, P. (dirs), *Autorità indipendenti e Agenzie. Una ricerca giuridica interdisciplinare*, Cedam, Padova, 2003.

SANDULLI, M.A., *Le sanzioni amministrative pecuniarie: principi sostanziali e procedimentali*, Jovene, Napoli, 1983.

TRAVI, A., *Sanzioni amministrative e pubblica amministrazione*, Cedam, Padova, 1983.

ZANOBINI, G., *Le sanzioni amministrative*, Utet, Torino, 1924



# Regap

Notas

2



# O principio de seguridade xurídica e a aplicación retroactiva da xurisprudencia contencioso-administrativa

El principio de seguridad jurídica y la aplicación retroactiva de la jurisprudencia contencioso-administrativa

The principle of legal certainty and the retroactive application of contentious-administrative case-law

51 Regap

CARLOS ABAL LOURIDO

Avogado (Galicia, España)

carlos.abal@abalabogados.com

Recibido: 09/12/2015 | Aceptado: 21/01/2016

Regap



NOTAS

**Resumo:** Fronte ao principio xeral de que os cambios de criterio xurisprudencial sobre a interpretación das normas son aplicables a todas as situacións xurídicas que se produzan durante a súa vixencia, mesmo ás nadas con anterioridade aos ditos cambios, debería admitirse que existen supostos en que a eficacia das sentenzas debe ser unicamente prospectiva, singularmente cando versan sobre o exercicio de potestades sancionadoras, desfavorables para os cidadáns ou restritivas de dereitos individuais.

**Palabras clave:** xurisprudencia, seguridade xurídica, retroactividade.

**Resumen:** Frente al principio general de que los cambios de criterio xurisprudencial sobre la interpretación de las normas son aplicables a todas las situaciones jurídicas que se produzcan durante su vigencia, incluso a las nacidas con anterioridad a dichos cambios, debería admitirse que existen supuestos en que la eficacia de las sentencias debe ser únicamente prospectiva, singularmente cuando versan sobre el ejercicio de potestades sancionadoras, desfavorables para los ciudadanos o restrictivas de derechos individuales.

**Palabras clave:** jurisprudencia, seguridad jurídica, retroactividad.

**Abstract:** Facing the general principle that changes in the criterion laid down in the case-law regarding the interpretation of legal norms, are applicable to all legal situations occurring during their validity, including those originated prior to such changes, it is conceded that there are cases where the effect given to the judgments should be prospective only, particularly when dealing with the exercise of powers to impose sanctions, unfavourable for citizens, or limit individual rights.

**Key words:** case-law, legal certainty, retroactivity.

**Sumario:** 1 Introducción. 2 O principio de seguridade xurídica. 3 A unificación da xurisprudencia a través do recurso de casación. 4 Os cambios de criterio xurisprudenciais. 5 A aplicación retroactiva dos cambios de criterio na xurisprudencia. 6 O interesante caso da Sentenza do Pleno do TC 7/2015 do 22 de xaneiro. 7 Conclusións. 8 Bibliografía.

## 1 Introducción

A maioría das situacións xurídicas encerran un conflito entre os principios de seguridade xurídica e de xustiza.

Nas solucións que o ordenamento xurídico dá para a resolución dos ditos conflitos unhas veces primanse as exixencias do primeiro e outras as do segundo. O ideal sería acadar un razoable equilibrio entre ambos os dous, aínda que a miúdo non é doado decantarse pola primacía dun ou outro.

Pero unha das materias en que a seguridade xurídica constitúe un factor clave é a relativa á aplicación dos criterios xurisprudenciais de interpretación das normas: para os cidadáns resulta esencial ter a certeza de que as regras de xogo non se van cambiar a metade de litixio, a menos, claro está, que lle resulten máis favorables. Isto é unha exixencia básica do principio de seguridade xurídica.

Acontece, non obstante, que con frecuencia os tribunais cambian de criterio neste aspecto, moitas veces a peor –polo menos desde a perspectiva do cidadán– e aplican os novos criterios, de forma retroactiva, a situacións xurdidas ao abeiro de criterios anteriores máis favorables.

Na medida en que a xurisprudencia non ten eficacia normativa, non é unha fonte do dereito, senón que só o complementa; veuse negando tradicionalmente por parte da xurisprudencia a imposibilidade de evitar que os cambios de criterio poidan deixar de ser aplicados a situacións xurídicas nadas ou consolidadas ao abeiro das interpretacións xudiciais anteriores sobre as normas aplicables.

Non obstante, e fronte a tal principio xeral, algúns autores avogan por entender que en determinados supostos, e precisamente a prol do principio de seguridade xurídica, a xurisprudencia debe ter exclusivamente eficacia prospectiva, sen que poidan aplicarse cambios de criterio xurisprudencial *in peius*.

Un dos supostos en que con máis intensidade se percibe esta necesidade é, sen dúbida, cando o que está en xogo é a aplicación de potestades sancionadoras ou susceptibles de lles produciren efectos desfavorables aos cidadáns. Nestes casos os cambios de criterio na xurisprudencia non deberían ter carácter retroactivo, senón só prospectivo, a menos, claro está, que fosen máis favorables ao cidadán. Este artigo trata, precisamente, de abundar nesta idea.

## 2 O principio de seguridade xurídica

Os principios xerais do dereito –en expresión célebre, acuñada en diversas sentenzas do Tribunal Supremo dos anos 90, das que foi relator don Javier Delgado Barrio– “son a atmosfera en que se desenvolve a vida xurídica, o oxíxeno que respiran as normas”<sup>1</sup>.

E de entre estes principios xerais destaca o de seguridade xurídica, que adoita definirse como a certeza do dereito, tanto no ámbito da súa publicidade como na súa aplicación, que expresa a seguridade de que se coñeza, ou poida coñecerse, o previsto como prohibido, ordenado ou permitido polo poder público.

---

1 Entre moitas outras, Sentenza do Tribunal Supremo do 16 de maio de 1990 (EDX 1990/5139).

É un principio xeral que en España foi elevado a rango constitucional no artigo 9.3 da Constitución, e do que, nunha data tan temperá como 1981, o Tribunal Constitucional chegou a dicir que constitúe a suma equilibrada do resto dos principios que se enumeran nese mesmo artigo (“certeza e legalidade, xerarquía e publicidade normativa, irretroactividade do non favorable, interdicción da arbitrariedade”) que permite promover, na orde xurídica, a xustiza e a igualdade en liberdade<sup>2</sup>.

Máis recentemente, o Tribunal Constitucional, na súa STC 234/2012, do 13 de decembro, con cita da STC 136/2011, do 13 de setembro, sinalou que o principio de seguridade xurídica debe entenderse como «a certeza sobre o ordenamento xurídico aplicable e os intereses xuridicamente tutelados (STC 15/1986, do 31 de xaneiro) e como a expectativa razoablemente fundada do cidadán en cal debe ser a actuación na aplicación do dereito (STC 37/1991, do 14 de febreiro)<sup>3</sup>».

En relación coa actividade xurisdiccional, o principio de seguridade xurídica descansa, en xeral, sobre a base da vinculación dos xuíces e tribunais cos precedentes conformados polas decisións adoptadas á hora de resolver casos análogos, que é, precisamente, o que coñecemos como xurisprudencia.

A lei non enumera a xurisprudencia entre as fontes do dereito, aínda que si sinala que ten por misión complementar o ordenamento xurídico (artigo 1 Cc).

A aplicación práctica do principio de seguridade xurídica na actividade xurisdiccional alcanza a súa máxima expresión na institución da cousa xulgada, recollida no artigo 222 da LAC, que exclúe un ulterior proceso cuxo obxecto sexa idéntico ao do proceso en que aquela se produciu (cfr. artigo 222.1 LAC) e que vincula os tribunais ao xa resolto con forza de cousa xulgada nas sentenzas firmes que puxeran fin a procesos anteriores que constituía un antecedente lóxico do que sexa o seu obxecto, e sempre que os litigantes de ambos os dous procesos sexan os mesmos ou a cousa xulgada se estenda a eles por disposición legal (cfr. artigo 222.4 LAC).

O principio de seguridade xurídica na aplicación do dereito exige que, ante a formulación de problemas semellantes, as respostas xudiciais sexan igualmente parecidas. A dificultade que existe para iso é que, debido ao principio de independencia xudicial (artigo 117.1 da Constitución), os diferentes órganos da Administración de Xustiza, unipersoais e colexiados, despregados ao longo e ancho do territorio nacional, non actúan de forma coordinada, e polo tanto poden ter, e de feito teñen na práctica, respostas non coincidentes sobre as mesmas cuestións.

Ademais, os mesmos xulgados e tribunais poden ir cambiando de criterio ao longo do tempo, e é lóxico e mesmo desexable que así sexa: dun lado, porque os tribunais non teñen por que conformarse con asumir os postulados establecidos por outros, senón que poden apartarse deles razoándoo debidamente; e doutro porque a xurisprudencia debe ser algo vivo e debe evolucionar xunto coa realidade social –o propio artigo 3.1. Cc di que as normas se deben interpretar de acordo coa realidade social do tempo en que han de ser aplicadas–, buscando

<sup>2</sup> STC 27/1981, do 20 de xullo.

<sup>3</sup> STC 37/91, do 14 febreiro, fundamento xurídico 5 (EDX 1991/1563).

en todo momento a interpretación da norma que resulte máis xusta. E non cabe evolución, como é lóxico, sen a ruptura cos precedentes xurisprudenciais, tanto propios como alleos.

E aquí está o conflito, que latexa case sempre en calquera situación xurídica, entre o principio de xustiza, que os xulgados e tribunais deben intentar satisfacer ao resolver as concretas controversias xurídicas que se lles formulan, e o principio de seguridade xurídica que exige, en principio, esa identidade de respostas xudiciais ante as mesmas situacións.

De aí que sexa necesario, a prol do principio de seguridade xurídica, uniformizar os criterios aplicables por xulgados e tribunais.

### 3 A unificación da xurisprudencia a través do recurso de casación

A tarefa de uniformizar a xurisprudencia correspóndelle, precisamente, ao Tribunal Supremo, a través do recurso de casación, que ten por finalidade revisar a aplicación do dereito, tanto substantivo como procesual, que realizan os tribunais de inferior grao, e depurar os criterios interpretativos das normas, establecendo, se é o caso, a interpretación que resulte correcta.

A vixente lei da xurisdición contencioso-administrativa de 1998, que, a pesar de ser derrogada neste aspecto pola Lei orgánica 7/2015, pero que aínda estará en vigor ata o 22 de xullo de 2016<sup>4</sup>, recolle a modalidade do recurso de casación en interese da lei, como xa o facía a súa antecesora, a Lei do 27 de decembro de 1956<sup>5</sup>, e tamén o recurso de casación para a unificación de doutrina.

Ambos os dous recursos responden a supostos diversos pero, aínda baixo criterios e circunstancias distintas, teñen por obxecto en último termo a busca desa necesaria uniformidade da xurisprudencia que demandan as exixencias do principio de seguridade xurídica.

E así di a lei aínda vixente que a sentenza que se dite nos recursos de casación en interese da lei, “cando sexa estimatoria fixará na decisión a doutrina legal. Neste caso publicarase no *Boletín Oficial del Estado* e a partir da súa inserción nel vinculará todos os xuíces e tribunais inferiores en grao desta orde xurisdicional” (cfr. artigo 100.7 LXCA).

A reforma operada pola Lei orgánica 7/2015<sup>6</sup> suprime tanto a modalidade do recurso de casación en interese da lei como tamén o recurso de casación para unificación de doutrina que, dalgún xeito, vén subsumir na única modalidade unificada que se crea de recurso de casación, e que cabe só por infraccións do ordenamento xurídico, iso si, tanto por motivos procesuais como substantivos, sempre que exista, a xuízo do tribunal ao que lle corresponde coñecer deste recurso, interese casacional, que é o elemento que se erixe no presuposto básico de admisibilidade do recurso e que se presume que concorre, entre

---

4 Véxase a disposición derradeira décima da LO 7/2015.

5 Véxase o artigo 101 da derrogada Lei do 27 de decembro de 1956, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (BOE do 28 de decembro de 1956).

6 Lei orgánica 7/2015, do 21 de xullo, pola que se modifica a Lei orgánica 6/85, do 1 de xullo, do poder xudicial.

outros supostos, cando a sentenza se aparta deliberadamente da xurisprudencia existente para casos similares.

E ademais, o recurso de casación caberá non só, como ata agora, contra as sentenzas ditadas en única instancia polos tribunais superiores de xustiza e a Audiencia Nacional, senón mesmo contra sentenzas ditadas en única instancia polos xulgados do contencioso-administrativo<sup>7</sup> e polas que resolvan os recursos de apelación, o que resulta moi positivo, xa que vai permitir que o Tribunal Supremo realice o seu labor hermenéutico tamén en relación con asuntos que ata agora estaban excluídos do seu coñecemento.

E, aínda que a nova regulación do recurso de casación non define a creación da doutrina legal nos mesmos termos en que o fai a lei aínda vixente, isto é, coas exixencias de publicidade e vinculación dos xuíces e tribunais inferiores, si establece que a sentenza que se dite ao resolver os recursos de casación deberá fixar a interpretación da norma que proceda, e que a dita interpretación poderá ser alegada como fundamento de posteriores recursos de casación cando se aparten dela as resolucións xudiciais que diten os xulgados e tribunais de inferior grao.

No anteproxecto de reforma da LOPX prevíase (disposición derradeira cuarta) a creación dun recurso extraordinario de casación para unificación de doutrina, co que se mantivo moi crítico o CXPX no seu informe a ese anteproxecto, e que finalmente foi abandonado, polo menos de momento<sup>8</sup>.

Suponse que a reforma legal recentemente aprobada pretende facilitar a formación de xurisprudencia aplicable en todo o territorio nacional e reforzar o recurso de casación como instrumento por excelencia para asegurar a uniformidade na aplicación xudicial do dereito. Iso, polo menos, é o que expresa o propio preámbulo da lei.

Por iso, aínda que a regulación da LO 7/2015 sexa distinta, os principios que a orientan, no que se refire á reserva da tarefa hermenéutica ao Tribunal Supremo, son os mesmos que na lexislación que se derroga.

E en relación con ela dicía don Gonzalo Moliner Tamborero, presidente do Tribunal Supremo e do CXPX, nun coñecido artigo<sup>9</sup>, que a doutrina legal establecida nos recursos de casación en interese da lei ten un carácter cuasi-lexislativo, xa que vén encher unha lagoa do ordenamento, a súa eficacia pende da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*, e resulta vinculante para os xuíces e tribunais de inferior grao, como expresamente sinala o artigo 100.7 LXCA.

Engadía ademais que, en canto que calquera sentenza aplicativa dunha norma constitúe en si mesma unha “pequena novidade adherida a aquela” ou “unha determinada interpretación desta”, ha de converterse en que estas sentenzas teñen un carácter “quasi normativo”, pois complementan o texto da norma, pasando, dalgún xeito, a formar parte dela.

Outros autores –algúns moi críticos, por certo, coa regulación do recurso de casación en interese da lei– defenderon, mesmo, que a doutrina legal definida polo Tribunal Supremo a

7 As de contía inferior a 30.000 euros.

8 Pode consultarse o texto do informe do CXPX ao anteproxecto na páxina web do Consello ([www.poderjudicial.es](http://www.poderjudicial.es)).

9 MOLINER TAMBORERO, G., “Fuerza vinculante de las sentencias de casación. Referencia especial a las dictadas en unificación de doctrina”, maxistrado presidente da Sala Cuarta do Tribunal Supremo. *Revista del Poder Judicial*, n.º 93, decembro 2012.

través destes recursos ten un carácter claramente normativo, como é o caso do catedrático de dereito administrativo da Universidade Complutense de Madrid D. Juan Alfonso Santamaría Pastor, cando sinala que «o lexislador lle confire ao Tribunal Supremo un auténtico poder normativo, ao permitirlle declarar, con carácter vinculante, cál sexa a única interpretación correcta dunha norma; e tal declaración, véxase como se vexa, constitúe unha auténtica norma xurídica, que complementa o texto literal da disposición obxecto do proceso»<sup>10</sup>. Tamén pode citarse entre eles o profesor de dereito administrativo da Universidade de Valencia Dr. D. Gabriel Doménech Pascual<sup>11</sup>.

E certamente así é, xa que estas sentenzas que crean doutrina legal posúen a mesma forza de lei que a norma interpretada ten recoñecida, e en tal sentido a vinculación que nelas se establece é máxima, xa que unha vez publicadas pasan a ter o recoñecemento máis intenso que en materia de seguridade xurídica se pode ofrecer, en canto que os demais xuíces e tribunais da mesma orde xurisdiccional só se poderán afastar delas cun planeamento previo da cuestión de inconstitucionalidade –aínda que, está claro, non contra a sentenza, senón contra a norma que interpreta, como dixo o TC na súa Sentenza 37/12 (BOE 12.04.12)–, que é, precisamente, o mesmo réxime que o ordenamento xurídico ten establecido para que os xulgados e tribunais poidan deixar de aplicar unha norma legal, conforme as previsións contidas nos artigos 163 CE, artigos 35 e 36 LOTC e artigo 5.2 LOPX.

Xa non acontecerá o mesmo, no futuro, co recurso de casación que se regula na reforma operada pola Lei orgánica 7/2015, xa que nin existirá o recurso de casación en interese da lei, nin as sentenzas resolutorias de recursos de casación deben ser publicadas no BOE, nin se di expresamente que resulten vinculantes para os xuíces e tribunais de inferior grao, o que probablemente sexa considerado como algo positivo polos que vían en tal regulación do artigo 100.7 LXCA un ataque ao principio de independencia xudicial consagrado no artigo 117.1 da Constitución, que non obstante fora xa descartada polo Tribunal Constitucional<sup>12</sup>.

## 4 Os cambios de criterio xurisprudenciais

Aínda que, como antes se dixo, a partir de agora os xulgados e tribunais da orde xurisdiccional contencioso-administrativa non estean obrigados a seguir a doutrina legal establecida polo Tribunal Supremo, senón que poderán apartarse dela, razoándoo debidamente, nótese que o que motiva obxectivamente o recurso de casación non é o mero afastamento polos xuíces e maxistrados da doutrina do Tribunal Supremo –por ignorancia, equivocación ou despiste–, senón o afastamento deliberado e consciente por considerar errónea a súa doutrina<sup>13</sup>. A ningún lle escapa que na inmensa maioría das ocasións, á hora de ditar sentenza, os xulgados e tribunais asumirán case sempre os postulados establecidos polo Tribunal Supremo de forma acrítica, maquina e automática, e probablemente serán moi poucas as ocasións en que terán o tempo, os argumentos, a motivación e, por que non dicilo, a valentía suficiente como para

10 SANTAMARÍA PASTOR, J. A., *La Ley reguladora de la jurisdicción contencioso-administrativa*, Iustel, Madrid, 2010.

11 Paga a pena ler o excelente traballo de DOMÉNECH PASCUAL, G., “Creación judicial del derecho a través del recurso de casación en interés de la ley”, ([www.raco.cat/index.php/InDret/article/download/262229/349413](http://www.raco.cat/index.php/InDret/article/download/262229/349413)).

12 Véxase a Sentenza TC 37/12, na que se rexeita a inconstitucionalidade formulada por un Xulgado de Elxe en relación co artigo 100.7 LXCA, por entendela contraria ao principio de independencia xudicial.

13 Véxase o artigo 88.3.b LXCA, na redacción dada pola Lei orgánica 7/2015.



razoar unha determinada postura contraria á interpretación establecida polo dito tribunal. Tamén, hai que recoñecelo, pola especial *auctoritas* de que goza a súa xurisprudencia.

Acontece, non obstante, que a xurisprudencia –incluída a do Tribunal Supremo– non sempre é uniforme e, unhas veces, tras anos de interpretacións asumidas polos diferentes tribunais, o Tribunal Supremo acaba establecendo un criterio específico en sentido distinto ao establecido por tribunais de inferior grao. Outras veces, o propio Tribunal Supremo cambia bruscamente de criterio e rectifica a súa propia doutrina.

En todas estas situacións, especialmente nas segundas, como logo se verá, formúlanse conflitos entre os principios de seguridade xurídica e de xustiza.

Existen numerosos exemplos dunhas e outras.

Así aconteceu, por exemplo, en relación cos efectos do silencio administrativo na solicitude de licenzas. Tras a diversidade de opinións e pronunciamentos xudiciais ao respecto, o Tribunal Supremo acabou fixando doutrina legal na súa Sentenza do 28 de xaneiro de 2009 (BOE 30.03.09), establecendo que non poden entenderse adquiridas por silencio licenzas en contra da ordenación territorial ou urbanística<sup>14</sup>. Pero ata ese momento non foran poucos os xulgados e tribunais que sostiveran que o mero transcurso do prazo para resolver, sen ter recibido notificación ningunha, levaba consigo a automática obtención da licenza de acordo co proxecto que se presentase para iso, mesmo nos casos en que o seu contido contradixese a normativa ou o planeamento urbanístico, sen prexuízo, por suposto, da posibilidade da Administración de proceder á súa revisión, aínda que, iso si, coas correspondentes consecuencias indemnizatorias.

Algo parecido aconteceu cando o Tribunal Supremo, rectificando o criterio establecido polo TSX da Comunidade Valenciana, estableceu como doutrina legal na súa Sentenza do 19 de novembro de 2012 que a Administración tributaria pode reiterar os actos de xestión tributaria anulados xurisdicionalmente, tanto se o foran por motivos de forma como de fondo.

Pero mesmo, como dicimos, o Tribunal Supremo modificou os seus criterios. Baste citar, entre outras, a Sentenza da Sala III do Tribunal Supremo do 28 de febreiro de 2014 (Recurso de Casación 2314/02), que declarou, sen establecer doutrina legal, que os plans de ordenación de recursos humanos non teñen a consideración de disposicións de carácter xeral, rectificando expresamente a doutrina que anteriormente establecera en sentido contrario nas sentenzas do 9 de abril de 2013 (Casación 209/2012), do 8 de xaneiro de 2013 (Casación 1635/2012), 23 de setembro de 2013 (Casación 2655/2012) e do 5 de marzo de 2012 (Casación 6439/2010).

Pero, sen dúbida, o caso máis célebre e polémico de rectificación de criterios deuse en relación coa Sentenza do Tribunal Supremo do 3 de decembro de 2012<sup>15</sup>, que modificou por completo o criterio sobre a forma en que se debe acreditar o intento de notificación do artigo 58.4 da Lei 30/92, que o propio tribunal establecera dez anos antes na anterior Sentenza do 17 de novembro de 2003<sup>16</sup>.

14 Esta sentenza recibiu innumerables críticas polos que entenden que baleira por completo o sentido da institución do silencio administrativo.

15 BOE do 10 de xaneiro de 2014.

16 BOE do 5 de xaneiro de 2004.

Nesa anterior sentenza do ano 2003, en efecto, fixérase como doutrina legal que, para os efectos de ter por cumprida a obriga de notificar a que se refire o artigo 58.4 de Lei 30/92<sup>17</sup>, o intento de notificación efectuado pola Administración queda culminado co momento en que o órgano administrativo en cuestión recibe a devolución do envío e debíase acreditar mediante o rexistro de entrada no órgano administrativo dentro do prazo máximo de duración do procedemento, o que revestía unha indubidable transcendencia práctica nos procedementos con efectos desfavorables para o cidadán, xa que a caducidade, que a Lei 30/92 vincula ao transcurso do prazo máximo, entendíase producida se, dentro do prazo máximo fixado pola norma, non constaba que tivese entrada, a través do rexistro do órgano administrativo concreto, a acreditación do intento de notificación, normalmente a devolución do servizo de Correos.

Esta doutrina propiciou, todo hai que dicilo, manobras de todas clases tendentes a dilatar a recollida das notificacións, co fin de provocar a caducidade do procedemento, en bastantes casos con éxito.

Pero, máis alá do anecdótico, o importante é que, ao abeiro desa doutrina legal do ano 2003, formárase un corpo de xurisprudencia absolutamente consolidada nos tribunais superiores de xustiza sobre o cómputo do *dies ad quem* do prazo de caducidade nos procedementos con efectos desfavorables para os cidadáns, tales como os expedientes de reposición da legalidade urbanística, expedientes sancionadores, etc.

Segundo esa xurisprudencia, para que puidese entenderse cumprida no prazo procedente a obriga de notificar a resolución que poña fin ao expediente, non era suficiente con que a notificación se producise dentro do prazo máximo establecido na norma, senón que tamén se exixía que a acreditación desta tivese entrada no rexistro do órgano administrativo antes da finalización daquel.

Non obstante, na súa Sentenza do Tribunal Supremo do 3 de decembro de 2013, rectificábase a anterior doutrina e xa non se exige, para os efectos de ter por cumprida a obriga de notificar, que o intento de notificación teña entrada no órgano administrativo dentro do prazo máximo fixado pola norma, senón que pasa a entenderse que é suficiente con que dentro dese prazo se leve a cabo o intento de notificación, con independencia de que a entrada no rexistro do órgano administrativo teña lugar máis tarde.

Outras veces os cambios de criterio non veñen pola vía da fixación de doutrina legal sobre a interpretación de certas normas, senón polo establecemento de criterios sobre requisitos procesuais de admisibilidade dos recursos, como por exemplo aconteceu co célebre Auto do Tribunal Supremo do 10 de febreiro de 2011, que puxo fin aos escritos de preparación do recurso de casación meramente formularios e pasou a exixir unha maior concreción e anticipación na explicación dos motivos de casación, as normas estatais vulneradas e a súa relevancia na resolución.

Algo semellante aconteceu en materia de erro xudicial cando, a partir da súa Sentenza do 23 de setembro de 2013<sup>18</sup>, o Tribunal Supremo comezou a exixir, como requisito formal

---

17 "Sen prexuízo do establecido no apartado anterior, e para os únicos efectos de entender cumprida a obriga de notificar dentro do prazo máximo de duración dos procedementos, será suficiente a notificación que conteña, cando menos, o texto íntegro da resolución, así como o intento de notificación debidamente acreditado".

18 Procedemento de erro xudicial n.º 9/2013 (EDX 2013/197263).

de admisibilidade da demanda de erro, a formulación previa do incidente de nulidade de actuacións do artigo 241 LOPX, criterio, por certo, máis que discutible, posto que hai determinados erros de dereito das sentenzas, cando derivan de posicións xuridicamente razoadas, aínda que erróneas, que non poden ser combatidos pola vía do incidente de nulidade de actuacións, que só procede cando a sentenza incorra en arbitrariedade, incongruencia, etc.

En suma, en todos estes supostos o Tribunal Supremo cambiou o seu criterio sobre a interpretación de normas concretas e, normalmente, para establecer interpretacións máis estritas e desfavorables para os cidadáns. E a cuestión que se formula, e que se verá no seguinte apartado, é en que medida tales cambios de criterio poden aplicarse a litixios en curso que se iniciasen baixo a vixencia dos criterios anteriores.

Como antes se viu, a misión da xurisprudencia é complementar o ordenamento xurídico, pero non completalo, expresión esta última da que o lexislador quixo fuxir expresamente. A fronteira entre “complementar” e “completar” é moi difusa, pero que dúbida cabe de que en ocasións é doado que se invada, en certo modo, a actividade do lexislador, dando un paso atrás na protección do cidadán en materia de seguridade xurídica, como sen dúbida aconteceu co cambio de criterio en materia de caducidade dos procedementos.

E non poderíamos rematar esta análise sen facer mención aos casos en que o tribunal definiu doutrina legal manifestamente ilegal e errónea, como aconteceu na Sentenza do TS do 24 de abril de 1999<sup>19</sup>, na que sinalou que o exceso no prazo de duración máxima do procedemento administrativo non leva consigo a súa caducidade, descoñecendo o que expresamente dispuña xa daquela o artigo da Lei 30/92 ao respecto. Curiosamente, os xulgados e tribunais de inferior grao optaron, directamente, por non aplicar esta doutrina, á vista da súa patente e flagrante incorrección.

Algo parecido aconteceu cando na Sentenza do Tribunal Supremo do 12 de xullo de 2003 se descoñeceu directamente o ordenamento comunitario en materia de IVE.

## 5 A aplicación retroactiva dos cambios de criterio na xurisprudencia

Se os cambios de criterio na xurisprudencia son lóxicos e desexables, acontece que en moitas ocasións tales cambios provocan situacións problemáticas cando se aplican a litixios que se atopan en curso e que se formularan ao abeiro da xurisprudencia existente ao tempo en que se inician.

Así acontece cando, despois de se formularen litixios con base nunha determinada doutrina do Tribunal Supremo, vixente no momento de aconteceren os feitos e iniciarse o preito, se dá logo a circunstancia de que, antes de que se dite sentenza, o Tribunal Supremo cambia de criterio –case sempre con interpretacións máis estritas e menos favorables aos particulares– e o xulgado ou tribunal que está a coñecer do asunto decide aplicar entón o novo criterio para resolver o litixio, deixando por completo desprevidas as partes afectadas por tales cambios.

<sup>19</sup> EDX 1999/11618.

Esta situación deuse, por exemplo, en todos os procedementos en que se formulaba a caducidade do procedemento administrativo sobre a base da doutrina legal fixada na STS do 17 de novembro de 2003, e nos que non se ditara sentenza no momento; o Tribunal Supremo rectificou esa doutrina na súa Sentenza do 3 de decembro de 2013. Neles, os tribunais ante os que pendían os ditos recursos aplicaron a nova doutrina legal, sen consideración ningunha á súa posible aplicación retroactiva.

A cuestión que se suscitaba, entón, e nos formulamos agora, é se ese novo criterio, ou esa nova doutrina legal, resultaba aplicable para resolver litixios que se atopaban en curso cando se cambiou o criterio. Ou se o principio de seguridade xurídica debería ter evitado a aplicación retroactiva do novo criterio xurisprudencial a situacións xurdidas con anterioridade á súa formulación.

Nalgúns deses casos acudiuse en amparo ao Tribunal Constitucional, que normalmente esquivou a cuestión co argumento de que se trataba de “asuntos de legalidade ordinaria”.

A interpretación oficial e ortodoxa neses supostos pasaba e pasa por entender que aos cambios de criterio xurisprudencial non lles resulta aplicable o principio xeral de irretroactividade que si se establece no artigo 2.3 Cc só para as normas, e iso na medida en que a xurisprudencia non ten a condición de norma, que as sentenzas non crean dereito, senón que simplemente o aplican, que os criterios asumidos como doutrina legal ou xurisprudencial non teñen carácter normativo, senón que unicamente interpretan a lei, facéndolle dicir o que xa está no seu texto e, en último termo, que os xuíces e tribunais poden cambiar de criterio en calquera momento sobre calquera interpretación das normas, sempre que o razoen debidamente.

A Sala IV do TS analizou esta cuestión en varias sentenzas, do 30 de abril, 13, 18 e 26 de xuño de 2002, nas que recolle a tese que se acaba de sinalar e, polo tanto, nega que se poida falar sequera de aplicación retroactiva da xurisprudencia, xa que esta non ten o carácter de norma xurídica nin de fonte do dereito<sup>20</sup>.

E o TSX de Galicia, na súa Sentenza do 14 de novembro de 2008 (EDX 2008/324259), sinala que “un último punto sobre o que queremos incidir é o relativo ao efecto retroactivo da

---

20 A doutrina común a todas estas sentenzas condénsase así: “O problema que agora se suscita consiste en esclarecer se a doutrina sentada na Sentenza desta Sala do 29 de outubro de 1997, á que acabamos de facer referencia, debe ser aplicable a feitos que se produciran antes da data indicada –tese da resolución combatida–, ou se, como sostén a de contraste, soamente a partir da dita data debe aplicarse a aludida doutrina, de tal maneira que unicamente desde ese momento podería acordarse a alta no RETA daqueles subaxentes aos cales esta dedicación lles reportase ingresos na contía xa aludida, mesmo cando o inicio da actividade tivese lugar con anterioridade. A sentenza recorrida entende que a aludida doutrina, en canto meramente interpreta un precepto legal, debe aplicarse a todas as situacións existentes a partir da vixencia do precepto interpretado, mentres que a referencial lle atribúe á aludida doutrina un carácter “*quasi* normativo”, xa que considera que veu encher unha lagoa do ordenamento, e diso deduce que, tal como sucede, en opinión dos xulgadores, respecto das normas xurídicas, non se lle pode atribuír á repetida Sentenza do 29 de outubro de 1997 (EDX 1997/8174) efecto retroactivo; oitavo.- A regra xeral acerca da irretroactividade de toda norma xurídica (“lei” en sentido lato) que non dispoña o contrario vén expresamente consagrada no artigo 2.3 do Código civil EDL 1889/1, pero esta irretroactividade non pode predicarse tampouco respecto da xurisprudencia, porque esta non ten o carácter de tal norma xurídica, e non constitúe tan sequera unha verdadeira fonte do ordenamento, senón que unicamente “complementa” a este (artigo 1.6 do mesmo código), o que significa que os pronunciamentos xurisprudenciais non son constitutivos, senón meramente declarativos, de tal sorte que o precepto que foi obxecto de interpretación xurisprudencial non se ve de ningún xeito modificado ou alterado por virtude da doutrina que o interpreta, senón que o significado e o alcance do precepto interpretado foi sempre o mesmo desde que a norma legal ou regulamentaria da que aquel forma parte se promulgou, e seguirao sendo mentres non se derroque ou se modifique. As sentenzas só poden ter eficacia constitutiva con carácter xeral cando así veña establecido por excepción, como é o caso do control de constitucionalidade das leis, ou da legalidade dos regulamentos, ou dos convenios colectivos; pero, mesmo nestes casos, non se substitúe a norma anulada, senón que se declara a nulidade desta, de acordo con outra norma (a Constitución ou a lei), e o único que se preserva son os casos anteriores decididos por sentenzas firmes (artigo 40 da Lei orgánica do Tribunal Constitucional)”.

doutrina xurisprudencial, ao alegar o recorrente que a súa actuación foi a correcta ao adaptarse á vixente no seu momento, sen que lle poida ser aplicable a ditada con posterioridade. Nada máis lonxe da realidade, porque, a diferenza das leis, que normalmente teñen efecto prospectivo, as sentenzas teñen natureza declarativa e retroactiva, por non crearen dereito, senón aplicalo (STS 07/02/02)”.

Non obstante, cabe tamén outra interpretación máis ambiciosa que, aínda que se aparta da liña oficial, debería ser posible defender en certos casos, e da que derivaría a imposibilidade de aplicación da nova doutrina legal e os novos criterios xurisprudenciais aos supostos nados antes da súa entrada en vigor, proxectándose só como unha aplicación a futuro, para os supostos de feito que nazan con posterioridade.

Especialmente cando se trate de litixios relativos ao exercicio de potestades sancionadoras ou susceptibles de produciren efectos desfavorables nos cidadáns, que son, precisamente, os supostos en está constitucionalmente garantida a irretroactividade das normas (cfr. artigo 9 da Constitución).

Cando se trata da definición de doutrina legal ao abeiro do artigo 100.7 LXCA, que como antes se viu ten un carácter cuasi-normativo, polas especiais características que a rodean, a súa publicación no BOE e os efectos vinculantes que a partir da súa publicación produce para os xulgados e tribunais de inferior grao, parece que a tese sobre a imposibilidade de aplicación retroactiva adquire tinguaduras máis relevantes.

Pero, máis alá destes supostos de definición de doutrina legal –chamados por certo a desaparecer coa nova regulación do recurso de casación na LO 7/2015, como antes se viu–, a cuestión pódese expor en termos máis amplos, xa que no futuro, de acordo coa dita reforma, o Tribunal Supremo, ao resolver esta clase de recursos, está obrigado a fixar a interpretación correcta da norma, introducindo con iso esa “novidade adherida á norma” de que antes falabamos, polo que non debería resultar desatinado soste que tal interpretación, no novidoso, viría supor un novo aspecto da norma interpretada que, como tal, debería gozar de irretroactividade, como a propia norma, a menos que se diga o contrario (artigo 2.3 Cc) e iso precisamente en virtude do principio de seguridade xurídica consagrado no artigo 9.3 da Constitución. No dereito anglosaxón existe unha institución específica, denominada *prospective overruling*, que lle permite ao xuíz limitar os efectos dos novos criterios ás decisións que se adopten no futuro. Aínda que no noso ordenamento non está previsto, nada debería impedir que así se acordase caso por caso, en función das circunstancias concorrentes.

A cuestión é, sen dúbida, polémica e moi discutible. De feito, no artigo ao que xa nos referimos unhas cantas veces, do Sr. Moliner Tamborero, despois de realizar unha exposición valente e decidida, pondo o acento nas consecuencias do principio de seguridade xurídica, e facendo presaxiar unha conclusión favorable á eficacia unicamente prospectiva das sentenzas que definen doutrina legal, finalmente decántase por entender que o principio xeral ha de ser a aplicación dos cambios de criterio xurisprudencial a todos os feitos acaecidos durante a vixencia das normas que interpretan, aínda que sexan anteriores ao cambio de criterio, coa única excepción das sentenzas con eficacia constitutiva (por exemplo, sobre o control



de constitucionalidade das leis ou a legalidade dos regulamentos<sup>21</sup>), e sempre co respecto aos límites e exixencias que derivan do principio de cousa xulgada.

Non obstante, hai autores que asumen unha posición máis decidida neste aspecto.

Así, o catedrático de dereito civil da Universidade de Valencia Dr. Blanco Gascó sinala que a eficacia retroactiva dos cambios de criterio xurisprudencial debe ser atemperada nos seguintes supostos: “1. Cando o cambio de criterio introduza un obstáculo ou un requisito procesual ou substantivo non exixido pola doutrina xurisprudencial no momento de presentar a demanda ou de producirse a situación (relación) xurídico-material; 2. Cando o cambio de criterio se refira a relacións xurídicas duradeiras ou de trato sucesivo –para o autor a nova doutrina xurisprudencial non se pode estender ás prestacións e situacións que sexan debidas ou nazan despois do cambio de criterio–; 3. Cando o cambio de criterio supoña unha situación obxectivamente menos beneficiosa para o suxeito no sentido de limitar ou restrinxir un dereito ou facultade que, de acordo co criterio anterior, fora declarado válido e que o novo criterio, sen mediar modificación lexislativa, declara nulo; 4. Cando o cambio de criterio obedeza a unha interpretación dunha norma nacional con base nunha directiva comunitaria aínda non trasposta e en período de selo”<sup>22</sup>.

En todos estes casos, este autor sinala que, ao seu entender, as sentenzas non poden afectar a supostos nados antes de seren ditadas.

Á súa vez, o maxistrado do Tribunal Constitucional D. Juan Antonio Xiol Ríos afirmou «que, cando o cambio de criterio xurisprudencial comporta unha vulneración de principios constitucionais de garantía, produce efectos discriminatorios ou implica a modificación da situación de confianza consolidada en función da cal se puido actuar, deberase ter en conta esta circunstancia non para a non aplicación da nova xurisprudencia, senón para a valoración que a actuación de boa fe apoiada nunha xurisprudencia errónea e despois modificada poida ter para o recoñecemento de efectos derivados dos actos ou condutas correspondentes en aplicación de principios constitucionais como os de garantía, seguridade xurídica, retroactividade da norma posterior máis favorable, prohibición da arbitrariedade (por exemplo, no cumprimento dos requisitos formais para interpor un recurso, eximirse da condena en custas ou realizar validamente un acto procesual ou na aplicación dunha norma penal de acordo con varias etapas na súa interpretación xurisprudencial respectando o principio de certeza da lei penal e o efecto retroactivo da norma penal posterior máis favorable)»<sup>23</sup>.

O propio TXCE admitiu que o principio de seguridade xurídica constitúe un límite á aplicación retroactiva de criterios xurisprudenciais interpretativos das normas a supostos nados

---

21 Véxase, entre outras, a Sentenza do TSX de Andalucía (Granada) do 20 de xullo de 2015 (EDX 2015/196538): «Así como non pode manterse que, mentres outra cousa non se estableza, as decisións de inconstitucionalidade teñen eficacia prospectiva ou de futuro, pois o principio ou regra xeral é a afirmación contraria, como lembra a STS do 2 de xuño de 2010, a salvo sempre os supostos en que o Tribunal Constitucional exerza a facultade que lle corresponde de limitar por exixencias ou por razóns de índole constitucional a natural eficacia retroactiva das ditas decisións, e mesmo a de atribuír á súa declaración de inconstitucionalidade, por iguais exixencias, só unha eficacia prospectiva ou de futuro, tamén os efectos das STS do 13 e 14 de xuño de 2011, á luz do disposto no artigo 73, conducen á mesma conclusión, pois no noso ordenamento xurídico a contravención dunha norma xurídica de superior rango determina para a de rango inferior que a contravén a sanción de nulidade radical ou de pleno dereito; e os efectos desta, deste grao sumo de invalidez, son como regula e en principio efectos *ex tunc*, que se retrotraen ao momento mesmo en que entrou en vigor a norma ilegal (STS do 2 de xuño de 2010)».

22 BLASCO GASCÓ, F. P., *La norma jurisprudencial. Nacimiento, eficacia y cambio*, Tirant lo Blanch, Tratados 2000, Valencia, pp. 99 e ss.

23 FERRERES COMELLA, V. e XIOL RÍOS, J. A., *El carácter vinculante de la jurisprudencia*, Fundación Coloquio Jurídico Europeo, Madrid, 2010, p. 94.

antes da súa declaración. Así o declarou, entre outras, na súa Sentenza do 20 de decembro de 1995 (caso Bosman), na que, tras comezar sentando o principio xeral de aplicación dos criterios interpretativos dunha norma a todas as relacións xurídicas nadas ao seu amparo, aínda que fosen anteriores á sentenza<sup>24</sup>, a continuación exceptúa tal declaración xeral, por exixencias do principio xeral de seguridade xurídica, nos seguintes termos: «Só con carácter excepcional pode o Tribunal de Xustiza, aplicando o principio xeral de seguridade xurídica inherente ao ordenamento xurídico comunitario, verse inducido a limitar a posibilidade de calquera interesado de invocar unha disposición que o tribunal interpretou co fin de cuestionar unhas relacións xurídicas establecidas de boa fe. Tal limitación unicamente pode ser admitida polo Tribunal de Xustiza na mesma sentenza que resolve sobre a interpretación solicitada (véxanse, en especial, as sentenzas Blaizot, antes citada, apartado 28, e Legros e outros, antes citada, apartado 30)».

En todo caso, nestas notas queremos centrarnos nos supostos en que o que está en xogo é o exercicio de potestades sancionadoras, ou susceptibles de produciren efectos desfavorables para o cidadán, xa que en tal caso a prohibición de irretroactividade, como expresión do principio de seguridade xurídica, adquire unhas connotacións moito máis intensas.

Ademais, o tribunal galego considera como absolutamente relevante a declaración da Torre de Hércules da Coruña como Patrimonio da Humanidade pola UNESCO o 27 de xuño de 2009, que ten unha decisiva influencia en canto á procedente aplicación do artigo 104 da LOUGA, xa que “a aparición desta última, que supón unha relevante limitación da edificación no ámbito da denominada zona *buffer*, na que se sitúan os terreos da recorrente, determina xa a clara inviabilidade da construción”.

Polo tanto, integración estética e protección do patrimonio cultural<sup>12</sup> áchanse intimamente ligadas e protexidas polas “normas de aplicación directa”, dado que tal como establece o artigo 104.a) da LOUGA: “As construcións en lugares inmediatos ou que formen parte dun grupo de edificios de carácter artístico, histórico, típico ou tradicional deberán harmonizar

---

10 Estas normas contéñense no artigo 104 LOUGA.

11 *Vid.* artigo 195.4º LOUGA.

12 A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, no seu artigo 5.1º.i) define como patrimonio cultural «o concepto que inclúe todas as acepcións de patrimonio, tales como histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico, industrial e inmaterial».



con este. Igualmente cando, sen existir un conxunto de edificios, houbo algún de grande importancia ou calidade dos caracteres indicados”.

Pola súa banda, tamén de recente actualidade resulta a STSX de Galicia n.º 4642/2013, do 17 de setembro de 2015 (rec. 4642/2013), que anulou unha serie de determinacións do Plan Xeral de Ordenación Municipal da Coruña con respecto aos parámetros de superficie e edificabilidade, ao entender que producían a vulneración das “normas de aplicación directa” e as determinacións relativas á necesaria integración paisaxística. Razo o Alto Tribunal galego que unha “pantalla vexetal” non supón por si mesma unha diminución do impacto visual derivado dunha maior concentración de volumes froito da modificación do plan urbanístico. Como argumentación do seu fundamento, a citada STSX expresa: «Unha pantalla vexetal non é unha zona de transición entre núcleos e bloques de pisos, e un polígono industrial-comercial non é un destes bloques. Ademais, se se diminúe a superficie das parcelas edificables e se mantén o mesmo aproveitamento, a consecuencia é unha maior concentración do edificado, o que non é favorable para o núcleo cercado desde o punto de vista paisaxístico».

Non sempre o TSX de Galicia apreciou vulneración das normas de aplicación directa, so pena de que a súa invocación inmotivada se converta nun pretexto para denegar licenzas. Así, na súa recente sentenza do 14 de maio de 2015<sup>13</sup> anulou a decisión do Concello de Verín porque este consideraba que unha obra proxectada nunha vivenda social non harmonizaba coa tipoloxía do resto das vivendas sociais, ao abrirse novos ocos e portas, sen fundamentar debidamente a entidade local que esta variación producía a vulneración do artigo 104 LOUGA. Razo o TSXG: «Modifícanse os ocos da fachada alongando verticalmente as seis ventás da planta baixa ata tocar a rasante da rúa creando novos accesos ao seu interior directos desde a vía pública. Altérase o uso característico da vivenda. Pero só por iso non pode considerarse vulnerado o artigo 104 anteriormente transcrito, porque realmente non se aprecia que o proxecto non respecte a congruencia coas características da contorna ou que non se respecte a harmonización coa paisaxe» (F.4º).

Esta preocupación acollida polo TSX de Galicia pola protección e o dereito a unha paisaxe adecuada como manifestación do dereito ao medio ambiente (artigo 45 CE) co fin de evitar a “contaminación estética” atópase en liña co actual dereito comparado. En Gran Bretaña, a través da licenza urbanística, as autoridades “deberán comprobar se o novo edificio a construír encaixa no ámbito arquitectónico e natural, especialmente nos casos de áreas de destacado valor ecolóxico ou histórico, de tal maneira que non afecte á paisaxe e á aparencia da zona”. Todo iso con base na *Planning Policy Guidance 1 (PPG 1) General Policy and Principles*<sup>14</sup>, que establece: «O aspecto do desenvolvemento proposto e a relación coa súa contorna son consideracións materiais á hora de decidir as solicitudes de licenza e os recursos».

13 STSXG n.º 309/2015 (rec. 4481/2014).

14 Cfr. BOUJAZZA ARIÑO, O., *La planificación territorial en Gran Bretaña*, Civitas, Pamplona, 2009, pp. 50-51. FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ tamén se refire ao modelo británico, manifestando que cada cidade, dentro dos seus plans de desenvolvemento local, acolle disposicións específicas que abordan a paisaxe urbana segundo a súa identidade. “Los Planes de Desarrollo Unitario acogen las *policies* o voluntades de las que se extraen necesidades concretas en relación con el paisaje urbano y la imagen de la ciudad” (Cfr. FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, C., *Estética y Paisaje Urbano*, La Ley, Madrid, 2011, pp. 195-196).

### 3 A indeterminación do concepto de “pantalla arquitectónica” nas zonas costeiras. A necesidade da súa formulación como concepto xurídico garante da paisaxe

Deben definirse, a prol dunha maior seguridade xurídica e de acordo co principio de “boa regulación”<sup>15</sup>, conceptos xurídicos indeterminados, como o de “barreiras de edificación”, pensado para a realización de edificacións en bloque. Defínense algúns instrumentos de planeamento urbanístico, cunha lonxitude máxima de 70 m<sup>16</sup>, ben que esta parece excesiva con respecto ao tratamento do bordo litoral, onde “o substancial na pantalla arquitectónica é interpor ou intercalar unha barreira artificial edificatoria entre o mar e a contorna, mediante a súa situación na zona de influencia”<sup>17</sup>.

Tal como sinala GONZÁLEZ-VARAS<sup>18</sup>, a estética é obxecto de dereito e, polo tanto, debe “obxectivarse”, “en tanto en canto pode plasmarse nunha norma un criterio (estético) que sirva de referencia ou apoio para que os poderes públicos poidan actuar nun caso concreto, evitando así meras apreciacións subxectivas e determinando un marco xurídico concreto” para os diversos operadores urbanísticos, fundamentalmente a través do establecemento de ordenanzas estéticas ou normas urbanísticas locais, e, baseándose nelas, o control mediante a técnica da licenza urbanística da “adecuación ao ambiente das construcións”.

A súa indefinición suporá unha fonte constante de conflitos e de apreciacións subxectivas, á par que se produce na interpretación e aplicación das denominadas “normas de aplicación directa”, sendo unha exigencia fundamental a claridade normativa e a certeza tanto por parte dos poderes públicos como dos operadores socioeconómicos.

O planeamento territorial e urbanístico debe achegar elementos de concreción con conceptos e límites claros, que permitan a aplicación regulada do dereito urbanístico, evitando o recurso constante á interpretación subxectiva das normas.

En comunidades autónomas como Baleares acoutouse o concepto de “barreira da edificación” na propia planificación territorial. Así, en Mallorca establécese como lonxitude máxima de fachada de cada edificio a cifra de 60 metros lineais, co fin de evitar edificios baixos pero demasiado alongados e igualmente impactantes.

Ademais de establecer outros criterios de intensidade de uso, altura e ocupación máxima, “lógrase unha mínima homoxeneidade na regulación da zona, xa que, por exemplo, ningún edificio hoteleiro poderá superar catro plantas en total”<sup>19</sup>. Isto posibilita a harmonización

15 Vid. artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

16 Vid. Artigo 7.2.3.4.j) documento de revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal da Coruña, aprobado definitivamente pola Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia do 25 de febreiro de 2013 (*Boletín Oficial da Provincia da Coruña* n.º 129 do 9 de xullo de 2013).

17 Vid. STS, Sala 3ª, 4-5-2010 (rec. 1607/2006).

18 Cfr. GONZÁLEZ-VARAS IBÁÑEZ, S., *Urbanismo y ordenación del territorio*, Thomsom-Aranzadi, Pamplona, 2007, pp. 721-761.

19 Cfr. BLASCO ESTEVE, A., “La planificación territorial de las zonas turísticas en España”, *Revista de Derecho Urbanístico y Medio Ambiente*, n.º 262, 2010, p. 61. O autor sinala algunhas pautas de integración paisaxística: «(...) os edificios hoteleiros xa non están xuntos, non se “tocan”, sen que entre uns e outros se sitúen todas estas instalacións de que falamos, producindo un efecto de separación entre as respectivas edificacións e situando zonas verdes entre eles, co que rompe o desagradable efecto pantalla que se daba en épocas precedentes».

das edificacións na contorna, debendo o plan que conteña a ordenación detallada ordenar os correspondentes volumes, buscando a súa axeitada integración paisaxística e procurando que os desenvolvementos se efectúen en dirección contraria á costa.

BLASCO ESTEVE<sup>20</sup> refírese á importancia de fixar eses criterios de integración dos volumes na paisaxe: «En canto aos criterios ou regras de integración paisaxística, a súa importancia é esencial no tratamento de calquera zona ou espazo turístico: se a paisaxe é un elemento esencial do territorio e da imaxe que percibe o turista, parece lóxico que o planeamento defina as condicións xerais polas que as edificacións (e demais actuacións con incidencia no solo) se integran e harmonizan coa paisaxe en que se atopan, coa súa contorna».

No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cabe destacar a ausencia da definición legal da “pantalla arquitectónica” no planeamento supramunicipal de Galicia, tanto nas Directrices de Ordenación do Territorio (DOT)<sup>21</sup> como no Plan de Ordenación do Litoral de Galicia (POL)<sup>22</sup>.

A protección da paisaxe relacionada co dominio público marítimo-terrestre non opera só desde a perspectiva da súa “integridade física”, que se garante mediante a técnica do “deslinde”, senón tamén mediante “a preservación das súas características naturais e en particular a dos seus valores paisaxísticos”<sup>23</sup>.

A prohibición do efecto “apantallamento” nas zonas costeiras, ademais do disposto no artigo 104 da Lei 9/2002 de Galicia, trae causa do xa previsto no artigo 30.1º.b da Lei de costas. As DOT reproducen a literalidade do mencionado precepto estatal, ao estableceren: «Na franxa litoral inmediata ao límite interior da ribeira, cunha anchura mínima de 500 metros, as construcións evitarán a formación de pantallas arquitectónicas ou a acumulación de volumes, sen que para estes efectos a densidade de edificación poida ser superior á media do solo urbanizable programado ou apto para urbanizar (ou equivalentes) no termo municipal respectivo»<sup>24</sup>.

Estas determinacións urbanísticas directamente aplicables correspóndense coa “subsunción da protección externa do demanio costeiro no marco da protección do medio ambiente”. As normas de aplicación directa costeiras son consecuencia da “función pública da xestión racional dun recurso precioso ecolóxica, económica, estratéxica e politicamente”, como é o bordo litoral<sup>25</sup>.

20 Cita como exemplo: «o Plan Insular de Ordenación de Gran Canaria contén criterios específicos de integración paisaxística dos volumes construídos, en especial no caso da edificación en ladeira (artigo 217.2), dado o impacto que poden ter os edificios nestes supostos» *Ubidem*, pp. 65-66).

21 Aprobadas polo Decreto da Xunta de Galicia n.º 19/2011, do 10 de febreiro (*Diario Oficial de Galicia* n.º 36, do 22 de febreiro de 2011).

22 Aprobado polo Decreto da Xunta de Galicia n.º 20/2011, do 10 de febreiro (*Diario Oficial de Galicia* n.º 37, do 23 de febreiro de 2011). *Vid.* Disposición sobre Costas.

23 Cfr. MEILÁN GIL, J. L., “Dominio público y protección del litoral. La Ley de costas veinte años después”, *Estudios sobre la ordenación, planificación y gestión del litoral: Hacia un modelo integrado y sostenible*, Sanz Larruga, F. J. (dir.), Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña, 2009, p. 114.

24 *Vid.* aptdo. 6.10.

25 Cfr. DE ASÍS ROIG, A. E., “Policía demanial externa y medio ambiente. Algunas reflexiones sobre la sentencia del Tribunal Constitucional 149/1991, de 4 de julio”, *Revista de Derecho Urbanístico*, n.º 125, 1991, p. 69.

A OCDE<sup>26</sup> considera que a “calidade do litoral” depende da densidade de poboación, das características visuais, do grao de acondicionamento e das posibilidades de acceso do público á costa. Nas rexións costeiras vulnerables, canta menor densidade teña a poboación e menos numerosas sexan as posibilidades de acondicionamento, mellor é a calidade e máis posibilidades teñen os recursos costeiros de seren conservados para as xeracións vindeiras.

O cumprimento do previsto no artigo 30.1.b) da Lei de costas de 1988 (LC) constitúe un parámetro protector do medio ambiente fiscalizable pola Dirección Xeral de Costas na emisión dos informes ao planeamento urbanístico<sup>27</sup>, co fin de comprobar que os cálculos e metodoloxías que utilizan estes instrumentos respectan o contido do citado precepto legal. Pola súa banda, as DOT límitanse a reproducir o citado artigo 30.1.b) LC xa de por si defectuoso e confuso<sup>28</sup>. Tendo en conta o seu carácter de norma regulamentaria, poderían ter aclarado os preceptos considerados escuros ou dificultosos para facilitar a súa aplicación práctica polos operadores urbanísticos<sup>29</sup>, sempre respectando o bloque da constitucionalidade e as competencias estatais en materia de costas aclaradas tras a STC 149/1991, do 4 de xullo.

## 4 Reflexións finais

O que comezou sendo un precepto case poético referido ás “normas de aplicación directa” xa na primeira Lei do solo de 1956 deu lugar na súa aplicación polos tribunais de xustiza a un auténtico “principio xeral do dereito” no novo paradigma constituído polo urbanismo ambiental.

Urbanismo e medio ambiente constitúen dúas realidades actualmente indisolubles, en que a actual Lei 42/2007 de protección da natureza e da biodiversidade lles outorga prevalencia aos valores ambientais, formando parte o principio de integración paisaxística do dereito ao medio ambiente proclamado polo artigo 45 CE.

---

26 Cfr. *Gestión de zonas costeras*, OCDE, Mundiprensa, Madrid, 1995, p. 71.

Considera a OCDE que nas zonas costeiras de forte densidade demográfica é onde a poboación experimentou un crecemento rápido sen planificación nin control; poden ofrecer as vantaxes de que van á par cunha densidade de poboación determinada (infraestruturas comerciais, equipos de tempo libre, por exemplo). Unha situación deste tipo pode, non obstante, ocasionar unha degradación rápida da calidade dos solos e das augas, así como unha desaparición doutras vantaxes (pureza do aire, tranquilidade, calidade das augas costeiras, espazos naturais, atractivo paisaxístico, etc.).

Distínguense dous tipos de infraestruturas: as que favorecen a perennidade, como as redes sumidoiros ben mantidas e explotadas e as que están máis ao servizo dun crecemento rápido que dun desenvolvemento duradeiro, como as redes de estradas moi ramificadas.

27 Á emisión dos citados informes sectoriais en materia de costas refírese o artigo 112 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas.

28 Cfr. MORENO CÁNOVES, A., *Régimen jurídico del litoral*, Tecnos, Madrid, 1990, p. 178. *O autor móstrase crítico coa confusa redacción do artigo 30.1.b) LC:*

«O artigo 30.1.b) da LC, ao establecer que *as construcións deberán adaptarse ao establecido na lexislación urbanística*, convértese en rematado exemplo de norma absolutamente inútil».

«Pode tratarse dun intento de dar satisfacción ás malparadas administracións autonómicas, pero, ademais de inútil, a formulación que criticamos é tecnicamente defectuosa, xa que, en rigor, as construcións terán que adaptarse aos instrumentos de ordenación validamente aprobados de conformidade coa lexislación urbanística. A Lei 22/1988 parece descoñecer que a lexislación urbanística, polo xeral, non establece modelos aos que directamente se teñan que adaptar as construcións».

29 As DOT, ao reproduciren o artigo 30.1.b) da Lei de costas estatal, refírense a dúas categorías de solo non recollidas na vixente lexislación urbanística galega: por unha parte, ao solo “urbanizable programado”, que se identifica tradicionalmente co que ten sinalado prazos para o seu desenvolvemento e execución (sendo o seu equivalente o *solo urbanizable delimitado* segundo o artigo 14.2º.a) da Lei 9/2002 de Galicia) e por outra parte á de “solo apto para urbanizar”, sen reparar en que a esta última clase de solo se lle aplica o réxime do solo “urbanizable non delimitado” por aplicación da disposición transitoria 1ª d) da LOUGA para os municipios con planeamento urbanístico non adaptado a esta última lei.

Os preceptos regulamentarios como as Directrices de Ordenación do Territorio e do Plan de Ordenación do Litoral de Galicia, ben que contribúen activamente a unha mellor ordenación do territorio, nunha posterior reforma acorde co principio de “boa regulación” deberían incidir en aclarar aspectos necesarios para dotar de maior seguridade xurídica os operadores urbanísticos, tales como a definición das “pantallas” ou “barreiras da edificación”, ademais de aclarar que clases de solos urbanizables (residenciais, terciarios, industriais) entran no cómputo da densidade media para evitar a formación daqueles elementos distorsionadores na zona de influencia definida no artigo 30.1.b) da Lei de costas de 1988.

## 5 Bibliografía

BLASCO ESTEVE, A., “La planificación territorial de las zonas turísticas en España”, *Revista de Derecho Urbanístico y Medio Ambiente*, n.º 262, 2010.

BOUAZZA ARIÑO, O., *La planificación territorial en Gran Bretaña*, Civitas, Pamplona, 2009.

DE ASÍS ROIG, A. E., “Policía demanial externa y medio ambiente. Algunas reflexiones sobre la sentencia del Tribunal Constitucional 149/1991, de 4 de julio”, *Revista de Derecho Urbanístico*, n.º 125, 1991.

DE ASÍS ROIG, A. E., *Gestión de zonas costeras*, OCDE, Mundiprensa, Madrid, 1995.

FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, C., *Estética y paisaje urbano*, La Ley, Madrid, 2011.

GONZÁLEZ-VARAS IBÁÑEZ, S., *Urbanismo y ordenación del territorio*, Thomsom-Aranzadi, Pamplona, 2007.

MARTÍNEZ NIETO, A., “La contaminación del paisaje (1)”, *Actualidad Administrativa La Ley*, Ref. XXIII, tomo II, 1998.

MEILÁN GIL, J. L., “Dominio público y protección del litoral. La Ley de costas veinte años después”, Sanz Larruga, F. J. (dir.), *Estudios sobre la ordenación, planificación y gestión del litoral: Hacia un modelo integrado y sostenible*, Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña, 2009.

MORENO CÁNOVES, A., *Régimen jurídico del litoral*, Tecnos, Madrid, 1990.

SÁNCHEZ GOYANES, E., SANTOS DÍEZ, R. e CASTELAO RODRÍGUEZ, J., *Ley del suelo. Comentario sistemático del texto refundido de 2008*, La Ley, Madrid, 2009.

Regap



NOTAS



# Regap

Recensiones

3





## Os parlamentos autonómicos en tempos de crise

Los parlamentos autonómicos  
en tiempos de crisis

The autonomous parliaments  
with times of crisis

51  
Regap

TUDELA ARANDA, JOSÉ (Editor)

*Colección Actas n.º*

Fundación Manuel Giménez Abad de Estudios Parlamentarios y del Estado  
Autonómico, Zaragoza, 2015

regap



RECENSIONES

A obra obxecto de comentario é un fito máis dos relevantes traballos levados a cabo pola Fundación Giménez Abad, cuxo secretario xeral, D. José Tudela Aranda, se encarga de impulsar con notable éxito desde a súa posición profesional de letrado das Cortes de Aragón. Ao proceder á súa recensión, entendo as responsabilidades que no seu momento me transmitiron outros colegas cando de obras miñas se trataba, pois á valía do libro súmase a amizade e consideración que me unen aos seus autores.

Este volume colectivo iníciase co traballo do citado xurista referido ao parlamento autonómico e á calidade da democracia, no que se reflexiona acerca da transcendencia dos parlamentos autonómicos como institucións que personifican a autonomía política das novas figuras constitucionais que integran as comunidades autónomas.

Partindo da valoración case adxectiva que os parlamentos autonómicos tiñan inicialmente respecto das Cortes Xerais, o autor describe a construción dun autónomo dereito parlamentario autonómico para o que reivindica a súa singularidade propia e a súa necesaria reforma dentro da evolución do conxunto do Estado autonómico. Tudela vincula, con razón, a autonomía política e a existencia do parlamento autonómico, dando para iso sobrados argumentos xurídico-constitucionais e destacando a problemática da asimetría constitucional existente entre as comunidades autónomas segundo a súa vía de acceso á autonomía prevista constitucionalmente.

A análise do letrado aragonés vai máis alá dunha consideración descritiva do sistema institucional dos parlamentos das comunidades autónomas, e entra a valorar os concretos subsistemas de partidos que foron aparecendo en cada unha destas coas importantes consecuencias que este mapa dinámico trouxo para a evolución do dereito parlamentario autonómico.

Estas reflexións condúceno a analizar o que el valora como “deriva presidencialista da forma de goberno”, que relaciona cunha valoración positiva da estabilidade do sistema parlamentario no ámbito autonómico. En todo caso, móstrase crítico respecto da posición en que quedou o parlamento autonómico en relación cos intereses dos partidos á hora de axuizar o funcionamento do sistema institucional nas comunidades autónomas e conclúe algo que reflectimos tamén desde o Parlamento de Galicia, que é a erosión paulatina da autonomía parlamentaria que nalgúns casos levou a descoñecer principios básicos do funcionamento das cámaras que estaban admitidos con naturalidade no ámbito das Cortes Xerais. O autor identifica esta debilidade da autonomía parlamentaria como unha debilidade da propia institución e que ten os seus reflexos na dinámica política.

Tudela Aranda incide de novo neste traballo nun dos tópicos que máis estudou ao longo da súa dilatada experiencia profesional, como é o da cada vez máis danada relación entre a lei e o parlamento. Lémbra-nos o clásico debate da crise do parlamento e a crise da lei e conclúe que “ambas as dúas crises interactúan, posto que un parlamento débil non favorece a fortaleza da lei e a debilidade da lei non axuda ao parlamento”.

Respecto da función de control, o autor di que os sinais da súa debilidade son case escandalosos. Compartindo algúns problemas coas Cortes Xerais, valora a debilidade controladora do parlamento autonómico como substantivamente maior, facendo neste caso tamén responsable, entre outras, a erosión que sufriu a autonomía parlamentaria. Ademais, para completar a súa pesimista visión da situación actual, Tudela entende fracasados os intentos normativos de rendibilización da función de control que se levaron a cabo, tales como a creación de oficinas de control orzamentario ou a alianza entre participación e control posibilitando que os cidadáns poidan intervir mediante a presentación de preguntas ou a través do exercicio do dereito de petición.

A conclusión final é crítica. Valora como esenciais os próximos anos no devir dos parlamentos autonómicos, entendendo que só o éxito do Estado autonómico pode garantir tamén o éxito dos legislativos que nel viven e propón, aínda sen dar solucións concretas, que as cámaras autonómicas sexan un espazo privilexiado para o ensaio de novas fórmulas de funcionamento.

O ex-secretario das Cortes Xerais D. Manuel Alba Navarro analiza no volume que nos ocupa as relacións das Cortes Xerais cos parlamentos autonómicos. O autor confesa desde un inicio que a súa análise vai máis alá do enfoque académico para plasmar a súa longa andaina profesional por vivir de primeira man estas relacións institucionais. Confesa que, aínda a inicios de 2015, entende que o réxime constitucional iniciado en 1978 está moi influído polo pasado ditatorial negador de todo tipo de pluralismo e diversidade.

Asemade, valora positivamente o contido do título VIII da Constitución no seu intento de “articular un modelo político descentralizado que recoñece a existencia dun dereito de autogoberno compatible coa unidade do conxunto”.

Manuel Alba defende que existen preceptos constitucionais que obrigan necesariamente a interrelacionarse de xeito asociativo os parlamentos, ben que recoñece que a cooperación pode facerse de moitas maneiras e na práctica a relación entre Cortes Xerais e parlamentos autonómicos demostrou unha verdadeira vontade por parte dos obxectos implicados de levala a bo termo e cun auténtico sentido de “lealdade constitucional”.

O autor defende que o mimetismo lexislativo autonómico, ao tomar como referencia o Regulamento do Congreso dos Deputados para a elaboración do dereito parlamentario autonómico, xerou certa cultura parlamentaria compartida que facilita as relacións interinstitucionais. Ademais, a previsión constitucional de integración no senado dos designados polos parlamentos autonómicos formulando varios problemas aplicativos posibilita tamén a interrelación entre as cámaras estatais e as autonómicas.

Mayor alcance ten, segundo o autor, a posibilidade de que os parlamentos autonómicos demanden a tramitación de proposicións de lei ante o Congreso dos Deputados, vía que se utilizou reiteradamente e que non deixou de suscitar problemas xurídicos e políticos na súa instrumentación.

Pero, sen dúbida, a cuestión máis comprometida e que Alba Navarro entende perfectamente resolta nas relacións entre as Cortes Xerais e os parlamentos autonómicos é a reforma dos estatutos de autonomía. Neste sentido, Manuel Alba lembra que, no noso Estado composto, os estatutos de autonomía son leis orgánicas que forman parte do ordenamento xurídico do Estado e, por iso, deben ser aprobados polas Cortes Xerais mediante lei orgánica. Isto condúceo a afirmarse na idea de que o procedemento de tramitación non pode, en ningún caso, reducirse a un debate de aprobación ou rexeitamento xeral do texto enviado polo parlamento autonómico. A súa visión desde a atalaia do lexislativo estatal lévao a distinguir claramente este procedemento dunha mera validación ao modo previsto para a tramitación en sede parlamentaria dos decretos lei.

Singular valoración merece para el, que naquel momento era letrado maior do Senado, a interrelación parlamentos autonómicos-Cortes Xerais habida con motivo da tramitación da proposta de reforma do estatuto político da Comunidade de Euskadi. Neste caso, o autor detense a reflexionar sobre os criterios de admisión a trámite e cualificación por parte da Mesa á luz da xurisprudencia que o Tribunal Constitucional ditara ata aquel momento.

Finalmente, a constatación de que as relacións institucionais ente os parlamentos están tamén profundamente vinculadas ás que teñan entre si os seus presidentes non lle impide recoñecer os beneficiosos efectos que tivo a coordinación entre os titulares dos postos directivos nas respectivas administracións parlamentarias, o que quizais tamén se plasmou na inexistencia de xuízos entre as cámaras por cuestións competenciais procedementais ou análogas. Coincido co autor na miña entusiasta formulación de votos para que as relacións interparlamentarias en España se manteñan con estes mesmos caracteres durante longo tempo.

Luis Aguiló i Lucia, letrado das Cortes Valencianas, dedica a súa parte do libro a explicar o tema “Lei e función lexislativa no parlamento autonómico”. Parte da relativización que actualmente ten o papel da función lexislativa dentro das cámaras para, non obstante, demandar a mellora do procedemento lexislativo nos parlamentos autonómicos.

REGAP



RECENSIONES

Todos os que gozamos das tarefas parlamentarias nos relatorios lexislativos defendemos, como Aguiló, o seu reforzamento, sobre todo pensando na mellora desa obsesión dos xuristas parlamentarios que é a mellora da técnica lexislativa. Paralelamente, o letrado valenciano preocúpase de comentar globalmente o contido das leis autonómicas, pondo de manifesto unha vez máis o proceso de imitación que se produciu entre as comunidades autónomas. Ademais, recórdanos o profesor Aguiló a progresiva presenza do labor lexislativo gobernamental a través dos decretos lexislativos (como así aconteceu en Galicia) e da figura introducida polas novas xeracións de estatutos de autonomía consistente na incorporación dos decretos leis. O autor é crítico sobre a utilización do decreto lei autonómico e lembra as vías urxentes existentes nos regulamentos parlamentarios autonómicos.

*Os estudos sobre o parlamento e o control parlamentario: unha aproximación desde a ciencia política* é o traballo de Juan Luis Paniagua que explica a evolución da doutrina sobre esa materia nos últimos anos en España.

O autor volve sobre un gran tópic do parlamentarismo español ao tratar de delimitar o concepto do control parlamentario, e para iso analiza o que el denomina tres dimensións do sistema político que afectan á acción parlamentaria e de control, a saber, o modelo parlamentario que deriva da Constitución española de 1978, os tipos de partidos específicos do caso español e, por último, o sistema de partidos que lle serven para recordarnos que ao longo do actual ciclo democrático houbo cinco lexislaturas con gobernos de maioría absoluta e seis con goberno de maioría relativa sustentados en coalicións lexislativas de diverso tipo.

Paniagua preocúpase de comentar as relacións entre o parlamento e o goberno e o control parlamentario. Para iso, acode á clásica obra de King sobre as relacións entre goberno e parlamento nos seus catro escenarios posibles e posteriormente realiza unha análise teolóxica do control parlamentario con ánimo de coñecer o funcionamento e rendemento institucional, ademais de situar a actividade despregada polos actores políticos de acordo cos seus obxectivos e os seus resultados.

O estudo do control parlamentario leva a Paniagua á análise das minorías e á súa relación co exercicio da oposición parlamentaria, entendendo que para iso resultan decisivos desde a perspectiva da ciencia política catro factores: as regras de xogo, o funcionamento do sistema de partidos, a actividade dos grupos parlamentarios e os tipos de oposición parlamentaria a desenvolver. Finalmente, detense o autor en comentar o alcance e límites dos instrumentos de control parlamentario e realizar para iso unha enumeración detallada das figuras existentes nos regulamentos das cámaras que resultará de grande utilidade para calquera persoa que queira realizar unha aproximación fáctica ao sistema parlamentario español.

Unha das máis destacadas plumas do dereito parlamentario español, Esteban Greciet García, daquela letrado da Asemblea de Madrid, ocúpase de comentar o suxestivo tema do parlamento autonómico e a renovación democrática.

Esteban analiza a realidade do parlamentarismo autonómico pondo de manifesto os seus problemas desde a mesma orixe no sistema electoral, e trae a colación as últimas reformas institucionais que tratan de reducir o número de membros das Cámaras. Entre as reformas que espera que se produzan nos regulamentos parlamentarios están as que deban conducir a unha maior transparencia das declaracións de intereses dos seus membros, así como as

que reivindiquen de forma razoable o protagonismo do parlamentarismo individual no debate político.

Greciet reivindica a idea de que “a democracia continúa” para superar os esquemas tradicionais dos períodos de sesións e da distribución dos tempos parlamentarios, aspecto que obviamente influirá na configuración que se lle deba dar a un órgano como a deputación permanente.

Ideas que aparecen citadas noutros capítulos do libro referidas ao procedemento lexislativo e máis xenericamente á potestade lexislativa das cámaras autonómicas son explicadas pormenorizadamente aquí, incidindo especificamente no problema da avaliación lexislativa como punto clave da noción de calidade na esfera dos poderes públicos.

Pero se algún aspecto foi obxecto tradicional de estudo na profusa bibliografía do letrado madrileño é a do control e impulso político nos parlamentos. Deste xeito, Greciet recórdanos a necesidade de reformar as comisións de investigación e as comisións temporais dedicadas ao estudo de materias sectoriais. Ademais, demanda con evidentes evocacións do sistema parlamentarismo anglosaxón a singularización da sesión de control e o establecemento claro dunha cota de iniciativas de orientación política nas cámaras.

Desde unha perspectiva máis institucional, o profesor madrileño propón unha serie de cambios que afectan ao ámbito da transparencia e publicidade política das cámaras autonómicas. Trátase, en definitiva, de converter a publicidade formal e material das asembleas en transparencia, asumindo o que denomina “filosofía da transparencia” que impregnen os principios do parlamento autonómico e máis tarde as normas que o rexen. Nesta orde de cousas, a transparencia parlamentaria que defende o autor debe posibilitar un dereito de acceso á información parlamentaria efectivo que se complete cunha publicación cualificada de toda a información da cámara na súa web. Esteban completa o seu traballo co que denomina “dereito ao parlamento autonómico”, cuxo contido cifra no dereito subxectivo dos cidadáns a acceder á información e documentación que chega á institución para, con iso, situarse en condicións óptimas de mellorar a súa capacidade de participación política directa ou por medio de representantes.

Elviro Aranda Álvarez trata en catro grandes bloques da “calidade democrática e reformas electorais nas comunidades autónomas”. Para iso, parte de analizar os argumentos que se utilizan para presentar propostas de redución de deputados nos parlamentos autonómicos, explicando que estas non teñen que ver tan só coa diminución do gasto público, senón con dous temas de gran contido constitucional: o sistema electoral vixente en cada un dos territorios e as condicións para a organización e funcionamento das respectivas cámaras.

O profesor Aranda entende que as reformas electorais das asembleas das comunidades autoconducen para os efectos contrarios ás que, no seu momento, se contiñan nas recomendacións do Consello de Estado. Ademais, entende que o parlamento ha de seguir sendo a instrución central no sistema autonómico e en ningún caso debe perder esa posición que orixinariamente lle outorgaron os estatutos de autonomía. Remata o seu traballo explicando os problemas concretos da redución do número dos parlamentarios no caso das Cortes de Castela-A Mancha.

Regap



RECENSIONES

José Ignacio Navarro Méndez, letrado do Parlamento de Canarias, e unha das mentes mellor aombladas no referido ao parlamento do século XXI, reflexiona acerca de “parlamentos abertos e transparentes. A aposta polas TIC na vida parlamentaria”. Partindo da pregunta consistente en se a nova cultura participativa é un complemento da clásica democracia representativa ou se pode acabar por converterse no modelo característico das democracias modernas, Navarro inténase no comentario da situación dos parlamentos en tempos que el cualifica de “perda de lexitimidade”. Neste sentido, entende que unha das fronteiras máis esperanzadoras para loitar contra a situación é a utilización intelixente das TIC por parte das asembleas lexislativas para seren máis transparentes, máis próximas aos cidadáns e abertas á súa participación, así como para explicar mellor que fan e por que.

O autor cacereño explica a situación actual da transparencia parlamentaria como evolución do clásico principio de publicidade da actividade das cámaras parlamentarias. A transparencia imponlles unha dobre obriga aos parlamentos: facilitar o acceso polos cidadáns á información dispoñible cando estes a soliciten e exíxelles ademais unha actitude activa, pois de oficio están obrigados a publicitar polos medios con que contén a información relativa ao seu funcionamento e ás actividades que exercen. Esta faceta da transparencia entende Navarro Méndez que non se ve satisfeita co cumprimento das formalidades tradicionais do principio de publicidade parlamentaria.

Os indicadores de transparencia parlamentaria son analizados polo autor partindo do recoñecemento do carácter pioneiro que no seu momento tivo a Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega. Considera a iniciativa levada a cabo por Transparencia Internacional España como moi positiva e valora positivamente tamén a existencia da rede de transparencia lexislativa en Iberoamérica.

Pero o letrado do Parlamento de Canarias non deixa de ofrecernos algúns exemplos destacables de iniciativas para fomentar a transparencia e a participación cidadá na vida parlamentaria. Deste xeito, destaca experiencias do Parlamento de Navarra e de Cataluña e, especialmente, a plataforma cidadá en liña do Parlamento vasco “ADI” (Acheга, Debate, Inflúe). Con esta mesma filosofía destaca a experiencia “lexisla conosco” do Parlamento de Galicia, que valora de modo moi positivo por permitir abrir novas vías de participación que se unen ás que formalmente lles recoñecen aos cidadáns os regulamentos parlamentarios.

José Ignacio reflexiona sobre a comunicación parlamentaria e as redes sociais como ferramentas idóneas de transparencia. Nesta orde de cousas, entende que os medios sociais, como conxunto de ferramentas baseadas en Internet para entrar en contacto con outros suxeitos politicamente activos, son actualmente ferramentas imprescindibles para a comunicación das cámaras cos cidadáns. Opina que os parlamentos autonómicos deben apostar pola profesionalización dos xestores da comunicación parlamentaria para lograr o máximo nivel de penetración e de reciprocidade e hiperactividade na información das cámaras.

As conclusións a que chega o profesor Navarro reafirman a utilidade das tecnoloxías da información para darlles aos cidadáns novas vías de participación para que poidan facer as súas achegas nos procesos parlamentarios tanto de control político do executivo como na elaboración lexislativa.

Atopámonos pois ante un volume colectivo de altísimo nivel e que se vén sumar a outras obras corais que os letrados das cámaras autonómicas publicaron nos últimos anos e que

poñen de manifesto a necesidade dunha reforma reflexiva dos marcos de actuación dos parlamentos autonómicos en tempos de crise.

**Xosé Antón Sarmiento Méndez**

Ltrado maior

Parlamento de Galicia (España)

xose.anton.sarmiento.mendez@parlamentodegalicia.gal

regap



RECENSIONES





## Seguridade pública e constitución

Seguridad pública y constitución

Public safety and constitution

51  
Regap

CASINO RUBIO, MIGUEL  
Ed. Tecnos, Madrid, 2015

Regap



RECENSIONES

A obra *Seguridad pública y constitución* foi galardoada co I Premio Internacional de Investigación "Instituto García Oviedo", que persegue fomentar a investigación e a súa difusión no ámbito do dereito administrativo. Con este premio recompensouse o grande esforzo que levou a cabo o seu autor, Miguel Casino Rubio, para escribir un libro cuxa lectura, máis que necesaria, resulta imprescindible, non só para especialistas na materia, senón tamén para todos aqueles que desexen internarse no significado dos conceptos constitucionais de "orde pública", "seguridade pública" e "seguridade cidadá". Non hai ningunha dúbida de que a seguridade pública ou cidadá, ou a orde pública, representan hoxe en día unha das principais preocupacións cidadás, e por iso a tarefa realizada por CASINO adquire unha importancia capital.

A obra estrutúrase en cinco capítulos. O primeiro deles ocúpase dun dos principais obxectivos perseguidos por esta, que é o de resolver o problema da distribución de competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas, que ten a súa referencia no artigo 149.1.29ª CE e a súa expresión clave na "seguridade pública". Neste sentido, CASINO expresa a necesidade de determinar o que debe entenderse por "seguridade pública" nun Estado descentralizado, xa que a pesar de que o artigo 149.1.29ª CE lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva nesa materia, concédelles ás comunidades autónomas a posibilidade de crear policía na forma que se estableza nos respectivos estatutos no marco do que dispoña unha lei orgánica. Este escenario complicase polo feito de que a CE menciona tamén os termos de "orde pública" e "seguridade cidadá" con aparente confusión e indeterminación, o que dificulta en boa

medida a tarefa de depuración do significado da materia constitucional "*seguridade pública*". Neste contexto, non é estrañar que tanto o lexislador autonómico como o estatal utilicen os mencionados termos sen seguir aparentemente ningunha regra fixa, o cal se reflicte nunha serie de exemplos citados por CASINO no capítulo I da súa obra.

Co fin de indagar no significado destes tres conceptos, CASINO expón no capítulo II algunhas das opinións doutrinarias existentes sobre "*seguridade pública*", "*orde pública*" e "*seguridade cidadá*". Deste xeito, o autor aborda tanto a doutrina administrativa como a constitucionalista, e demostra que a maior parte das obras examinadas só veñen confirmar a confusión dominante, sen botar moita luz á distinción entre os tres conceptos mencionados.

De forma sistemática, e tras estudar as opinións doutrinarias máis relevantes, CASINO dedica o capítulo III da súa obra a examinar o significado que a xurisprudencia do Tribunal Constitucional lle outorga a cada un dos tres termos constitucionais. Neste sentido, pon de manifesto que existen múltiples sentenzas do Tribunal Constitucional sobre o concepto de "*seguridade pública*", nas que o dito tribunal intenta con moito esforzo identificar un criterio que sirva de distinción, entendendo que os corpos e forzas de seguridade se configuran como a pauta máis axeitada de delimitación; así, para o Tribunal Constitucional toda acción ou servizo policial encaixa no artigo 149.1.29 CE, pondo de relevo que outros aspectos e funcións distintas das que lles corresponden aos corpos e forzas de seguridade, e atribuídas a outros órganos e autoridades administrativas, compoñen igualmente aquel concepto. Non obstante, e malia que das sentenzas examinadas poden extraerse afirmacións decisivas e ata declaracións exactas sobre o significado constitucional da materia de "*seguridade pública*", resultan de especial interese as valoracións que o autor realiza acerca do establecido nesas resolucións, xa que plasma de forma concisa e esclarecedora unha serie de consecuencias derivadas de converter os corpos e forzas de seguridade na única vara de medir que non deben ser pasadas por alto.

Unha vez examinada tanto a doutrina como a xurisprudencia constitucional, CASINO intenta levar a cabo unha reconstrución dos conceptos en cuestión. Deste xeito, no capítulo IV, trata de definir e diferenciar a "*seguridade pública*", a "*orde pública*" e a "*seguridade cidadá*", facendo fincapé na importancia de distinguir a policía de seguridade das policías administrativas especiais, xa que as segundas carecen de competencia para o mantemento da seguridade e da orde pública.

Por último, o autor considera necesario facer unha referencia á "*seguridade privada*". Así, no capítulo V do libro deixa constancia de que a seguridade privada é en si mesma seguridade pública, aínda que prestada por suxeitos privados. Considero que a inclusión deste último capítulo é un total acerto, posto que as precisións que nel se consagran lle permiten ao lector obter unha visión global e reforzada do significado da materia de "*seguridade pública*"; deste modo, considero moi oportuno que CASINO incida na idea de que no noso ordenamento só existe un tipo de seguridade: a seguridade pública ou cidadá, cuxa competencia lle corresponde de forma exclusiva ao Estado.

Pódense resaltar innumerables facetas da obra, como os minuciosos extractos que realiza o autor da mellor doutrina administrativa e xurisprudencial, a extraordinaria análise e valoración da xurisprudencia constitucional existente ao respecto, o gran volume de fontes consultadas, ou a clara e comprensible forma en que se trata unha cuestión tan problemática como a exposta. Por todo iso, este libro configúrase, sen dúbida ningunha, como unha

obra de indispensable consulta, e como un inmejorable punto de partida para aqueles que pretendan abordar o significado duns conceptos constitucionais tan importantes como imprecisos e confusos.

**Antía Boo Corral**

Graduada en Dereito

Universidade de Santiago de Compostela (Galicia, España)

antia\_bc@hotmail.com

regap



RECENSIONES